



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 72

Sesión plenaria
22 de maio de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencia

1.1 30968 (10/CPP-000062)

Da Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de economía circular

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

Punto 2. Mocións

2.1 30816 (10/MOC-000088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar as consecuencias no mercado financeiro galego da posible desaparición do Banco Pastor como entidade propia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 9314, publicada no BOPG nº 120, do 31.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 08.05.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

2.2 30847 (10/MOC-000089)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas enfermidades profesionais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 21522, publicada no BOPG nº 229, 19.12.2017, e debatida na sesión plenaria do 08.05.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

2.3 30874 (10/MOC-000090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia urbanística do Regulamento xeral de estradas de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 28982, publicada no BOPG nº 293, do 18.04.2017, e debatida na sesión plenaria do 08.05.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 13046 (10/PNP-001110)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas e accións de recoñecemento para as empresas que colaboran e participan no desenvolvemento da FP

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

3.2 27068 (10/PNP-001918)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e tres deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da consideración de 'proximidade' para a liña ferroviaria atlántica de Galicia, así como a apertura, de xeito paralelo, dun proceso de diálogo para aumentar as frecuencias dos servizos ferroviarios ofertados e rebaixar o prezo dos billetes de tren

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

3.3 29370 (10/PNP-002139)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 25.04.2018

3.4 29758 (10/PNP-002185)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso da sociedade galega aos contidos audiovisuais que distribúen as distintas plataformas en versión orixinal subtitulada en galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

3.5 29964 (10/PNP-002203)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e oito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa construción dunha nova variante para Ribeira, entre a glorieta do final da autovía da Barbanza AG-11 e a estrada DP-7303

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

3.6 30345 (10/PNP-002243)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para promover o uso normal da lingua galega e facilitar o seu coñecemento no ensino infantil, así como nos centros de atención á infancia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 301, do 08.05.2018

3.7 30400 (10/PNP-002251)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e doce deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para salvagardar a asistencia sanitaria prestada polo Centro Galego de Bos Aires, así como o seu patrimonio, a súa obra social e o seu legado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 301, do 08.05.2018

3.8 30468 (10/PNP-002256)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co financiamento das obras de construción do porto exterior de Punta Langosteira e as súas conexións, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación coa devolución polo Goberno central á cidade da Coruña dos peiraos de Calvo Sotelo, Batería e San Diego garantindo o seu destino a fins sociais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 301, do 08.05.2018

Punto 4. Interpelacións**4.1 2127 (10/INT-000085)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Díaz Villoslada, Juan Manuel e cinco deputados/as máis

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia para fomentar o retorno, en plenitude de dereitos, das persoas galegas emigradas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28, do 14.12.2016

4.2 3070 (10/INT-000105)**Grupo Parlamentario de En Marea**

Solla Fernández, Eva

Sobre a situación das urxencias no Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

4.3 30455 (10/INT-001007)**Grupo Parlamentario de En Marea**

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago

Publicación da iniciativa, BOPG nº 302, do 09.05.2018

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**5.1 30960 (10/POPX-000091)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a remisión ao Parlamento de Galicia da auditoría de KPMG que supostamente recomendaba a fusión das caixas de aforros galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

5.2 30961 (10/POPX-000092)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a opinión do Goberno galego referida aos resultados das últimas avaliacións coñecidas respecto do Sistema sanitario público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

5.3 30965 (10/POPX-000093)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre o traslado á cidadanía de información veraz e completa respecto das motivacións da acción de goberno da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

Punto 6. Preguntas ao Goberno**6.1 22800 (10/POP-002750)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para impulsar a participación de Galicia nos asuntos europeos nesta etapa de cambio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

6.2 30909 (10/PUP-000164)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos cambios previstos pola Dirección da CRTVG na programación da Radio Galega a partir do mes de setembro de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

6.3 30952 (10/PUP-000165)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das modificacións que se pretenden introducir na grella de programación da Radio Galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

6.4 26187 (10/POP-003113)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia, na defensa do dereito á vivenda, para afrontar a burbulla do alugamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

6.5 26945 (10/POP-003203)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da inauguración o día 30 de decembro de 2017 das obras de ampliación da ponte de Rande, antes de que estivesen rematadas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

6.6 22975 (10/POP-002758)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do inicio da segunda fase da conversión do aeródromo de Rozas nun centro tecnolóxico e industrial de avións non tripulados, así como as solucións elixidas para as licitacións de mellora dos servizos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

6.7 24019 (10/POP-002908)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis**

Sobre as circunstancias e condicións do traslado desde Bos Aires a Galicia do cadro de Castelao *A derradeira leición do mestre* para a súa exhibición no museo da Cidade da Cultura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

6.8 30121 (10/POP-003531)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da reformulación do Centro Dramático Galego tendo en conta todos os axentes das artes escénicas implicados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

6.9 30149 (10/POP-003535)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio e tres deputados/as máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para non ampliar o prazo de presentación de alegacións en relación coa tramitación do expediente para declarar a Ribeira Sacra como ben de interese cultural, coa categoría de paisaxe cultural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 302, do 09.05.2018

6.10 30959 (10/PUP-000166)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da oferta de prazas en escolas públicas infantís da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro curso 2018-2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de economía circular. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 9.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 22.), *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 25.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx.28.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 33.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx.36.). *Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG)* (Páx. 36.), *a señora Vilán Lorenzo (S)* (Páx.38.), *o señor Sánchez García (EM)* (Páx. 40.), *o señor Trenor López (P)* (Páx. 42.) e *a señora conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 44.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar as consecuencias no mercado financeiro galego da posible desaparición do Banco Pastor como entidade propia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 50.), *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 52.) e *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 55.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 56.)

Moción do G. P. de en Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas enfermidades profesionais. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 57.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 61.), *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 64.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 64.)

Nova intervención da señora Solla Fernández (EM). (Páx. 67.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia urbanística do Regulamento xeral de estradas de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 68.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 69.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 72.) e *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 73.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Torregrosa Sañudo (EM).* (Páx. 75.)

A señora Pierres López (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 76.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar as consecuencias no mercado financeiro galego da posible desaparición do Banco Pastor como entidade propia: *rexeitada por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe de levar a cabo o Goberno galego en relación coas enfermidades profesionais: *rexeitada por 33 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia urbanística do Regulamento xeral de estradas de Galicia: *aprobada por 69 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 78.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas e accións de recoñecemento para as empresas que colaboran e participan no desenvolvemento da FP. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 79.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 79.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 82.) e *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 85.)

O señor Fernández Gil (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 87.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da consideración de «proximidade» para a liña ferroviaria atlántica de Galicia, así como a apertura, de xeito paralelo, dun proceso de diálogo para aumentar as frecuencias dos servizos ferroviarios ofertados e rebaixar o prezo dos billetes de tren. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 89.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 89.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 93.) e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 95.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 98.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 99.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 103.) e *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 106.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 108.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso da sociedade galega aos contidos audiovisuais que distribúen as distintas plataformas en versión orixinal subtitulada en galego. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica que non se presentaron emendas. (Páx. 110.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 110.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 113.), *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 114.) e *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 115.)

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 117.)

Suspéndese a sesión ás cinco e corenta e dous minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Comeza a sesión.

Xustificou a inasistencia ao pleno a deputada dona Magdalena Barahona Martín.

Antes de entrar na orde do día, prégolles que gardemos un minuto de silencio en lembranza de don Carlos López Crespo, deputado do Parlamento de Galicia, o noso compañeiro.

(Os membros da Cámara e da Mesa do Parlamento, así como o público convidado, gardan en pé un minuto de silencio na memoria do deputado Carlos López Crespo.)

Moitas grazas.

(Aplausos de toda a Cámara.)

E agora si entramos na orde do día co primeiro punto, de comparecencias.

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de economía circular

O señor PRESIDENTE: Para formular a súa comparecencia ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moi bo día a todos, señorías.

Acudo hoxe unha vez máis a este parlamento para dar conta da política que dende esta consellería, a Consellería de Medio Ambiente, estamos a desenvolver no eido da economía circular e no eido da xestión eficiente dos residuos. Falarei, polo tanto, do que levamos desenvolvido nesta lexislatura ata o momento e dos pasos tamén que levaremos adiante no futuro, encamiñados á posta en marcha dese modelo.

A aposta firme da Xunta de Galicia é dar ese paso definitivo cara a unha economía circular na nosa comunidade. Un modelo que prioriza o retorno, que prioriza a renovación e o uso eficiente dos recursos. O seu obxectivo é, por unha banda, manter o valor económico dos produtos e dos materiais e dos recursos o máximo tempo posible, e, por outra banda, reducir ao máximo a xeración de residuos, imitando así ese modelo cíclico que ten a natureza, no que os materiais se utilizan para crear un produto que será incorporado de novo ao proceso produtivo.

O futuro pasa por converter os residuos en recursos por dúas razóns fundamentais: a primeira é porque xera beneficios ambientais e sociais, e a segunda é porque é impulsora tamén de novas oportunidades de negocio e, polo tanto, tamén dunha forte fonte de crecemento económico. Queremos superar ese modelo —que xa é caduco— dese esquema lineal de extraer, fabricar, consumir e tirar, e avanzar cara a un modelo que se basea na produción de

bens e servizos de xeito sostible, reducindo o consumo e tamén o tempo, as fontes de enerxía e tamén os desperdicios.

Grazas a este modelo de economía circular, o valor dos produtos e compoñentes mantense o maior tempo dentro da economía, creando valor. Polo tanto, é un modelo que supón a creación de emprego, que promove innovacións, que proporciona vantaxes competitivas e que achega a protección ás persoas e tamén ao medio ambiente. Somos conscientes de que en Galicia este modelo ten un percorrido e un enorme potencial. Europa avanza así con paso firme pola senda da economía circular, polo que Galicia cremos que non debe quedar atrás.

É a propia Unión Europea a que estima no día de hoxe que no Horizonte 2030 o potencial de aforro derivado deste cambio de modelo cara á economía circular é de seiscentos mil millóns de euros. Se trasladamos este número ao noso contexto, é dicir, extrapolándoo á nosa comunidade, a Galicia, representaría en torno a un aforro de dous mil millóns de euros.

Os obxectivos marcados por Europa na xestión dos residuos fixan un 10 % como límite para enviar ao vertedoiro —estamos a falar do ano 2020—, e estamos traballando nesa liña. Actualmente en Galicia estamos preto do 30,6 %, aínda lonxe dese obxectivo que marca a Unión Europea. Pero si que é verdade que está moi por debaixo da media estatal, que está ao redor do 56,8 %; é dicir, o 56,8 % dos residuos envíanse ao vertedoiro no noso país. Achegámonos á media europea dos Vinte e oito, que envían ao redor dun vinte e cinco por cento ao vertedoiro.

En valorización material, é dicir, na reciclaxe e tamén na compostaxe, estamos case no vinte por cento. Unha porcentaxe na que estamos traballando para incrementar dun xeito significativo coas medidas que no día de hoxe xa se están a desenvolver, por exemplo, na planta de Sogama. E imos paso a paso reducindo progresivamente o que enviamos ao vertedoiro, apostando por medidas que incidan na valorización de materiais.

Tendo en conta todas estas vantaxes que supón este novo sistema, a Consellería marcou como reto a aposta por implantar en Galicia este modelo de economía circular. É un traballo que está enmarcado dentro da nosa loita contra o cambio climático e os seus efectos. Xa iniciamos este camiño cara á economía circular e estamos dando pasos importantes. Entre eles, estamos tramitando a que será a estratexia galega de economía circular, que actualmente se atopa en redacción, e tamén estamos ultimando a estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050. Nela fixaremos as liñas de actuación que temos que tomar a máis longo prazo na loita fronte ao cambio climático. E tamén estará centrada en crear unha economía eficiente, sostible e baixa nas emisións de carbono. Co desenvolvemento destas dúas estratexias, o noso obxectivo é impulsar un consumo informado, un consumo responsable e avanzar na implantación da economía circular en Galicia.

Todo este traballo facémolo porque estamos convencidos de que ao mesmo tempo que xera un conxunto de beneficios ambientais e sociais, a economía circular é impulsora de novas oportunidades de negocio e dunha fonte de crecemento económico. E sabemos que este modelo ten un gran percorrido por diante na nosa comunidade e un enorme potencial en moitos ámbitos, como, por exemplo, o campo de residuos da construción e demolición, o campo de

reciclaxe de aceite derivado da hostalaría e dos fogares, na industria produtora de aceiro — un modelo en España no uso de deficientes recursos— e tamén na industria tan próspera en Galicia como é a do téxtil, consumidora de grandes cantidades de recursos.

Todos estes esforzos valéronnos para liderar, xunto con Valencia e Cataluña, o Grupo de traballo de economía circular en fondos europeos da Rede de autoridades ambientais do MAPAMA. Este grupo é o encargado de acordar as posibles vías de financiamento de proxectos ou a instrumentación da economía circular con fondos da Unión Europea. Recentemente, acaba de finalizar a primeira fase deste grupo de traballo, no que Galicia tivo un papel activo e impulsor. As conclusións foron expostas nunha reunión plenaria celebrada en Sevilla, e serán as que senten as bases que hai que incorporar no próximo período de programación de fondos europeos.

Pero o traballo non remata aquí, e agora estase estudando a fórmula para continuar traballando nesta senda. Hoxe mesmo a directora xeral de Calidade Ambiental está en Madrid participando na inauguración do Consello Asesor do Observatorio de Economía Circular. Esta dirección, xunto coa Dirección Xeral de Cambio Climático do Ministerio, asesora o comité, que vai ser o que lidere o Club de Excelencia en Sostenibilidade que analiza o papel público-privado no eido da economía circular.

Co obxectivo fundamental de impulsar a transición de Galicia cara a ese modelo de economía circular, seguindo sempre as recomendacións europeas, fixémonos como meta dotar Galicia da súa propia estratexia circular. E o que queremos é adaptar a proposta de Europa á nosa singularidade, peculiaridade económica, social, natural, produtiva e enerxética; é dicir, facela nosa. E conseguir este ambicioso obxectivo requirirá do compromiso ao longo prazo de todos os estamentos da nosa sociedade, xa que o que buscamos é un cambio de sistema, de forma de pensar e de forma de actuar. E é que a economía circular implica repensar, reducir, rediseñar, reutilizar, reparar, reciclar e recuperar; apostando por ese criterio multiterritorial, cambialo todo, e niso estamos traballando.

Actualmente a que será a estratexia de economía circular de Galicia 2018-2030 está en proceso de redacción. Un traballo que está encargado aos mellores; neste caso un traballo que están a desenvolver actualmente as tres universidades galegas. Estamos avanzando no seu deseño, e traballamos con elas co obxectivo de que esta estratexia sexa unha realidade antes de que remate este ano. Esta estratexia fomentará a eficiencia enerxética e a optimización dos recursos, así como a conservación dos residuos e novas materias primas, co fin de prolongar o ciclo vital dos produtos.

Paralelamente —e como xa dixen—, estamos ultimando a estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, na que estamos a traballar dende o pasado mes de xuño, e coa que Galicia contribuirá aos obxectivos marcados polo Acordo de París. Será o instrumento planificador da nosa comunidade nesta materia, e o seu contido establecerá grandes liñas de acción na loita fronte ao cambio climático, a seguir non só pola Xunta de Galicia. Definirá o noso xeito de producir e de consumir, tendo en conta o compromiso por seguir investindo en enerxías renovables, por seguir apostando pola eficiencia enerxética e por seguir apoiando as tecnoloxías de produción hipocarbónicas. Para a súa elaboración están constituídas xa

seis mesas de traballo centradas na enerxía, en mobilidade, en territorio, en medio mariño, no agrícola-forestal-gandeiro e na biodiversidade, co obxectivo de achegar unha visión multidisciplinar e ofrecer distintas perspectivas sobre este fenómeno. Estas mesas, dende xuño, xa realizaron un intenso traballo, que comeza xa a ver os seus froitos. De feito, mañá mesmo presentaremos os resultados destes grupos de traballo. Estes resultados serán a base do borrador da estratexia, da que contamos ter o documento final tamén antes de que remate o ano.

A estratexia de cambio climático forma parte da que será a estratexia galega de sustentabilidade, que nos permitirá definir o camiño e seguir e marcar pautas para a sociedade, os axentes produtivos e a propia administración. Presentaremos tamén este borrador. E esta estratexia estará centrada en crear unha economía baixa en carbono, eficiente e sustentable no uso dos recursos, con tres focos claramente diferenciados: o primeiro e obrigado, que é a redución do uso do plástico na nosa comunidade, na liña na que xa foi aprobado o real decreto polo Goberno central no pasado Consello de Ministros do día 18 de maio; outra liña é a implantación de boas prácticas sustentables na administración; e o outro eixe será a aposta por unha contratación pública sustentable.

A nosa aposta pola economía circular supón, efectivamente, un cambio integral do modelo actual que coñecemos. E esta renovación debe incluír tamén —porque nós entendemos que é obrigado—, como non pode ser doutro xeito, unha modificación na lexislación actual, que está no día de hoxe pensada para un modelo lineal e non pensada para un modelo de economía circular. E por esta razón estamos a traballar intensamente para dotar Galicia dun novo marco regulatorio en materia de residuos, porque somos conscientes de que é necesario adaptar a lexislación actual ao cambio de modelo que se está a experimentar e que camiña xa indiscutiblemente cara á economía circular. Un sistema que, por outra banda, está chamado a ser o único modelo no futuro posible. E por iso xa rematamos o borrador —que comenzaremos de xeito inmediato a súa tramitación— da que será a nova lei de residuos e solos contaminados de Galicia.

Tamén e inmediatamente despois da aprobación desta nova lei se elaborará o seu regulamento.

A nosa previsión é presentar en breve o anteproxecto desta lei co obxectivo de traela a esta cámara no vindeiro período de sesións. Estamos traballando para que sexa unha lei innovadora, práctica e que se sitúe en liña coas políticas europeas. Un texto que contribuirá tamén ao fomento do emprego, do emprego verde, na nosa comunidade. Este novo texto lexislativo introducirá no seu articulado as principais medidas do paquete de economía circular aprobado na Unión Europea no ano 2015 e fixará novos obxectivos por materiais, incidindo especificamente na prevención e na preparación para a reutilización. De feito, incluírá a creación dunha rede galega para a reutilización, fomentando a intervención de entidades sociais.

Entre as medidas máis novidasas do futuro texto con respecto á lei actual destacan as accións para loitar de forma efectiva contra o desperdicio alimentario, como, por exemplo, impulsar a creación dun pacto social a través dun código de boas prácticas en relación cos excedentes

alimentarios e o seu tratamento; tamén conterà medidas específicas tanto para a hostalaría como para os vendedores minoristas de alimentos; a regulación da venda da menaxe dun só uso —falo de pratos, vasos, coitelos, culleres e garfos de plástico—; ou tamén o fomento do mercado dos residuos valorizados e da compra pública verde innovadora.

Como xa dixen, estamos tomando xa medidas efectivas para implantar este sistema en Galicia. Así, ademais do deseño das estratexias que nos marcarán os pasos a dar e do cambio do marco legislativo actual, estamos xa mesmo realizando actuacións en distintos sectores e sempre orientados á economía circular. Deste xeito, xa traballamos coa hostalaría, cos concellos, con industrias e empresas e coa poboación en xeral.

Pensando especificamente no sector da hostalaría, este ano impulsamos un proxecto piloto para a redución do desperdicio alimentario, impulsando esta cultura entre o sector e a poboación. Foi unha iniciativa para a que contamos co apoio das catro asociacións provinciais da hostalaría de Galicia e na que investimos preto de trescentos mil euros. Grazas a esta colaboración ofrecéuselles aos clientes a posibilidade de levaren a comida non consumida nos locais para o seu aproveitamento posterior nos seus fogares. Así, os galegos que acoden a un local de restauración dos que forman parte desta campaña voluntariamente teñen a opción de levar ás súas casas os restos de alimentos nuns recipientes, de modo que evitemos que se convertan en residuos, porque estímase que cada ano se desperdician no mundo uns mil trescentos millóns de toneladas de alimentos, e ademais estamos a recoñecer a importancia e o carácter do ben prezado que teñen os alimentos. Cómpre destacar que esta iniciativa foi un éxito de implantación e estamos a estudar os seus resultados e as súas posibilidades de volver reeditar estes convenios.

A esta actuación súmase a posta en marcha en febreiro deste ano do proxecto Horeca, realizado en colaboración con Ecoembes e con Ecovidrio, destinado directamente aos locais de hostalaría, restauración e cátering, onde dende Ecoembes e Ecovidrio se fixo un investimento de 450.000 euros nas catro provincias para fomentar a recollida de envases neste sector, cun dobre obxectivo: a formación e información dos profesionais e o aumento das taxas de achega de envases lixeiros e diminución da porcentaxe de impropios. Esta medida consiste basicamente en fomentar que os locais fagan unha separación de envases en orixe e que, por extensión, o cidadán aumente a súa concienciación coa reciclaxe e faga o propio tamén no seu domicilio. No día de hoxe hai 963 locais implantados ao proxecto, unidos a este proxecto en vinte e unha entidades, e o noso obxectivo é intentar acadar os mil locais.

Tamén estamos colaborando activamente cos concellos como a administración máis próxima aos cidadáns; é un dos xeitos que así entendemos nós máis directos de chegar aos cidadáns. Nesta liña de colaboración impulsamos recentemente unha iniciativa novidosa baixo o lema «Únete ao reto», que ten o fin de fomentar a reciclaxe de envases lixeiros nun total agora mesmo de quince concellos, pola vía de concienciación e mediante diversas accións de impacto na rúa, e que ten un orzamento de 380.000 euros. O obxectivo é que en tres meses estes quince concellos participantes melloren polo menos nun dez por cento a porcentaxe das achegas ao contedor amarelo, no mesmo período que había o ano anterior. E para aqueles que o logren recibirán como recompensa 2.000 euros, que terán que destinar a unha causa social que elixan.

Tamén incrementamos a colocación de novos contedores de envase de papel cartón en toda Galicia. De feito, o número total supera os dous mil setecentos contedores de envases e setecentos vinte de papel cartón en localidades das catro provincias, contando así cun orzamento investido nestes contedores de 1,1 millóns de euros.

O impulso que estamos dando á economía circular estámolo levando no eido empresarial tamén. Especificamente, traballamos co sector da construción, coa mirada posta no tratamento dos refugalloos derivados desta actividade. O obxectivo fixado polo Estado para o ano 2020 é que o volume de material procedente da construción sexa o 10 % do volume que se xeraba no ano 2010. E aínda que a nosa comunidade está entre as que menos residuos xeran deste tipo de residuos, é vital que sigamos reducindo o seu volume e minimizando así o impacto medioambiental que ten a actividade da construción. Con esta mesma finalidade desenvolvemos accións orientadas á formación a pé de obra da man da APEC, a Asociación Provincial de Empresarios da Construción. Isto permitiunos sensibilizar sobre a reciclaxe os traballadores deste sector, gran xerador de residuos que son susceptibles de volver incorporarse ao ciclo produtivo, contribuíndo así á economía circular. Os resultados deste traballo foron expostos posteriormente no Congreso sobre Sustentabilidade e Competitividade para o Sector da Construción, o primeiro destas características que foi organizado por este colectivo empresarial.

Nesta liña tamén acabamos de presentar recentemente un estudo sobre a simbiose industrial. Simbiose industrial vencellada neste caso e tomado como exemplo dos polígonos industriais, do polígono de Pocomaco, Sabón e A Grela, na cidade da Coruña. Este informe conclúe que o modelo colaborativo permite expandir as vantaxes económicas ambientais e sociais moito máis alá da esfera da influencia dunha soa empresa. Grazas a este traballo, no que se analizaron sesenta e tres empresas, temos a confirmación de que a simbiose industrial é unha estratexia de negocio que xera importantes vantaxes competitivas, xa que permite o aproveitamento de oportunidades no uso directo de residuos e subprodutos, repartición de enerxía de industria, de servizo ou de infraestruturas. E fixemos este traballo para potenciar este intercambio entre empresas e darlles as ferramentas para que puideran facelo. Asumimos deste xeito o papel de desbloquear a simbiose en Galicia, a simbiose industrial, porque somos conscientes de que moitas veces as empresas non teñen os recursos suficientes para identificar ou mesmo explorar este tipo de oportunidades que lles poden ofrecer empresas situadas en polígonos industriais próximos.

Por último, e non menos importante, estamos levando a cabo un amplo e variado conxunto de actuacións coa mirada posta en incrementar a sensibilización e a concienciación da poboación. Este é, sen dúbida, un dos camiños polos que avanzar para que a sociedade cambie definitivamente cara a un modelo de economía circular. Para incrementar a sensibilización e tamén a concienciación dos galegos e das galegas deseñamos actuacións variadas orientadas a diferentes públicos:

Concretamente, no eido da reciclaxe, presentamos recentemente e da man de Ecovidrio a iniciativa «E ti de quen vés sendo?», que ten como obxectivo sensibilizar sobre a importancia da recuperación do vidro. Esta campaña non é algo illado, pois forma parte dun ambicioso plan de recollida de vidro, que está composto dende actuacións dende este ano ata o

ano 2020. Neste plan Ecovidrio investirá 11 millóns de euros na nosa comunidade e ten por obxectivo incrementar nun 27,5 % a recollida de vidro con respecto ao ano 2015, recuperando así 9.680 toneladas máis para o ano 2020. E para isto é preciso aumentar os puntos de recollida, haberá 2.984 contedores novos para acadar no ano 2020 esa ratio dun contedor por cada 160 habitantes.

Tamén apostamos pola reciclaxe de residuos eléctricos e electrónicos, coa posta en marcha dunha iniciativa que é «O que se enchufa, recíclase». Unha acción de información, de divulgación e de concienciación sobre a correcta xestión deste tipo de residuos, na que xunto coa RAEE estamos a investir 680.000 euros. Esta actuación vai —na mesma liña que os obxectivos da Unión Europea— cara a un novo modelo de economía circular, xa que estes aparellos conteñen materiais de moito valor, que deben ser recuperados, así como residuos, que son perigosos e que deben ser correctamente xestionados. Esta iniciativa esténdese no día de hoxe en cento trinta e oito municipios e conta con setecentas actuacións informativas e coa instalación de máis de mil contedores específicos para aparellos eléctricos.

Nos próximos meses poñeremos en marcha outra iniciativa co mesmo obxectivo de reciclaxe de residuos eléctricos e electrónicos, destinada neste caso aos nenos e ás nenas. E tamén pensamos que os máis pequenos, que son o noso futuro, o vindeiro curso poñerán en marcha actuacións de concienciación orientada á reciclaxe das pilas.

Estas iniciativas súmanse a outras que vimos desenvolvendo nos últimos meses, entre as que destaca «Oportunidades Galicia», que leva percorrendo Galicia sen pausa dende o ano 2012 e que está tendo unha repercusión moi importante. Nela levamos investidos máis de dous millóns de euros, e só o ano pasado conseguimos achegar quince mil persoas a través de máis de mil cincocentas actuacións.

Tamén estamos presentes nas festas gastronómicas, en feiróns e festas a través dunha iniciativa que é «Separar con xeito».

E tamén daremos continuidade á iniciativa «Recicla no Camiño de Santiago», que está centrada na Ruta Portuguesa. O ano pasado tivo un importante éxito no Camiño Norte, con cento corenta albergues adheridos.

Non queremos quedar aquí, imos dar un paso máis alá coas actuacións a prol da economía circular, e o que queremos é mellorar o comportamento ambiental dos galegos e das galegas, e para iso nace outra iniciativa que se chama «Verdear». Unha filosofía que ten como obxectivo que tanto a poboación como os axentes económicos introduzan nas súas actividades habituais boas prácticas ambientais. Para conseguir este obxectivo decidiuse abordar as tarefas de sensibilización e de dinamización por sectores da poboación e por sectores económicos. Adaptando a mensaxe de actividades habituais de cada un dos sectores da poboación a actividades económicas é máis doado —e así o entendemos— que esa mensaxe poida chegar aos seus destinatarios.

E para que as accións de sensibilización sexan eficaces e logren achegar os seus obxectivos é tan importante a mensaxe que se vai transmitir como a forma de transmitila. Así, unha

mensaxe que sexa recibida nun formato atractivo e impactante é máis doado que chegue e permaneza no público ao que vai destinado. Por iso, para unificar a mensaxe que se vai transmitir en cada un dos sectores, creouse unha marca, que é denominada «Verdear». Esta imaxe de marca está destinada a facilitar a difusión das accións de concienciación ambiental, resaltando todas elas cun mesmo fin. A cor verde é a tradicional que se asocia á esperanza, á esperanza dun planeta máis sustentable e un valor que dalgunha maneira temos que inculcar.

Esta acción parte da idea de que todo pode ter e tomar cor verde, que é o verde da sustentabilidade. É unha aposta simbólica a que queremos desenvolver, cunha metodoloxía de traballo que consiste en elaborar manuais de boas prácticas para cada un dos sectores, consiste en contactar cos principais axentes de cada un dos sectores e pola posta en marcha de accións encamiñadas a implementar esas boas prácticas neses sectores. E os sectores escollidos son: as escolas e os colexios, coa «Escola verde», para mellorar a educación ambiental en toda a comunidade educativa; o comercio, co «Comercio verde», co obxectivo de mellorar o comportamento ambiental en Galicia do comercio; «Xoga verde», co fin de reducir as emisións de residuos e ruídos en eventos deportivos que se celebren na nosa comunidade; e «Festivais verdes», para introducir a variable da sustentabilidade dos distintos eventos, festexos e actuacións que se celebran ao longo da xeografía de Galicia.

En definitiva, señorías, como poden ver, a transición cara a unha economía circular ofrece grandes oportunidades para Europa e, por suposto, tamén para Galicia. Estamos ante o reto de modernizar e transformar a nosa economía, movéndoa nunha dirección máis sostible. A economía circular leva aparellado importantes aforros de enerxía, beneficios medioambientais, crea postos de traballo a nivel local e xera novas oportunidades para a integración social.

Cómpre ter en conta que a progresiva implantación deste sistema exige moitos esforzos, de moitas fontes e de moitas direccións. Polo tanto, todos os poderes públicos así como a empresa debemos estar comprometidos. A economía circular debe estar na senda de todos os gobernos; na da Xunta xa está dende hai tempo, e por iso estamos tomando medidas e deseñando un marco normativo máis axeitado a este reto. A economía circular tamén debe estar nas previsións das empresas, ás que animamos a sumarse activamente a este modelo e ás que apoiaremos para que o fagan.

En definitiva, necesitamos da implicación de todos para afrontar unha realidade que queremos que cambie a nosa comunidade, converténdoa nun lugar máis sostible e responsable tanto dende o punto de vista medioambiental como social.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Señora conselleira, teño que confesar que estou absolutamente impresionado, non saio do asombro polo atrevemento que ten de vir aquí comparecer sobre a nada, sobre o baleiro, sobre o fume, porque basicamente veu aquí vender fume, fume embotellado e fume que, desde logo, non é moi limpo. Esta podemos chamarlle unha «comparecencia simulacro», porque o que nos veu falar aquí é precisamente da ausencia dunha estratexia galega da economía circular, da economía circular e do cambio climático. Porque de momento, mire, noutras comparecencias polo menos aínda viñan con *PowerPoint*, pero vostede nin iso. Non temos nin un só documento do Goberno galego que fale desta cuestión, unicamente temos notas de prensa, temos anuncios e temos si programas piloto. Vostede veunos falar aquí de programas piloto, ademais cunha visión absolutamente reduccionista e pobre do concepto da economía circular. Porque vostede veunos falar case exclusivamente dunha parte desta materia, que é a xestión dos residuos. Esa frase que lle gusta tanto da «conversión dos residuos en recursos». E púxonos aquí algúns exemplos dos programas piloto que están facendo, pero realmente o que nos veu dicir aquí é que non hai unha estratexia propia, non hai unha folla de ruta, non hai unha axenda política propia do Goberno galego nesta cuestión.

Entón, isto substitúese pola cosmética, substitúese polo decorado, e cun discurso absolutamente oco, cheo de lugares comúns, cheo de vaguidades, con esa auténtica fraude das palabras que queren substituír a realidade. Porque, claro, queda ben pór no discurso «sustentable» —iso mola moito, ¿non?—, pór «economía verde», «economía azul», «estratexia multiterritorio», «economía circular», «innovación» e agora «verdear», claro, todo o que sexa verde pois estupendamente. Pero, nas súas políticas, vemos máis gris, vemos máis negros e vemos máis marróns que verdes, realmente.

E o verdadeiro problema non é que non haxa unha estratexia, o problema é que o que están facendo na práctica coas súas políticas vai radicalmente en contra das previsións e dos plans de accións previstos pola Unión Europea a respecto da economía circular, e temos —falaremos diso despois— múltiples exemplos disto.

Xa, para empezar, teríamos que pór algunhas prevencións a respecto do que significa isto do discurso da «economía circular», que tamén ten unha parte de discurso fraudulento. Porque, claro, a economía circular implica todas as partes do proceso, desde a xeración de recursos de materias primas á produción e logo ao consumo e á xestión dos recursos producidos polo consumo, pero hai que intervenir en todas as fases do proceso. Entón, isto parece máis ben unha operación tamén cosmética e de decorado para —digamos— facer aquilo que dicía Sarkozy: hai que reinventar o capitalismo. Desde logo, é un modelo absolutamente insostible porque os recursos son limitados, porque o aumento da poboación coas perspectivas que hai de incremento demográfico para 2050 suporían que necesitaríamos tres planetas para alimentar. Ben, e sen ter en conta a repartición absolutamente desigual da riqueza e a dificultade que teñen dous terzos da poboación para acceder aos recursos básicos, pois suporía dispor de tres planetas. Entón, claro, como isto é inviable, pois hai que cambiar o modelo, o sistema. Pero realmente aquí a base da cuestión é que o capitalismo é un modelo económico que se basea na explotación dos recursos, na devastación, no sufrimento, na de-

sigualdade e tamén no consumo exacerbado de produtos e de bens, que, desde logo, despois si que hai que buscar estratexias para eliminalos, para recuperalos, para reciclados, para facer con eles non sei que.

Pero se non atacamos todas as fases do proceso, se non atacamos as bases mesmas do capitalismo e se non buscamos un modelo alternativo, que ten que pasar pola redución do consumo, tamén polo decrecemento económico, polo consumo de proximidade, por todas estas cuestións, pois, desde logo, non imos atacar as bases mesmas do problema, que é unha ameaza xigantesca para o futuro do planeta, para o futuro da humanidade, e tamén para a xustiza, para a equidade social e para unha vida máis digna para moita xente, que neste sistema está absolutamente excluída, está condenada á miseria e á morte. Polo tanto, falemos claro e falemos do que supón todo isto.

Pois, neste marco, a nós parécenos ben que a Unión Europea intente liderar —ou non nos parece mal polo menos— a necesidade de cambiar este sistema, que é absolutamente inviable, e que lance este discurso da sustentabilidade da economía circular, da economía verde e da loita contra o cambio climático. Pensamos ademais que Europa debe lideralo. E por iso ese plan de acción que se presentou xa —recórdolle— no ano 2015, e pasaron case tres anos, e houbo tempo para facer máis cousas que uns cantos proxectos pilotos, señora conselleira.

E tamén lle recordo que hai un borrador de estratexia española sobre economía circular, que vostede nin sequera mencionou aquí. Non está aprobado, pero houbo tempo xa tamén para acompañar o proceso de redacción da estratexia e para ter algo feito en Galiza que marcara unha dirección, un rumbo e medidas concretas de carácter global para ter unha estratexia propia.

E recórdolle que hai países que xa teñen estratexias aprobadas en desenvolvemento, como poden ser, por exemplo, Holanda ou Finlandia, ou, mire, non só países, senón territorios que non están recoñecidos como estados, como Escocia ou como Cataluña —que tanto lles gusta a vostedes Cataluña, intervir en Cataluña, por suposto—, pois que tamén teñen unha Estratexia de economía verde circular xa desde o ano 2015. Lévanlle moito adiante. Polo tanto, póñanse as pilas, reciclen as pilas e póñanse a traballar porque, realmente, vostede o que nos dixo aquí é que non fixeron nada.

O que si fan é moito autobombo; isto é verdade, son os campións do autobombo. Mire, vuller ler unhas notas de prensa:

«Galiza sitúase á vangarda española e europea en canto ao asentamento de políticas que permitan maximizar os recursos dispoñibles co obxectivo de que se manteñan durante máis tempo no ciclo produtivo e reducir desta forma a xeración de residuos». Á vangarda europea, española. ¡Mi ma...!

«A Xunta defende en Zamora a súa estratexia de economía circular como un modelo sustentable». Pero, ¿que estratexia? Non hai estratexia; acaba de dicilo vostede aquí, que a van facer. Por certo, este ano van facer a hostia de cousas. Claro, vostede xa está no tempo de desconto, está nesa carreira xa para presentarse na Coruña, e debe querer deixar aquí un

mínimo de balance, polo menos de borradores, porque do que nos falou aquí é de borradores, de borradores, de borradores. Este ano van facer un montón de borradores: borradores de leis, borradores de estratexias; todos para finais de ano. Non sei, ¿a ver que vemos nese prazo? Esperaremos a finais de ano para poder debater, para poder discutir.

Pero o que nos parece unha falta de respecto, señora conselleira, é que vostede veña aquí a un debate sen traer sequera, sen presentar publicamente previamente un documento, aínda que fose un borrador de estratexia sobre o que poidamos discutir, e vir aquí presentarnos os lugares comúns, vaguidades e proxectos pilotos. Isto non é serio e non é respectuoso cos grupos da oposición, non é respectuoso.

Mire, vostede tivo ademais o atrevemento de ir nada máis e nada menos que á Cátedra Gas Natural Fenosa o 3-11-2017 —antes de vir a este parlamento, por certo— falar de que estaban elaborando —isto foi xa hai uns meses, en novembro de 2017— unha estratexia galega de cambio climático, unha estratexia galega de sostibilidade. Por certo, dixo alí que ía haber un borrador desta estratexia galega da sostibilidade no primeiro semestre do 2018 —vostede, o dos anuncios, o dos prazos e dos semestres, agora xa nos dixo aquí que ía ser para final de ano; ben, todo vale; todo vale, anunciar unha cousa, despois cambiar os prazos— e que tamén se está a tramitar a estratexia galega de economía circular.

E vostede tivo alí ademais o atrevemento de pór Sogama como modelo e como exemplo de economía circular, ¡que xa lle vale! Xa lle vale co que está dicindo Europa a respecto do tratamento dos residuos, que está incrementando as exixencias da recuperación e reciclaxe con vistas tanto ao 2020, que vostedes xa non van cumprir, porque non van cumprir o obxectivo do 50 %, como tampouco cara ao 2035, que prevé un obxectivo do 65 % para os residuos urbanos. Vostedes non cumpren esas previsións co modelo de Sogama, que é un modelo que lles interesa só aos da cátedra onde vostede foi falar, a Gas Natural e Fenosa. *(Aplausos.)* Eses son os beneficiarios de Sogama. Ese si que é un exemplo de economía circular, señora conselleira, porque Gas Natural subministra o combustible para secar e para queimar os residuos, a maior parte deles residuos orgánicos, que proceden das cidades e que non se compostan. Vostede non falou nada aquí de compostaxe, por exemplo, que é a fracción máis importante dos residuos sólidos urbanos. Iso si que é unha aposta decidida polo aproveitamento dos residuos, e temos exemplos en Galiza, que poderían tomar nota e aproveitalos, e polo menos falar, dialogar sobre eles; non falou diso.

Polo tanto, Sogama é o exemplo perfecto. E Sogama é a antítese da economía circular, Sogama é un modelo absolutamente inviable, custoso economicamente, no que vostedes están nunha fuxida cara a adiante con ese macrocontrato de case quiñentos millóns de euros para poder procesar, tratar e queimar todo o lixo que se produza en Galiza, que iso é algo absolutamente, desde logo, inasumible.

Polo tanto, aquí faise o contrario do que se di. Despois na segunda intervención teremos máis tempo de falar de cuestións das que vostedes non falou. Por exemplo, das materias primas e dos recursos, co modelo, por exemplo, de megaminería, que vai en contra absolutamente da economía circular, de espolio de recursos, de impactos negativos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Tampouco falou vostede do consumo e de modelos de consumo sustentable, porque o modelo que promoven vostedes é o das grandes superficies comerciais. Non falou da política sectorial da auga, que é un dos grandes obxectivos da estratexia de economía circular española, por exemplo. ¿Que se prevé facer con respecto á reutilización da auga? E xa non lle vou preguntar polo Pacto local da auga, porque levamos máis de cinco anos falando diso e non se avanzou nada. Tampouco falou —xa lle digo— da compostaxe, que vostedes máis que dun plan piloto non fan nada sobre a materia, e hai, desde logo, experiencias ambiciosas e pioneiras en Galiza. Non falou da biomasa forestal. Non falou tampouco da fiscalidade, que é outro instrumento fundamental para levar a cabo políticas eficaces de economía circular.

Conselleira, lamento dicirlle que vostede veu aquí vender fume. E no BNG non lle compramos fume. Non lle compramos fume porque é fume cheirento e contaminante, o fume de Sogama e de Ence, que son auténticos monstros dun modelo económico ambiental destrutivo, devastador, antiecolóxico, atrasado e do pasado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día a todo o mundo. Bo día, conselleira.

A súa intervención de hoxe chámase oficialmente «Comparecencia da señora conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de economía circular». E, efectivamente, parece que isto vai de círculos, en concreto vai de tres círculos:

Ese círculo, esa roda de conselleiros que vostedes utilizan para vir cada pleno un; fan unha roda e desta volta tocoulle a vostede. E como non podía vir aquí falar da estratexia contra o cambio climático, porque non a teñen feita, porque vai ser difícil que antes de que vostede desembarque na Coruña, no concello, lle dea tempo de terminala, pois vén falar doutra estratexia, vén falar da estratexia do círculo.

Hai un segundo círculo, que quizais é o seu propio *curriculum vitae*, conselleira. Vostede estivo no Igape, foi delegada provincial da Consellería de Pesca, foi deputada, conselleira de Traballo e Benestar, conselleira de Medio Ambiente agora mesmo e, segundo esa enquisa de sondaxe do domingo, quizais pase a ser vostede concelleira no Concello da Coruña. Din os economistas que a economía circular supón reducir a entrada de materiais e a produción de refugallos que son virxes, para a súa reutilización. E, quizais, vostede, conselleira, é o exemplo de reutilización en política por parte do seu partido político. (*Aplausos.*)

E aínda hai outro círculo, un terceiro círculo, que é a economía circular de Eduardo Zaplana: coller os cartos, sacalos do país, levalos a Suíza; coller os cartos de Suíza, levalos a outro sitio —presuntamente—, pero darlles voltas. Pero ese non é o noso modelo de economía circular, nin o modelo de economía circular que ten a Unión Europea, conselleira.

Vostede vén aquí tarde, moi tarde. No ano 2011, hai sete anos, case oito, a Comisión Europea propoñía xa un marco para o uso eficiente dos recursos, e falaba de economía circular. No ano 2013, esas ideas principais do marco desenvolvíanse no sétimo Programa de acción en materia de medio ambiente. E en 2014, a Comisión comunicaba ao Parlamento e ao Consello un programa de cero residuos baseado na economía circular. Polo tanto, como mínimo, vostede vén catro anos tarde a este parlamento. E non nos queda moito tempo, porque no ano 2025 debemos evitar a vertedura de todos os residuos reciclables, e no ano 2030 deberíamos acadar a eliminación de todos os vertedoiros. Iso é o que nos di Europa. E nós estamos, como mínimo, catro anos atrás.

Vostede veu aquí facer anuncios. Falounos desa coordinación xunto a Cataluña e Valencia. ¡Uf!, a verdade é que hoxe non é o día indicado para que vostede sacase Valencia a pasear. (*Aplausos.*) Veu falar dese grupo de traballo de economía circular e fondos europeos, pero é que neste documento do ano 2014, na súa páxina 12, di que se poderán utilizar fondos europeos para apoiar os esforzos dos estados. E vostedes veñen catro anos máis tarde dicindo que son os líderes dun grupo de traballo que foi a Sevilla presentar as súas conclusións. E estaría ben que viñese vostede hoxe ao Parlamento falar das conclusións dese grupo de traballo, que ao mellor tiña moito máis contido que o que nos contou totalmente baleiro de todo hai escasamente quince minutos, conselleira. Esa coordinación, ao final, chegou tarde, e quizais parece un círculo bastante deforme. Unha elipse, conselleira, non é un círculo.

Vostede fixo anuncios, pero xa os fixo en febreiro; o mesmo que nos conta aquí fíxoo vostede en febreiro, na Coruña. A súa directora xeral de Calidade Ambiental fíxoos en marzo; onte mesmo tamén. E vostede vén aquí, e non hai ningún documento, salvo ese documento de traballo aparentemente. Pero vostede aquí non o trae, nin o poñen na páxina da Conselleira.

E din que introducen a economía circular no debate. ¡Home!, cando a Unión Europea xa no ano 2011 falaba de economía circular, introducir, introducir non introducen demasiado.

E din que revisarán as propostas lexislativas sobre a xestión de residuos. Conselleira, vostede dixo antes que van incrementar os niveis de compostaxe a través de Sogama. ¿Como se van incrementar os niveis de compostaxe a través de Sogama se a planta de compostaxe está sen facer en Sogama? É imposible incrementar en Sogama, será noutros sitios, pero en Sogama seguro que non.

Din tamén que xa se pode colaborar en medidas como a redución de bolsas dun só uso. Vostede pasou moi por riba dos plásticos e da utilización de bolsas. Dixo que estaba de acordo co real decreto que o sábado se publicaba no BOE. Pero é que ese real decreto reduce e imposibilita o autogoberno da nosa comunidade autónoma, limita as nosas competencias en fiscalidade, conselleira. O único que fai é darlles aos comerciantes a posibilidade de aplicar

para eles mesmos unha suba polo uso de bolsas reciclables. E acabouse, dan as bolsas reciclables e elimínanse as non reciclables, cun prezo de entre 5 e 15 céntimos. Pero non hai a posibilidade, porque vostede xa a desbotou. Dixo que ían seguir nesa liña, de que sexa Galicia quen lidere un imposto específico sobre bolsas de plástico, cunha campaña de sensibilización. Vostede pasou absolutamente por riba desa cuestión.

E dixo aquí tamén que está en dous retos: a loita contra o cambio climático e a loita contra a redución e reutilización dos residuos. ¡Fíxese como será ese borrador de estratexia de loita contra o cambio climático que hai escasamente quince días na Coruña se plantexou por parte dun grupo especialista en contaminación luminosa e lumínica na nosa comunidade autónoma a posibilidade de traballar nesa liña, e de vostedes, Goberno, non sabían nada! Andalucía hai máis de sete anos que está traballando en contaminación lumínica. Vostedes nin sequera saben que existía un grupo que traballa en contaminación lumínica, conselleira. ¿Como vai loitar vostede contra o cambio climático se hai unha pata dese cambio climático que vostede nin sequera coñece, e o seu equipo tampouco? Difícil, difícil.

Os datos de Ecoembes —informe anual— son os seguintes: España falla en economía circular —di Ecoembes—. Na Unión Europea reaproveitouse un 36 % dos residuos xerados no ano 2014, en Galicia o ano pasado un 21,3 %. Foi ao contedor amarelo o ano pasado un 10,5 % en Galicia, en España un 14 %. Foi ao contedor azul o ano pasado un 12,9 % en Galicia, en España un 16,1 %. E España, segundo Ecoembes, está suspensa. Conselleira, a media do Estado en impropios é dun 29,2 %, en Galicia superamos o 30 %. Estes datos son malos, son moi malos, conselleira.

Non se pode presumir con estes datos, nin mentir, que foi o que fixo onte a súa directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, dicindo ademais que no conxunto da comunidade avanzamos porque reciclamos un 2 % máis no 2017 que no 2016, pero é que en España foi un 3,41 % máis. Polo tanto, estamos por debaixo. E dixo tamén que practicamente o cen por cento da poboación tiña acceso á recollida selectiva. ¡Home!, no rural é ben difícil. Vostedes non van demasiado por alí, porque eu non vexo demasiados contedores de recollida selectiva no rural; nós, polo menos, non os vemos.

Conselleira, vostede non pode estar contenta con estes datos. Se partimos dun 21,3 % do ano 2017 en reciclaxe, ¿como chegaremos ou, sobre todo, cando chegaremos ao 65 % que nos exige Bruxelas para o ano 2035? Estamos en negativo, conselleira.

Canarias, que era unha das comunidades que menos reciclaba, está xa nun 37,1 %, nós nun 21,3 %. Estamos na táboa por abaixo. E di Ecoembes por que ocorre isto. Por dúas cuestións: por aplicación das leis —e esa é a súa competencia— e pola desigual dotación de contedores —e tamén é indirectamente a súa competencia—. Polo tanto, algo terá que ver vostede.

Esa estratexia de economía circular que se está a facer no Estado para 2018-2020 —estamos case na metade de 2018 e aínda non existe— plantexa seis retos: reutilización de augas, harmonización fiscal, residuos de construción e demolición, lixo mariño, obsolescencia e residuos alimentarios. Vostede só falou de dous, os outros catro para vostede non existen, fundamentalmente porque no fixeron nada.

As augas non se reutilizan na nosa comunidade, nin vostedes potenciaron nada. En ningún momento falan vostedes de incrementar os impostos polo aproveitamento da auga encorada ou a contaminación atmosférica. Eses impostos levan conxelados anos.

Non implementan novos impostos á telefonía, por exemplo, que inciden no medio ambiente, ou ao transporte de enerxía eléctrica. Non se atreven.

O lixo mariño, os plásticos, vostede pasou moi por riba. Poderían poñer vostedes puntos de recollida de residuos nos portos. O lixo vai ao mar, polo tanto, é lixo no mar fundamentalmente. Pois poderíase recoller. Na estratexia estatal existe esa posibilidade, esa opción, esa medida. Colóquena tamén vostedes en Galicia.

A obsolescencia e alongar a vida útil dos produtos, vostede nin o mencionou. E iso que esas bombillas led son ben famosas; ata as temos aquí no Parlamento, pois cambiámolas escasamente hai un ano.

E falou vostede dos residuos alimentarios, dicindo que teñen en marcha un proxecto piloto cunha cantidade de 300.000 euros. Conselleira, de verdade, dos outros catro retos non sabemos. Estaría ben...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—remato xa— estaría ben que vostede fose a Sevilla para que lle contasen algo deses seis retos que se plantexan na primeira estratexia de loita contra o cambio climático e na primeira estratexia de economía circular, porque estamos en negativo e imos moi mal, conselleira.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas. Bos días, señora conselleira, e moitas grazas polo borrador de comparecencia que acaba de facernos.

Xa se puxeron aquí exemplos de economía circular, como o do señor Zaplana, que adxudicaba obras e retornaban comisións. Condenado, sorprendentemente —un caso illado máis de corrupción no Partido Popular, un ministro máis do gabinete do señor Aznar—, por branqueo de capitais, cohecho, prevaricación e malversación. Para min é unha gran sorpresa, sobre todo vindo dun home que a finais dos noventa xa dicía aquilo de: «*Yo vine aquí para forrarme —a la política—*». Non tivo validez xudicial esa proba, pero dicir dicíao. Unha sorpresa máis.

Ben, outro exemplo de economía circular, señora conselleira, podería ser que se lle devolvan os terreos do porto á cidade da Coruña, xa que algún día a cidade da Coruña os cedeu para un servizo público, que era o porto da Coruña. E, señora conselleira, xa podía explicar tamén

por que vostede votou a favor no Consello de Administración da Autoridade Portuaria da privatización dos terreos da Solana. Xa que vai ser candidata polo Partido Popular á alcaldía da Coruña, podería explicarlles aos coruñeses e coruñesas por que vostede votou a favor do negocio que os terreos que algún día a cidade da Coruña pois cedeu. Calquera lugar é bo para explicar esas cuestións, conselleira.

Ben, despois eu incido no que xa dixeron os compañeiros. É unha falta de respecto este tipo de comparecencias, sobre todo cando vostede anunciou aquí... —aquí hai un tornillo, non sei se o perdeu alguén, pero déixoo por aquí. (*O señor Sánchez García deposita encol da tribuna da Presidencia un obxecto.*) (*Risos.*) Foi unha casualidade. Puido ser calquera, seguramente sexa meu, pero... (*Risos.*)— Vostede anunciou que mañá se van facer públicos uns documentos dos grupos sectoriais de traballo, non sei se se refería á estratexia galega de loita contra o cambio climático, etc. ¿Por que vostedes non teñen o suficiente respecto por esta cámara de agardar a que haxa algún resultado tanxible para vir aquí facer unha comparecencia e que poidamos falar sobre eses resultados? ¿Por que utilizan isto como un anuncio publicitario do que vai pasar mañá fóra destas paredes do Parlamento? Unha falta de respecto máis.

E outra falta de respecto é vir con literatura nada máis. A literatura, sobre todo se non é boa, ten que vir acompañada de feitos. Se vostede vén aquí falar de literatura da economía circular, deberá de ter claro que o primeiro que di alguén que fala de economía circular é que ten que haber unha concepción integral dos gobernos se queremos reducir o consumo de materiais e de recursos, que son limitados.

Se vostede viñera aquí dar un discurso cunha concepción integral do seu goberno, tería que falar do sistema de residuos que vostedes escolleron dende hai anos, dende que gobernan neste país, que é o sistema ou modelo Sogama. Debería de falar do Plan de transporte público de Galicia e de como esta concepción da redución de consumo de recursos pois vai influír no deseño dese Plan de transporte público de Galicia. Non, está completamente desligado do seu discurso. Vostede vén aquí dicir de quen vén sendo, a que se imos a un restaurante e pedimos unha bolsiña co que nos sobra... Iso está ben, pero é unha parte anecdótica se imos realmente facer unha análise de onde consome recursos este país.

Tería que falar de transporte, tería que falar de urbanismo, de que Lei do solo fixeron vostedes. Evidentemente, se vostedes tiveran unha concepción integral do que é a economía circular, pois dirían que imos facer unhas leis do solo que non consuman máis solo, que tamén é un recurso non renovable, que recuperan o xa construído, etc. E vostedes o que fixeron durante estes anos foi Sanxenxos, Barreiros e toda a clase de urbanismo que precisamente é depredador de recursos: enerxéticos, de solo, etc., e que ademais nos organiza como país dun xeito que temos que consumir moitos recursos para levar unha vida normal. Témonos que desprazar porque non hai unha concepción de onde situamos os servizos, non hai ordenación do territorio. Vostede non falou de ordenación do territorio, de como en moitas zonas se teñen que desprazar quilómetros e quilómetros para ter servizos.

Polo tanto, en todas as súas accións de goberno non hai esta concepción detrás, nin de loita contra o cambio climático, nin de economía circular, nin nada. E, como xa se dixo aquí, vostede en cambio vén aquí facer cosmética, facer publicidade baleira, etc.

Tería que falar, por exemplo, de minería. Claro, vostede vén aquí e anuncia borradores, e con nomes de campañas que teñen unha gran creatividade. Pero xa se lle esgotan tantas campañas. Tería que falar de minería. Tería que falar de que hai pouco se aprobou a Lei de depredación, a Lei de fomento de iniciativas empresariais, que lle daba, por exemplo, ao sector mineiro aínda máis manga ancha para seguir cunha actividade sen nin sequera modular a eficacia desa actividade. É dicir, se temos unha actividade que é gran consumidora de recursos, tanto minerais como de auga, polo menos, debería de haber algunha directriz para reducir o consumo, para aumentar a eficiencia na extracción dos minerais. Cousa que, ademais, no sector louseiro é unha das características que o diferencian doutros países produtores de lousa. É dicir, a ineficiencia na extracción de minerais. Isto é: necesitan consumir moitos máis recursos para acadar o produto. Nada dixo vostede diso. Nada dixo do que teñen pensado facer con esta Lei de fomento de iniciativas empresariais de cara a darlle moito máis dinamismo a esta actividade mineira actual, que é contaminante e consumidora de recursos. Son cousas importantes.

Porque ademais temos a sensación, señora conselleira, de que realmente o conselleiro aquí de descontrol ambiental é o señor Tahoces, temos esa sensación. Porque nos gustaría saber que fixo vostede no seu departamento para controlar os desmáns da actividade contaminante dalgunhas empresas mineiras. ¿Que fixo vostede con respecto á mina de Touro, abandonada en 1988, que contaminou todos os acuíferos e regatos do contorno durante os últimos anos? ¿Que fixo vostede nas minas de San Fins? ¿Que fixo vostede, en definitiva, para tratar de controlar esa actividade que contamina e que ademais reduce os recursos?

Podería falar vostede de que políticas van implementar dentro desta concepción de economía circular na agricultura. A agricultura é outro dos grandes consumidores de recursos, señora conselleira. Galicia importa todos os anos uns novecentos millóns de alimentos que veñen de América, de Asia, etc. Bueno, pois se son novecentos millóns de euros creo que algo haberá que ter pensado, ¿non? Pois ao mellor habería que pensar que en vez de reducir a superficie agraria útil, como se está reducindo nos últimos anos, pois habería que ver como producimos aquí eses alimentos para a gandería, localizalos aquí dun xeito moito máis sostible. Non pasa nada, vostede non dixo nada diso.

Debería de falar das térmicas. Se están facendo unha estratexia de loita contra o cambio climático, aquelas dúas centrais que emiten un terzo entre as dúas dos gases de efecto invernadoiro deste país, para vostede non merecen nin un segundo da súa comparecencia. ¿Vai haber algunha directriz nesa estratexia de loita contra o cambio climático?

Na industria, as plantas de biomasa que vostedes están autorizando, 50 megavatios, ¿son sostibles desde un punto de vista de consumo de recursos? ¿É sostible que unha planta de biomasa situada en Curtis faga que teña que consumir cen mil hectáreas de eucalipto para o seu funcionamento? ¿Ou sería máis útil ter unhas plantas descentralizadas que funcionasen con base nos residuos da actividade forestal? Etcétera, etcétera, etcétera.

Os grandes temas vostede pasou de nin sequera nomealos. Porque, realmente, vostedes nin teñen concepción integral, nin apostan pola economía circular nin pola sostibilidade, porque de ser así terían unha acción de goberno completamente diferente.

E, por último, Sogama. ¿De onde saca os datos vostede? ¿A quen quere enganar? A última memoria presentada por Sogama di que reciclou o 3 %. Si, señor, ¡está aquí! «O índice total de reciclaxe, toneladas recicladas dividido entre toneladas xestionadas, é do 0,0332». Iso é o que reciclan vostedes. Vostede veu aquí falar de que levan menos toneladas para o vertedoiro porque hai tamén vertedoiros en B, que en vez de verterse en Areosa se están vertendo, por exemplo, en Grixoa, en Trazo ou noutros lugares; estanse vertendo aí sen control. Si, señora conselleira.

E, ademais, ¿por que se incinera máis? Bateuse un récord de incineración: 583.000 toneladas no ano 2015. E vostede ademais vende iso como valorización, cando os índices de eficiencia enerxética non dan para chamarlle valorización. Polo tanto, vostedes eliminan en función da incineración. E tamén hai que parabenizala porque incrementaron as emisións de gases de efecto invernadoiro na incineración de Sogama. Ou sexa, contaminaron máis e contribuíron negativamente á loita contra o cambio climático co seu sistema de residuos.

En definitiva, vostede non veu falar en serio deste tema tan importante porque non o toman en serio, nin as súas políticas con respecto ao urbanismo, á ordenación do territorio, á minería, aos servizos, ao forestal ou á agricultura. Vostedes non teñen pensado políticas que realmente afronten un dos máis graves problemas que ten a humanidade, e é que os recursos son finitos e a poboación medra —en Galicia non—. E esa é unha das grandes ameazas para a humanidade. Vostedes non falan en serio deste tema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Bos días, presidente. Bos días, señorías.

Eu, francamente, dende hai un tempo fan vostedes continuamente alusións aos posibles candidatos que poida ter o Partido Popular para as cidades, e en concreto para a miña cidade, A Coruña. Eu agradezo a preocupación que ten a oposición ou a preocupación que amosa polas nosas candidaturas das municipais. Nós non estamos niso, nós non cremos que vostedes vaian liderar ningún proxecto local. E —créanme— ademais se por calquera cousa vostedes liderasen un proxecto, nós aínda estaríamos moitísimo máis contentos do que están vostedes.

Segundo, porque creo que sería unha boa noticia para o Partido Popular que estes mesmos discursos que vostedes teñen aquí os tiveran nas cidades. Porque seguramente que non baixarían cinco puntos, como amosaron as enquisas dun ano para aquí, senón que ao mellor vostedes quedarían nunha situación residual, como xa lle pasou ao outro partido nacionalista.

Señora Vilán, poderíamos falar dos ciclos do Partido Socialista. É verdade que o deixa moito máis fácil porque os círculos de Podemos xa non existen. Para o único que se constituíron ou para o único que se van reunir parece que vai ser para xulgar a compra dese chalé, do chaletazo

dos seus líderes. Pero, mire, esqueceuse aquí vostede de falar do círculo dos ERE. Tamén podería vostede ter falado do círculo das torres do Garañón. Ou podería ter falado do círculo de Somoza, que o señor Sánchez seguramente que o pode informar un pouco de que é o que está a pasar na Coruña e de por que aínda non se levou o tema ese ao Consultivo; pero seguramente que lle pode dar algunha pista o señor Sánchez. Poderíamos falar tamén dos círculos perversos, eses nos que vostedes nos meteron: de crise económica, de destrución de emprego e de paro, do que vostedes son auténticos mestres. Ou poderíamos tamén falar da economía circular do Ministerio de Medio Ambiente, que financiou o Partido Socialista de Valencia. Claro, podemos falar de todos eses círculos. Eu prefiro centrarme na economía circular. *(Murmurios.)*

Señor Sánchez, xa que vostede fala da Coruña, podía tamén explicarnos aquí cales son os negocios dos firmantes da súa organización, que parece que están a facer o verán nestes tres anos, están a facer o agosto. ¿Por que non fala vostede da compra dos pisos? Iso si que é economía circular. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostedes, gobernan, sacan unhas bases á medida, os dirixentes seus son os que concorren a esas bases, e o 40 % da medida estrela das mareas en vivenda vai para un dirixente da súa organización. ¡Iso si que é economía circular! ¡Fantástico! *(Aplausos.)*

Ou ¿por que non fala vostede, señor Sánchez, dos obstáculos ao transporte público que está a poñer a súa organización? Vostedes están a bloquear absolutamente todos os plans de transporte metropolitano, vostedes están a bloquear a gratuidade para os menores de 19 anos, vostedes están a bloquear as intermodais onde poden bloquealas, vostedes están a bloquear absolutamente calquera proxecto que apoie ou que queira impulsar o transporte colectivo. Fale vostede diso despois, se quere, no seu turno.

Pero, mire, eu vou falar de economía circular. O pasado 17 de maio foi un día de celebracións. Entre outras, celebrouse o que quizais é a celebración máis importante da nosa cultura ou vencellada á nosa cultura. Tamén o 17 de maio foi o Día contra a Homofobia. Non está de máis recordar que en 1990 a Organización Mundial da Saúde deixou de considerar a homosexualidade como unha enfermidade. Dende entón déronse importantes avances, pero segue habendo agresións e discriminacións que fan necesario que recordemos esta data. Pero tamén o 17 de maio se celebra o Día Internacional da Reciclaxe, unha iniciativa da Organización das Nacións Unidas para a educación, a ciencia e a cultura, que busca sensibilizar todo o planeta da importancia de alcanzar o obxectivo dun planeta sostible.

Estas celebracións e, por suposto, todas as actividades centradas na educación e sensibilización medioambiental ao longo destes anos lograron que tomásemos conciencia de que a economía lineal —iso de producir, usar e tirar— non é unha resposta para a sociedade actual. É necesario seguir apostando polos cambios sociais que son precisos para mudar dinámicas e hábitos moi arraigados e cambiar o modelo. Con especial fincapé na educación ambiental, a innovación e a colaboración de todos os axentes sociais: das empresas, administracións e tamén de nós mesmos.

Temos datos positivos. Aquí en Galicia, por exemplo, a reciclaxe de vidro nos últimos anos dos que coñecemos os datos din que os galegos e galegas reciclan cada ano máis, e que cada ano se incrementa a recollida selectiva a través do contedor. Hai datos positivos na reciclaxe

de envases domésticos, tamén se está a incrementar a porcentaxe de reciclaxe de envases que se depositan no contedor amarelo e azul. E estes incrementos son froito dunha aposta clara pola reciclaxe. Son moitas as actuacións que a conselleira expuxo na súa intervención encamiñadas a incrementar a sensibilización e a concienciación da poboación. E como moi acertadamente dicía: este é, sen dúbida, un dos camiños polos que avanzar para que a sociedade cambie definitivamente cara a un modelo de economía circular.

Fíxose un traballo moi importante para incrementar a sensibilización e concienciación dos galegos e galegas, levando a cabo moitas actuacións orientadas aos diferentes públicos. Eu sei que este tipo de actuacións parece que provocaban o riso e os chascarrillos por parte dos membros da oposición. Pero eu penso que si que son moi importantes estas campañas e que ás veces —aínda que lles provoque o riso aos meus compañeiros da oposición— é bo que falemos delas.

No eido da reciclaxe, e co obxectivo de sensibilizar sobre a importancia da recuperación do vidro, estívoase a desenvolver a campaña «Ti de quen vés sendo?», que forma parte dun ambicioso plan, con investimentos de 11 millóns de euros, para a recollida de vidro, que empezou no 2016 e que vai chegar ata o 2020.

E hai un tipo de residuos aos que fixo mención a conselleira, aos que hai que dedicarlles unha atención especial, que son os electrodomésticos, porque conteñen residuos perigosos, que deben de ser correctamente xestionados, e que ademais teñen materiais de valor que deben de ser recuperados. Por iso creo que todos debemos de alegrarnos por ese esforzo que se fai desde a Consellería coa reciclaxe de residuos eléctricos e electrónicos.

Estas iniciativas súmanse a outras que a conselleira relatou, entre as que destaca a campaña «Oportunidades de Galicia», a iniciativa «Separar con xeito», «Reciclar no Camiño de Santiago», a colaboración que ten con clubs e federacións de toda Galicia para o fomento de recollida selectiva, así como o proxecto «Verdear», que busca mellorar o comportamento ambiental dos galegos e galegas facendo que adopten nas súas actividades habituais boas prácticas ambientais.

Señor Bará, falaba vostede de que esta comparecencia era unha comparecencia fume. Eu quero dicirlle que nesta comparecencia se fixeron bastantes anuncios e se falou de cousas moi importantes, entre elas, unha nova lei de residuos. ¿Fume? Señoría, vaime permitir que lle diga que fume son vostedes, e así o din os galegos cada vez que hai unhas eleccións, e a cada vez estanlles a dar menos deputados. ¿Por que? Porque entenden que o seu proxecto é cada vez máis lixeiro, que o seu proxecto é fume, e a xente —como vostede moi ben di— non quere fume.

Pero, mire, esta nova lei de residuos vai contemplar os novos criterios aprobados pola Unión Europea, vai potenciar a reutilización, vai reducir os desechos alimentarios e vai impulsar a compra pública verde innovadora. É unha lei que vai estar nesta cámara, que vostedes se queren traballar e queren contribuír, e pódeno facer, e queren facer aportacións, o noso grupo vai ser receptivo ás súas aportacións. Espero que vostedes tamén sexan igual de receptivos ás aportacións que faga o grupo maioritario.

Fixeron vostedes alusións a algúns proxectos específicos, a algunha empresa específica, a algunha solicitude específica. Nós o que imos apoiar sempre é o cumprimento da legalidade, das leis que se aprobaron neste parlamento, neste parlamento con diferentes maiorías, maiorías do Partido Popular, pero tamén houbo un pequeno momento aí onde houbo unha maioría feita polo Partido Socialista e os nacionalistas que aprobaron leis. Algunhas delas son as que se están a aprobar agora. Nós non somos partidarios de que as leis se interpreten de forma arbitraria. Nós non somos partidarios, señor Bará, de que sexa vostede quen tome a decisión de se unha empresa pode ou non ter actividade. Cremos que para iso nos dotamos dun corpo xurídico, e iso tanto nas licenzas ou, por exemplo, como nas sancións hai que axustarse a iso, e aí é onde vai atopar ao Partido Popular.

En relación con Sogama, nós apostamos pola complementariedade de sistemas de xestión e de tratamento de residuos urbanos, e, por suposto, dentro da legalidade e cumprindo rígorosamente coas directrices europeas, estatais e autonómica.

A compostaxe de autoconsumo, a doméstica, e a compostaxe industrial de Sogama forman parte destes sistemas complementarios. Proba diso foi a construción dunha planta de compostaxe industrial en Cerceda, así como o seu papel liderando en Galicia un ambicioso programa de autocompostaxe ou compostaxe doméstica, a través do cal se repartiron cerca de oito mil composteiros.

O modelo de compostaxe comunitaria, señor Bará, que penso que é ao que vostede se refire, está na actualidade en cuestión debido á súa baixa eficiencia e posibles impactos locais, sobre todo na veciñanza. É verdade que se o que facemos é comprarnos un chalé en Galapagar, ao mellor esas molestias non as imos sentir.

E cando dicimos eficiencia, cando falamos de residuos, estémonos a referir á capacidade de facer unha xestión adecuada dos residuos. Pero, señorías,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...menos mal que está Sogama, que permite que vostedes poidan xogar cos residuos para despois acabar enviándoos alá. ¡Fíxense se o modelo Sogama é compatible que permite arranxar os seus erros!

Da mesma forma que se está a facer unha aposta moi importante pola reciclaxe coas obras de ampliación do complexo medioambiental de Cerceda, que xa en breve finalizarán, e Sogama logrará multiplicar por catro a súa achega á reciclaxe e, sobre todo, diminuír a mínimos os desvíos ao vertedoiro de Areosa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: Só con aqueles refugallos que non se poidan reciclar nin valorizar enerxeticamente. Vostede sabe e, se quere, recoñézao aquí ou diga cal é a porcentaxe de rexeitamento de...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...refugallos que ten o seu modelo. ¿Vale?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Visítannos hoxe os alumnos de 5º de primaria do centro Pérez Viondi, da Estrada. Saudámoslos a eles e tamén aos seus profesores. ¡Benvidos ao Parlamento!

Rolda de réplica, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moi bo día a todos e benvidos os rapaces da Estrada.

O que non cabe dúbida é que imos seguir dando pasos firmes, sen pausa, e con todo o compromiso avanzando na implementación da economía circular e dese cambio de modelo tan necesario na produción e na xeración tamén de residuos na nosa comunidade.

É verdade —xa o dixen e sígoo dicindo— que os obxectivos que aínda temos por diante para acadar en materia de reciclaxe son ambiciosos, son uns obxectivos sinalados pola Unión Europea, que, efectivamente, dentro desa ambición os estados membros temos que tentar acadar. Ese é o obxectivo que aínda no día de hoxe Galicia non acadou, e por iso queremos seguir implementando medidas, que non o acadou tampouco España e que non o acadaron tampouco moitos países da Unión Europea. Polo tanto, aínda que iso non sirva de escusa, Galicia vai seguir cara a adiante con este compromiso.

Non podo compartir as afirmacións que fixo o portavoz mesmo do Bloque Nacionalista Galego cando di que o Goberno cando vén ao Parlamento é para vender fume. O Goberno vén ao Parlamento para render contas de todas as actuacións que se están a desenvolver en calquera das materias, en concreto neste caso en materia da implementación da economía circular na nosa comunidade.

Na súa intervención o señor Bará falaba de que debiamos atacar todos os pasos da produción. Efectivamente, señor Bará, debemos incluso falar do ecodeseño dende o principio. Tamén falaba de que debiamos fomentar a redución do consumo, que debiamos fomentar tamén o consumo de proximidade, e estamos totalmente de acordo nesos obxectivos. E, de feito, ese é o obxectivo principal que ten este novo modelo de economía circular.

Mesmo tamén vostede facía distintas críticas na súa intervención que eu, polo menos, non podo —imos dicir dalgún xeito— deixar de subliñalas. E é que vostede criticaba dun xeito —vou dicir— directo, non indirecto, unha cátedra que se chama «Cátedra Gas Natural Fenosa». Efectivamente, ese é o nome que fai unha cátedra que vén financiada por Gas Natural Fenosa á Universidade de Vigo, en concreto a un catedrático, que é unha eminencia internacional recoñecida pola Oficina de Cambio Climático da Unión Europea e mesmo tamén recoñecida pola Oficina de Cambio Climático do MAPAMA, que é o señor Labandeira, do que vostede mesmo debería presumir como galego por estar nos foros internacionais nos que se

están a definir as políticas de loita contra o cambio climático para toda Europa. (*Aplausos.*) Continente, por certo, que é a referencia de todos os continentes do mundo no compromiso e na loita contra o cambio climático. Polo menos, que esa cátedra se estea a desenvolver grazas ao apoio financeiro dunha empresa, efectivamente, na Universidade de Vigo debería a vostede facelo sentirse especialmente orgulloso.

E falaba vostede tamén do modelo de Sogama e, dalgún xeito, menosprezaba o modelo de Sogama. Pero dígame vostede, ¿que modelo quere vostede?, ¿que modelo quere vostede para tratar os residuos urbanos de máis de oitocentas mil toneladas da nosa comunidade? Non aposta vostede polo modelo de Sogama, un modelo que no día de hoxe, dentro das tres plantas de xestión de residuos que existen na nosa comunidade, é o que menos residuos manda ao vertedoiro. ¿Sabe vostede que o obxectivo principal que ten o tratamento da xestión dos residuos é precisamente conseguir que non vaia ao vertedoiro tanto residuo urbano, porque o vertedoiro é o último paso? ¿Sabe vostede que en Sogama, que ten o tratamento de máis do noventa e cinco por cento dos residuos urbanos da nosa comunidade autónoma —e non digo que iso sexa o obxectivo—, só no día de hoxe se están a desenvolver e levar ao vertedoiro o 28 % dos residuos que entran pola planta de Sogama? O obxectivo que queremos acadar para o ano 2030 é que sexan o 10 %, que é o que se chama tecnicamente «vertedoiro cero»; queremos acadar ese obxectivo. ¿Sabe vostede canto se leva ao vertedoiro en Nostián ou canto se leva na outra planta, que existen só tres plantas na nosa comunidade, que é Lousame? Preto do sesenta por cento. O 50 % en Nostián e o 60 % en Lousame vai ao vertedoiro. ¿Esa é a política que quere vostede?, ¿esa é a política que quere na nosa comunidade? Nós non. Dende a Xunta de Galicia defendemos que podemos presumir tamén de ter unha planta de xestión de residuos industriais que, en materia medioambiental e mesmo tamén economicamente, é unha das máis eficientes na nosa comunidade, e, de feito, é unha das dezaseis plantas que existen en España que están a ser plantas de referencia.

En canto á intervención da señora Vilán, do Partido Socialista de Galicia, mire, eu xa lle dicía que dende a Xunta de Galicia e dende o Partido Popular, efectivamente, estamos a defender a implementación da economía circular, porque queremos que os produtos pertencan ao mercado, estean no mercado o máximo tempo posible, e que teñan vida o máximo tempo posible na súa reutilización. ¡E vostede vai e compárame a min cun produto! ¡Home!, pois agradézollo, porque iso significa que aínda non estou obsoleta e que teño posibilidades de reutilización, que é o que falaba vostede na súa intervención. (*Aplausos.*)

E dicíame: vaia momento ten vostede para sacar aquí a pasear Valencia. Pois si, saco a pasear Valencia, saco a pasear Cataluña, se quere sácolle a pasear tamén Andalucía...

A señora VILÁN LORENZO: Debería.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ¿Debería? E do modelo da economía circular que teñen en Andalucía cos ERE. Se quere tamén sacamos a pasear aquí Andalucía. Pero, se falamos en serio e nos tomamos en serio a política medioambiental, mire que xustamente é Galicia xunto con Cataluña e con Valencia as que están a desenvolver co Ministerio agora mesmo os programas vencellados á economía circular e mesmo tamén a aposta por como se van utilizar os recursos da Unión

Europea. Por certo, parece que Cataluña quere marchar tamén dese foro de debate. ¿A ver vostedes como Partido Socialista que opinan do mesmo?

E vin na súa intervención que non debe estar moi ben informada porque dicía: ¿que planta de compostaxe hai en Sogama? ¡Home!, déanos tempo, estamos investindo 3 millóns de euros na planta de compostaxe que vai tratar quince mil toneladas, e que vai estar rematada en breve nuns meses. Pero, efectivamente, aí trataranse quince mil toneladas de compostaxe porque compartimos tamén ese modelo.

E fala vostede —e escoiteina con moita, moita, moita atención— de impostos, impostos ás bolsas, impostos á auga encorada, impostos... Ben, pois falaremos se quere de vertedoiros tamén, de impostos. Pero ten a oportunidade nos concellos en que goberna de empezar a falar da factura da auga e da basura, ten a oportunidade. Non precisa falar agora mesmo aquí de impostos, así que a invito a que fale cos seus alcaldes que gobernan da factura da auga e da factura das basuras. (*Aplausos.*)

E tamén lle pediría que me dixera cal é o seu modelo na xestión dos residuos urbanos, se ten algo que dicir de Sogama ou se é Sogama a que non lle gusta. Dígoo porque onte mesmo o portavoz do Partido Socialista, da súa formación polo de agora, portavoz do Partido Socialista na cidade da Coruña, mesmo dicía que o modelo de Nostián —que, por certo, dá resposta á cidade da Coruña e á contorna— que non lle gustaba, que ese non era o modelo. E preguntaba como era posible que ese modelo de Nostián —fracasado— que levaba os residuos a un vertedoiro privado —por certo, pregunten cal é o vertedoiro privado—..., levaba os residuos a un vertedoiro privado —dígollo ao señor Sánchez: a un vertedoiro privado—, como é posible que A Coruña levara os residuos a un vertedoiro privado tendo Sogama aquí ao lado, que é un modelo de xestión que dicía o seu portavoz na cidade da Coruña, onte mesmo, que era o que debiamos implementar.

Pois, efectivamente, eu estou convencida de que o modelo de Sogama é o modelo máis eficiente dende a perspectiva medioambiental e tamén dende a perspectiva económica. Non con iso quero dicir que dentro de Sogama, que se está agora mesmo a valorizar materialmente —isto tamén inclúe compostaxe— preto do vinte por cento, nos sintamos especialmente satisfeitos. E como non nos sentimos especialmente satisfeitos desa porcentaxe que se está a valorizar materialmente en Sogama, por iso agora mesmo se está a facer un investimento de 30 millóns de euros para multiplicar por catro a valorización material dentro da planta de Sogama e mesmo tamén para ter a capacidade de tratamento dos residuos urbanos de toda a comunidade autónoma. Aínda que no día de hoxe estamos a atender o 95 % dos concellos, poderíamos, cando estea rematado este investimento, atender practicamente a totalidade dos residuos urbanos que hai na nosa comunidade e chegar ata un millón de toneladas de tratamento.

E na intervención do señor Sánchez, portavoz da Marea, máis alá de querer falar de calquera outra cousa que non teña nada que ver coa economía circular, quedou claro que non debín explicar moi ben cales son as políticas que se están a desenvolver dende a Consellería de Medio Ambiente. Porque, efectivamente, estanse a dar —como dicía ao principio— pasos firmes e comprometidos coa implementación da economía circular e mesmo tamén co desenvolvemento da estratexia de cambio climático.

E el dicía que non me escoitou falar absolutamente nada de mobilidade ou mesmo de ordenación do territorio. ¡Home!, é verdade que mañá mesmo presentaremos ese borrador, onde traeremos o traballo desenvolvido pola xente que participou activamente nesas seis mesas. E tentei enumerar esas seis meses de debate onde haberá esas conclusións, que son enerxía, mobilidade, territorio, tamén medio mariño, agrícola-forestal-gandeiro e biodiversidade. Tentarei explicarme moitísimo mellor e, efectivamente, tentarei trasladar a este parlamento, cando ese traballo estea máis maduro, os resultados e as conclusións do que actualmente xa se está a desenvolver, pero falando xa e concretando máis, se cabe, o compromiso da Consellería na implementación da economía circular.

Como dicía, cremos que todas estas accións, todas estas estratexias e mesmo tamén as accións de sensibilización e de concienciación que estamos a desenvolver son necesarias, pero teñen que ir acompañadas dun marco normativo que ten que estar adaptado ao século XXI e que ten que estar adaptado a estes obxectivos que perseguimos. E, efectivamente, ese marco normativo vai ser esa nova lei de residuos, que tamén terá o seu propio regulamento, pero esa nova lei de residuos entrará neste parlamento no vindeiro período de sesións. E aí esa lei de residuos terá entre outros obxectivos falar do desperdicio alimentario e do código das boas prácticas, falar tamén do plástico e tamén falar da venda dese plástico dun só uso, entre outros temas. Iso non significa que, efectivamente, non se poida e non vaia falar esta lei doutros obxectivos.

Temos, actualmente, xa en desenvolvemento —e isto xa non é fume, porque os investimentos están publicados no *Diario Oficial de Galicia*—, tanto o Plan de residuos industriais da nosa comunidade, cun investimento de máis de catro millóns de euros, como o Plan de residuos urbanos.

O Plan de residuos industriais da nosa comunidade ten medidas de apoio aos concellos para a xestión dos residuos de construción e demolición. Ten tamén medidas destinadas aos xestores de residuos, co obxectivo de dar resposta á dificultade que ten incorporar ao ciclo económico o produto resultante dunha valorización. Tamén destinamos medidas para poñer en marcha a mellora da xestión dos aceites usados, tamén a mellora da xestión dos residuos sanitarios, a prevención para as empresas produtoras. E mobilizaremos tamén accións destinadas á mellora da xestión de residuos de pilas e baterías. Como dicía, este é un plan que xa está licitado no día de hoxe para este ano e que conta con máis dun millón de euros.

E, por outra banda tamén, licitaranse medidas para o Plan de residuos urbanos, tamén cun incremento de máis de catro mil seiscientos contedores na recollida selectiva, ou mesmo tamén cunha campaña de sensibilización para a redución das bolsas dun só consumo. Tomaremos tamén medidas para o fomento e a recollida selectiva entre grandes produtores e concellos, e tamén medidas para a redución do desperdicio alimentario, acompañando tamén dunha campaña educativa de prevención, residuos e reciclaxe. E volvo dicir, isto non é fume, porque volve estar publicado no *Diario Oficial de Galicia*, con máis dun millón e medio de euros.

Leva tamén este traballo unha compoñente que dende a Xunta cremos que tamén é importante, que é todo o que ten que ver coa inspección. É dicir, garantir o cumprimento da normativa e lograr un nivel elevado de protección do medio ambiente, promovendo ese

desenvolvemento sustentable. Hai tempo que esta comunidade foi un referente na inspección ambiental a nivel do Estado. De feito, somos unha das primeiras comunidades en ter dotado un Plan de inspección ambiental. Ese plan, que ten unha vixencia de cinco anos, que remata neste ano 2018, foi actualizado en varias ocasións coa finalidade de manter os máis altos estándares de calidade, eficacia e eficiencia para o seu desenvolvemento. Realizamos un intenso labor de control, cun total de 17.500 inspeccións, realizadas dende o inicio do Plan de inspección do ano 2013, e só no ano pasado se realizaron 2.526 inspeccións. Neste último ano, destacou o incremento das inspeccións por mor da atmosfera, debido a que puxemos en marcha unha campaña de inspección de actividades potencialmente contaminantes. O núcleo deste plan está centrado na supervisión de grandes instalacións industriais, aquelas que teñen un gran potencial contaminante. E tamén outras actividades, como é o control do transporte dos residuos, o tratamento dos residuos da construción, vehículos fóra de uso, produción de tecnosolos e residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

No noso camiño cara a esta economía circular estamos tomando medidas para acadar unha maior concienciación dentro da cidadanía. Queremos mellorar as ratios de reciclaxe en vidro e envases que hai no último ano, tal e como amosan os datos. Temos mellores datos, non expostos pola Consellería, expresamente, senón mesmo tamén por entidades, como é Eco-vidrio, que amosan que incrementamos con respecto ao ano pasado un 5,5 % as toneladas de vidro recicladas. Mesmo tamén en envases domésticos no ano 2017 se reciclaron 58.000 toneladas, o que supón un incremento de máis do dous por cento.

En definitiva, imos dando pasos cara a adiante para conseguir acadar ese obxectivo marcado pola Unión Europea dende hai tempo, efectivamente, de chegar ao ano 2020 co 50 % de valorización.

Foron moitos os anos que levamos traballando nisto, e ese vai ser e seguirá sendo o noso compromiso. E para desenvolvelo, pois máis alá de expoñer no Parlamento as estratexias que se van desenvolver ao longo deste ano e que se van aprobar ao longo deste ano, máis alá de tentar dar tamén un novo marco lexislativo e tentar tamén ter un novo marco, un novo paradigma que coloque a nosa comunidade á vangarda, estamos a dar —como dicía— xa pasos vencellados directamente a sectores concretos, para que a economía circular sexa unha realidade o máis pronto posible.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

A verdade é que non teño moito que dicirle ao voceiro do Grupo do Partido Popular, porque, realmente, veu aquí repetir así cun efecto papagaio —debe ser pola orixe coruñesa— o que

xa dixera a conselleira, e falarnos aquí de novo de campañas e de actuacións que están facendo, así como de obxectivos que están cumprindo de reciclaxe. É que se non avanzamos nos datos de reciclaxe de envases e de vidro xa me dirá cara a onde imos, ¿non? É o menos que se lle pode presupoñer. Ademais, porque hai cada vez máis sensibilización na xente para colaborar nese tipo de actividades.

O que os vemos é nerviosos. Vostedes están nerviosos porque tamén hai un efecto lateral sobre isto da circularidade, que é a política circular. Entón, resulta que están os de Ciudadanos, que lles están comendo as papas, e está habendo tamén unha circulación de políticos do Partido Popular que queren ir para Ciudadanos. Estanlle fichando candidatos e teñen vosdes un panorama cada vez tamén máis negro nalgunhas cidades, onde as expectativas de resultados electorais pois non lles son moi favorables. Polo tanto, deberían preocuparse un pouco diso. E por iso os vemos preocupados.

Señora conselleira, o que intentei transmitir aquí é que non se pode facer un debate só sobre residuos e sobre o aproveitamento dos residuos; intentei transmitir que ten que haber un debate máis global, que non é unha cuestión só de Galiza senón de todo o sistema, de todo o modelo, a respecto de que tipo de materias primas utilizamos, como producimos, como é a estrutura do consumo e que se fai despois cos residuos. E isto, desde logo, ten moitas limitacións incluso para unha estratexia europea, porque nestes momentos a maior parte da produción mundial non está en Europea, e isto é un grave problema. De todas maneiras, Europa —xa digo— debe liderar, debe ter unha estratexia e debe marcar un camiño que sexa unha referencia tamén a nivel internacional.

Dixo vostede que van facer unha nova lei de residuos. Creo que dixo que ía presentar o borrador no último trimestre deste ano, no novo período de sesións; estamos falando do último trimestre do ano. Ben, vexo difícil os prazos porque a Unión Europea está actualizando a súa Directiva de residuos. Hai un debate en Europa sobre esta cuestión, presentáronse obxectivos, pero aínda non están definitivamente aprobados porque hai resistencias para esas cifras que está marcando Europa. Polo tanto, supoño que esperarán, primeiro, a que se presente realmente a nova Directiva europea de residuos, que aínda non é definitiva. E hai unha negociación co Parlamento, co Consello, sobre cales van ser os obxectivos desa nova directiva. Polo tanto, vexo difícil que poidan cumprir ese prazo de finais do ano 2018, pero esperaremos a falar daquela.

E di vostede que o obxectivo prioritario debe ser reducir —o obxectivo técnico cero— as verteduras e vertedoiros. Pois non, non estamos de acordo con esa afirmación, porque deixa claro a Directiva europea de residuos cal é a xerarquía. E a xerarquía, primeiro, é a prevención; segundo, a reutilización; terceiro, a reciclaxe; cuarto, outras formas de valorización, incluída a enerxética; e, quinto, a eliminación en vertedoiro, que é a última das opcións, pero antes hai outras. E vostedes apostan pola cuarta, que é outras formas, incluída a valorización enerxética, é dicir, a incineración. Vostedes no modelo Sogama apostan pola cuarta das xerarquías.

E vostede preguntaba: ¿cal é o modelo Pontevedra?, ¿cal é o modelo do BNG? Revitaliza. ¿Non sei se o coñece? Pois invitámola a que veña velo. É un modelo, desde logo, pioneiro e avanzado en Europa, que aposta polo tratamento *in situ*, é dicir, polo quilómetro cero no trata-

mento dos residuos orgánicos que se producen nas cidades, que son máis do 50 % da bolsa do lixo. E fronte ao que fan vostedes, que é trasladalo por toda Galiza en camións e tamén en trens, para queimalo en Sogama, o que estamos propoñendo é compostaxe *in situ*, compostaxe doméstica e compostaxe comunitaria, e tamén compostaxe en plantas de compostaxe se fai falta. Ese é o modelo polo que está apostando a provincia de Pontevedra, a través da Deputación e tamén o Concello de Pontevedra.

Por certo, un modelo que vostedes están boicoteando, dicindo que se non ten autorización, cando non hai ningunha normativa que regule ese tipo de instalacións como son os composteiros comunitarios. Ese é un modelo. E non, desde logo, esa fuxida cara a adiante de Sogama, que é un auténtico despropósito, cun macroproxecto de ampliación que vai custar 335 millóns en quince anos —ese é o contrato— e un macroproxecto de transporte que vai custar 158 millóns en dez anos. Van ser case quiñentos millóns de euros que imos gastar, tirar nos próximos dez-quince anos para un modelo que é absolutamente inviable e que non cumpre ademais os obxectivos marcados na actual directiva europea, e menos vai cumprir os da nova directiva, porque van ser moito máis exixentes.

Polo tanto, ¿de que estamos falando?, ¿estamos falando de queimar os biorresiduos, os residuos orgánicos, ou estamos falando dunha alternativa realmente avanzada, europea e moderna como é a que se está implantando en Pontevedra?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Polo tanto, señora conselleira, non teño tempo para máis, só para dicirlle que as formas en política son importantes, e todos os erres, tamén o erre de respecto. E non é nada respectuoso con este parlamento vir aquí plantexar, falar dunha estratexia sobre a economía circular cando non teñen nin sequera un documento, un borrador, nin sequera un *PowerPoint*, señora conselleira, sobre que tratar. E paréceme unha falta de respecto por riba que veña aquí dicir que mañá, precisamente mañá, despois dun debate no Parlamento, van presentar os resultados dos meses de traballo sobre o cambio climático. Así non, señora conselleira.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Conselleira, antes de subir aquí, cando vostede comezaba, eu viña cunha idea verde, de esperanza —que non Aguirre— pero saio de aquí con outra cor completamente distinta, que tira ao negro. E vostede vén e fala de anuncios. Foi o que fixo aquí. Utiliza o Parlamento para facer anuncios políticos. Logo di que mañá vai haber un borrador do traballo, que traerán cando estea maduro ao Parlamento, é dicir, mañá aínda estará verde, nesa idea de verde esperanza. E a política da súa consellería en materia de economía circular, ¿cando, conselleira? Porque non queda moito tempo.

Veux falar vostede de Sogama e a valorización enerxética, na parte de abaixo da táboa de xestión dos residuos, valorización enerxética, ao lado da incineración e do vertedoiro, conselleira.

Vén vostede falar da planta de compostaxe en Sogama. Efectivamente, está sen facer. De feito, xa o señor Agustín Hernández falaba dunha planta de compostaxe en Sogama, e é experto en tirar lixo á auga. Diso seguro, pero en compostaxe o señor Agustín Hernández non é demasiado experto.

E vén vostede dicir que o portavoz do Partido Socialista na Coruña defenestra Nostián, para dicir que Sogama é o mellor modelo. Non dixo iso, conselleira. Se vostede vai ir ao Concello da Coruña para falar co resto dos portavoces, está ben que primeiro lea as súas declaracións, e non o que lle conten os seus asesores que din as súas declaracións. O que dixo o voceiro do Partido Socialista é que é necesario un novo prego para aumentar os niveis medioambientais en Nostián e para mellorar as condicións laborais dos traballadores da planta. Iso foi o que dixo, non é o que a vostede lle din que dixo.

E se vostede está tan preocupada, e vai ir ao Concello da Coruña, pois estaría ben que nos adiante, xa que hoxe é o día de facer anuncios, que faría vostede con Nostián se fose alcaldesa na Coruña, porque terá un modelo na Coruña respecto de Nostián. Pois, como é o día de anuncios, exclusivamente, estaría ben que nolo faga.

Vostede, conselleira, fixo a comparecencia máis curta dende que comezou a lexislatura. O que non é nada máis que un exemplo de que veu aquí non dicir absolutamente nada. Exactamente igual que o señor Trenor, que dos dez minutos falou cinco minutos, pero nada de economía circular, e os outros cinco só falou de reciclaxe, de nada máis.

Falou incluso de que se están incrementando os datos de reciclaxe. ¿Que datos? Porque os datos hai que dalos. Non se pode dicir que se incrementan os datos, hai que dicir cales son os datos. E os datos son: Contedor amarelo, ano 2010, reciclouse un 9,7 %; ano 2017 —sete anos despois— un 10,5 %, nin sequera subimos un punto, e en España un 14 %. Contedor azul, ano 2010, reciclábase un 14,5 %; ano 2017 —sete anos despois— un 12,9 %, o mesmo nivel que no ano 2005, con aquel terrible Goberno presidido por Emililo Pérez Touriño —¡que lástima que vostedes vaian trece anos atrás!—, e en España un 16,1 %. Eses son os datos. E estamos nun 21,3 % de reaproveitamento dos residuos. Eses son os datos, os datos que dá Ecoembes, e que vostedes aceptan como válidos, porque onte a súa directora xeral de Calidade Ambiental reuníase con representantes de Ecoembes.

Conselleira, nós propoñémoslle ampliar o círculo:

Queremos unha nova economía que preveña e controle a contaminación, tamén a lumínica. Apúnteo aí para falar. Bueno, o señor Trenor pódello contar porque estivo nesa reunión.

Queremos un mellor tratamento de residuos, é necesario algo máis que iso de «E ti de quen vés sendo?», que está moi ben para nenos de primaria, pero algo máis ao mellor é imprescindible.

Queremos que vostedes introduzan sistemas de xestión de depósitos de devolución e retorno, que en Alemaña levan funcionando décadas, e funcionan moi ben. Non só o contedor verde para o vidro, senón tamén o retorno do vidro para poder reutilizalo.

Queremos incorporar o combate contra a pobreza enerxética, non só con esas medidas de política social das que vostede tamén é responsable, senón con algo como o cheque enerxético ou algo parecido.

Queremos un sistema fiscal máis xusto. Efectivamente, novos impostos. Verde, verde. Algo máis que «Quen contamina, paga»; quen contamina, paga e restaura o que contaminou. Incluso quen queda con cartos que non son seus, tamén os ten que devolver cando é condenado. Quen contamina, paga, e non só que contamine aquel que poida pagar.

E non se poden utilizar só os impostos como instrumento disuasorio e non recadatorio. Necesitamos unha reforma ambiental que unifique impostos. Por exemplo, sumar os canons eólico e o da contaminación atmosférica na nosa comunidade autónoma, que segundo din os expertos non estaría mal.

Queremos vehículos limpos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—si, vou rematando— tren de cercanías, a electrificación do transporte.

Queremos máis enerxías renovables. No ano 2006, conselleira, eramos punteiros, e agora estamos por debaixo da metade da táboa no resto de España. Estaría ben que eliminasen o imposto ao sol, que algo lle diga o señor Mariano ao seu primo, ao primo de Mariano Rajoy, que estaría ben eliminar o imposto ao sol.

E queremos que vostedes poñan o aceno no valor que teñen os montes na política forestal.

Porque todo iso é economía circular, conselleira, non só vir ao Parlamento facer anuncios de «*Ya es primavera en El Corte Inglés.*».

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, pois para despachar rápido o que teño que dicir sobre a intervención do señor Trenor: encantado de falar da Coruña e de corrupción con vostede, sempre que queira, porque en ambas as dúas cousas as comparacións déixanmo moi fácil.

Para ser rápido: o meu fillo houbo unha época que xogaba a cazar *pokémons* co móbil e quería ir á Coruña, que lle dicían que había moitos *pikachus* por alí, pero dende maio de 2015 xa non

pode cazar *pikachus* na Coruña; esa é unha pequenísima diferenza. Polo tanto, xa o deixo aí. Por algo vostedes están na oposición na Coruña.

Ben, señora conselleira, anunciou unha nova lei de residuos. Cumpran algunha das vixentes, porque o Plan de residuos de Galicia, que remata o período en 2020, falaba dunha cuestión imprescindible para a sostibilidade ambiental da xestión dos residuos, e era a descentralización. É evidente. Iso pódello dicir o señor Labandeira tamén, e pode falar tamén de imposición ambiental o señor Labandeira. Pero é normal, temos un sistema onde os camións percorren quilómetros e quilómetros para chegar á central de Sogama, e por iso o Plan de residuos aprobado por vostedes —creo recordar— pois falaba de que era imprescindible a descentralización, e para iso propoñía once plantas de compostaxe distribuídas polo país. ¿Con cantas vai acabar este país o período 2020? Con unha e grazas; unha das once, señora conselleira.

Polo tanto, non pode vir aquí presumir de modelo Sogama. Porque pode anunciar novas leis, pode anunciar borradores de campañas, pode facer aquí publicidade e propaganda, pero levan gobernando uns cantos anos, ¿verdade? E nós temos dereito a fiscalizar o que fixeron vostedes no goberno. E vostede tamén debería de vir aquí facer balance da súa xestión de goberno. Pero, claro, eu non a podo obrigar; pídollo encarecidamente, pero non a podo obrigar.

E os datos, despois de moitos anos de goberno popular, son que no centro de Sogama se recicla o 3,32 % das toneladas que alí se xestionan e que se incinera o 72 %, e que se incrementan as emisións de gases de efecto invernadoiro por incrementar a incineración. Polo tanto, ese é o modelo polo que vostedes apostan, que non é un modelo de redución de consumo de materiais.

Por outro lado, a realidade é así de terca. Pode que nese borrador que mañá se vai presentar, que é o único que ten vostede... Vostede dixo que eu aquí dixen que vostede non falou de transporte, de mobilidade, de urbanismo, de servizos... Vostede dixo que había uns grupos que estaban preparando un borrador. Pero eu referíame a que en todas esas políticas sectoriais, eu creo que tendo unha concepción integral do que é a economía, vostede debería de deixar o selo na elaboración da Lei do solo, debería de dicir algo con respecto ao modelo de centrais de biomasas que se están facendo, debería de dicir algo sobre as térmicas, debería de dicir algo sobre o modelo de infraestruturas e debería de dicir algo sobre todas estas cuestións que son onde están localizados os grandes consumos de recursos deste país.

Porque se vostede viñera aquí falar en serio, o primeiro por onde tiña que empezar é por onde temos os grandes consumos de recursos, onde temos a grande emisión de gases de efecto invernadoiro, e a partir de aí actuar onde hai máis marxe para actuar. Pero vostede non está disposta a tocar nada que supoña a redución de beneficios das grandes empresas. E iso é o que se esconde detrás de que si que plantexa cuestións como o tema na hostalaría, nos pequenos negocios, pero que, en cambio, non fale aquí das centrais térmicas, que causan —insisto— un terzo das emisións de gases de efecto invernadoiro.

Por iso, fale co señor Labandeira, que é un grande experto en imposición ambiental, e preguntelle que lle parece que aquí se cobren —creo que os últimos datos que eu coñezo son do 2016— 4,5 millóns de euros por contaminación atmosférica nun país onde temos dúas cen-

trais térmicas que provocan un terzo das emisións de gases de efecto invernadoiro. Pregúntelle se iso é unha imposición fiscal que consegue os obxectivos pola que se creou, que é crear as condicións para a redución desas emisións.

Tamén, consumo de recursos. Vostede podía falar tamén aquí do solo, que tamén é un recurso limitado e non renovable. ¿Onde están as directrices da paisaxe, señora conselleira? O señor Feijóo prometeu que ían estar aprobadas no 2017. ¿Onde están? E mentres tanto estanse instalando parques eólicos ou proxectando a instalación de parques eólicos, que van ser feitos consumados cando estean aprobadas esas directrices da paisaxe. Por iso dígolle que o verdadeiro conselleiro parece ser que é o señor Tahoces, quen pasa por riba de vostede sempre en cada unha destas circunstancias: na minería, no enerxético, etc. É a impresión que dá vendo os feitos.

Polo tanto, se quere falar en serio, fale de Cataluña.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: En Cataluña teñen aprobada unha Lei de loita contra o cambio climático xa, e aquí non temos nin sequer un borrador.

Se quere falar en serio, imos falar en serio, señora conselleira, pero non veña aquí tomarlle o pelo á Cámara. Vostedes, na súa acción de goberno, non teñen en conta a concepción integral do que significa a economía circular, ou aplícase dun xeito integral ou só se lles aplicará a cuestións secundarias e menores no consumo de recursos materiais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Remato xa.

Vostede fala de palabras moi grosas, de novo paradigma. Claro, cando un utiliza grandes palabras, de que é un novo paradigma, pois debería tamén de falar das cuestións importantes, como xa lle dixen, e vostede aquí negouse a falar.

Por certo, ten outra oportunidade de dicir por que votou a favor da privatización dos terreos da Solana no Consello de Administración da Autoridade Portuaria. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Grazas, presidente.

Eu non teño fillos, e non crea que non o intento pero por agora non houbo sorte, pero seguramente que o seu fillo, señor Sánchez, deixou algún xogo, pero seguramente agora é mestre no *monopoly*, e vai ter moita sorte cando queira vender eses pisos que vostede nalgún momento lle deixará. (*Murmurios.*)

Non explicou se a vostede lle parece ben que o 40 % da liña de axudas, principal, fundamental, o eixe vertebrador da súa política de vivenda, fora para un dirixente da súa organización, o 40 %, e non dixo absolutamente nada. E vén vostede aquí embarrar isto. Podía facer chistes e podía facer xogos de palabra como fai a señora Vilán. Podía dicir que vén vostede aquí enmerdar no Parlamento. Pero fale do que está a ocorrer estes días. ¿Por que non fala dese 40 % que vai dedicado ao seu compañeiro de filas e de partido? Fale diso, fale diso. Calou, está mudo. Está vostede mudo, e non sei se é porque o comparte ou porque ten medo. Calquera desas cousas en política non son boas, son malas.

¿Nervioso? Señor Bará, para nada, aquí non estamos nerviosos. Eu entendo que a política é para estar cando tes a confianza dos cidadáns, e logo cada un debe volver á súa actividade. Eu entendo que cando algún fixo da política a súa forma de vida, cando un leva máis de vinte anos aquí, pois supoño que si que estará máis nervioso. Non é o meu caso, e por iso nervioso absolutamente nada.

E cando fala un e pide respecto. ¡Home!, chamarlle «papagaio» ao portavoz do grupo maioritario non é moi respectuoso. Non é moi respectuoso, e vostede enche as súas intervencións sempre, sempre, sempre de descualificacións, de *pullitas* e de faltas de respecto. Entón non pida vostede o que non dá.

Eu xa sei. Eu preguntelle se sabía canto era o que estaban vostedes a enviar a Sogama, e non mo dixo. E tampouco dixo canto é o que está a enviar Nostián e canto está a enviar Lousame. ¿Sabe canto é? Por riba do cincuenta por cento e ata o sesenta por cento. E a vostede iso parécelle perfecto. E vostede fala de quilómetro cero en Pontevedra. Pontevedra está en récord de envíos a Sogama. ¡Está en récord! Entón, non sei por que vostede di «quilómetro cero». Quilómetro cero, ¿que? Catro cousiñas que crean vostedes alí, ou da súa casa que ten alí debaixo —non sei— do lavadoiro. Porque esa é a realidade. Na súa casa, ao mellor, vai moi pouco, pero a maior porcentaxe de residuos da cidade vai para Sogama. (*Aplausos.*) Pero vostede mudo, non dixo absolutamente nada. É mellor vir aquí, faltar ao respecto e insultar o resto dos deputados. ¡Claro que si! Iso si, logo todos temos a pel moi fina e aquí tirándonos ao chan: ¡ai!, ¡ai!, ¡que falta de respecto me fixo vostede, alcaldesa! Perdón, conselleira. (*Risos.*) (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Pénsoo e ás veces un confunde a realidade co que lle gustaría, pero, bueno, é unha cousa boa. Fíxense: non lle falto ao respecto dicíndolle iso.

A Xunta ten amosado o seu compromiso na loita contra o cambio climático apostando pola eficiencia enerxética, impulsando e mellorando o transporte colectivo ou, por exemplo, controlando as emisións industriais, e mediante tamén a activación de medidas que facilitan o coñecemento sobre o fenómeno das súas consecuencias, co fin de minimizar, paliar e xestionar os seus posibles efectos en Galicia. Queremos situarnos á vangarda do coñecemento sobre o cambio climático. E ademais imos conseguilo a través da estratexia de loita contra o cambio climático e enerxía 2050, na que se ten invitado a todos os axentes co obxectivo de fixar as grandes liñas de accións na loita contra este fenómeno. De forma complementaria, de forma agregada, simultaneamente, vaise poñer en marcha a estratexia galega de sustentabilidade ambiental e a economía circular, centrada esta en crear unha economía eficiente, sustentable e baixa en emisións de carbono.

En definitiva, señorías —como lles explicou a conselleira—, a transición cara a unha economía circular ofrece grandes oportunidades para Europa, para España e, por suposto, tamén para Galicia. Temos o reto de modernizar e transformar a nosa economía movéndoa nunha dirección máis sostible. Pero é que, ademais, isto leva aparelado importantes aforros enerxéticos e beneficios medioambientais, crea tamén postos de traballo no eido local e xera novas oportunidades para a integración social.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Cómpre ter en conta que a progresiva implantación deste sistema exige esforzos e moitas fronte e en moitas direccións, tanto do eido público como do eido privado, e vai implicar tamén modificacións e reformas do marco normativo. E, en definitiva, necesitamos a implicación de todos para afrontar unha realidade que queremos que cambie a nosa comunidade.

E digo o mesmo que lles dixen xa noutra ocasión: vostedes poden colaborar, poden sumarse a isto a través das leis que van vir ao Parlamento, facendo tamén que naqueles sitios onde gobernan se sumen de verdade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...e que non fagan xogos de Cheminova ou similares, senón que fagan política de verdade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...e que se sumen a esta grande estratexia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a señora Mato Otero.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Ao longo deste debate tentei dalgunha maneira constatar o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia na implementación das súas políticas medioambientais, concretamente na xestión de residuos e mesmo tamén na implantación da economía circular. Bueno, fixéronse distintas afirmacións por parte dos representantes dos grupos políticos, e a verdade é que me gustaría corrixir, se cabe, algunha delas.

Non hai nada máis lonxe da realidade que dende a Consellería se estea a facer ningún tipo de boicot á implementación da xestión dos residuos urbanos que dende o Concello de Pon-

tevedra ou mesmo dende a Deputación de Pontevedra se está a fomentar co tema da compostaxe. Nada máis lonxe porque, efectivamente, dende esta consellería cremos que é perfectamente compatible poder utilizar a xestión de residuos orgánicos, neste caso baseados a través da compostaxe, con outros modelos. E tal é así que o cremos que precisamente na planta de Sogama —que é á que maioritariamente o Concello de Pontevedra envía todos os seus residuos orgánicos— estamos a tratar estes residuos orgánicos, os do 95 % dos concellos de Galicia, do xeito máis eficiente medioambiental e tamén economicamente. E mesmo agora tamén estamos a piques de rematar unha nova planta de compostaxe, que será realidade nuns meses e que tratará 15.000 toneladas. Polo tanto, eu creo que esta é unha corrección que me gustaría deixar clara.

En canto á segunda intervención da portavoz do Partido Socialista, non, non me contaron nada, señora Vilán, sobre as declaracións do voceiro do Partido Socialista na cidade da Coruña. Non mo contaron porque non se necesita; hoxe en día, as redes, a verdade, é que teñen esa facilidade de facilitarlle a un moitas intervencións. Neste caso tiven a oportunidade de escoitala enteira. Polo tanto, invítoa a que a escoite vostede, porque, efectivamente, si falou de pregos e dixo todo o que acabo de dicir sobre o seu rexeitamento a que os residuos vaian a un vertedoiro privado dende Nostián, cando ten Sogama ao seu carón e podería utilizarse Sogama. Invítoa a que o escoite porque —como lle digo— está nas redes.

E tamén escoitei con bastante atención a súa inquina co tema da contaminación lumínica. Parece que falou onte con alguén que lle falou de que existe tamén contaminación lumínica. Mire, non é a primeira vez que esta comunidade autónoma coñece a situación que vive a nosa comunidade en materia de contaminación lumínica. E, de feito, eu non só non tiven a oportunidade de falar dela senón que mesmo tamén tiven a oportunidade no Fitur de xaneiro do ano 2017, en concreto, de facer gala de ter e de ser a única comunidade autónoma que ten dous destinos *Starlight* precisamente, porque no concello da Veiga e nas illas Cíes temos dous encraves que en todo o país non existen con menor contaminación lumínica. Polo tanto, señora Vilán, un pouquiño de respecto nese senso cando fai vostede afirmacións que parece que escoitou no día de onte.

E con respecto á intervención do señor Sánchez. Gústame cando di: bueno, fala vostede de que vai traer unha lei nova a este parlamento no próximo período, que é unha lei de residuos. ¡Pero o que ten que facer é cumprir as leis! E dime un representante de En Marea: ¡cumprir as leis! Que é o mesmo que me di: non autorices esta planta de xestión de residuos urbanos, non autorices isto, non autorices... Mire, esta xunta e este grupo político sempre cumpren todas as leis, gústenlles ou non lles gusten. Non como dixo o seu portavoz de En Marea —que segue sendo o seu portavoz—. Sempre cumprimos as leis, non as eliximos a capricho. Non dicimos: esta non me gusta, non a fago; esta gústame e fágoa. Non, cumprimolas sempre e tramitamos estritamente, de acordo coa lexislación vixente, a tramitación de todas as autorizacións ambientais de calquera expediente. Vostedes, por unha banda, chegan aquí e énchense a boca e din: ¡cumpran as leis!, e logo din: ¡non autorices! A ver, ¡home!, sexamos un pouquiño serios. Pero é verdade que dende alí é unha cousa e cando se está no goberno é outra completamente distinta.

Pola miña parte, o que si que quero é constatar unha vez máis —e tentando ser o máis clara e respectuosa posible— que a Xunta ten unha aposta firme e decidida coa implementación

da economía circular dun xeito absolutamente integral con todas as consellerías e distintas áreas involucradas dende a súa orixe en todo o seu procedemento, e, por suposto, abrangendo —como digo— todos os sectores que inciden directamente na implementación da economía circular e todos os sectores que inciden directamente na loita contra o cambio climático.

Non son das que cre que se pode traballar e xestionar un país sen ter unha folla de ruta. E por iso creo que é absolutamente imprescindible ter a nosa folla de ruta, a folla de ruta galega, en materia de economía circular, e para iso a estratexia de economía circular; en materia de loita contra o cambio climático, e para iso esa estratexia; e tamén en materia de sustentabilidade. Serán dous documentos que máis alá da definición dos obxectivos, dos desafíos, dos retos que ten a nosa comunidade, tamén deberán ter propostas e deberán ter accións dun carácter transversal que abranguerán toda a Xunta de Galicia, o resto das administracións e tamén a sociedade no seu conxunto.

E, efectivamente, podemos presumir de que na nosa comunidade temos mentes privilexiadas, como é o señor Labandeira —na Universidade de Vigo—, pero tamén temos a oportunidade de traballar ao carón doutras comunidades autónomas. E só Galicia, xunto con Valencia e con Cataluña, no día de hoxe son as tres das dezasete comunidades do país —tres— que están a traballar na implementación do Programa de economía circular no noso país, e mesmo tamén na utilización de fondos europeos. Eu creo que é importante que Galicia estea, e por iso das dezasete comunidades Galicia está sentada nesa mesa de traballo.

E, por suposto, máis alá de ter esas follas de ruta e máis alá de que, efectivamente, nos gusta —e así o facemos— cumprir as leis, cando algo entendemos que debe mellorarse e adaptarse ao século XXI tamén avanzamos nese senso. E por iso anuncio aquí no Parlamento a entrada no próximo período de sesións dunha nova lei de residuos, que no día de hoxe xa está nun borrador, e que trataremos —como digo— de traela no próximo período de sesións, e que será unha lei moderna, actualizada ao século XXI e, efectivamente, tamén innovadora.

E seguiremos cos nosos propios obxectivos, e mesmo tamén en colaboración con Ecovidrio, Ecoembes e calquera outra entidade vencellada á xestión dos residuos, como poden ser as pilas ou os aparellos eléctricos e electrónicos, a avanzar na concienciación aínda necesaria da sociedade no seu conxunto e na concienciación e na educación ambiental. E por iso falaba dunha nova iniciativa, que é a iniciativa de Verdear, para mellorar ese comportamento ambiental dos galegos, especificamente en áreas que nós entendemos que son sensibles, como é a hostalería, como é o comercio, como son os colexios, as escolas cos nenos e, por suposto, tamén os festivais, que na nosa comunidade se están a desenvolver todos os actos e todos os eventos. E para o cal estamos agora mesmo xa a presentar as guías de boas prácticas que deberán desenvolverse no comercio, na hostalería, nas escolas e nos festivais da nosa comunidade.

En definitiva, temos por diante un gran reto. Eu creo que ese é un reto o suficientemente importante como para que saia co máximo consenso posible. Ningunha das actuacións que se fagan sobre o medio ambiente ten unha repercusión inmediata, son políticas de altura, son políticas a medio e longo prazo, que deben desenvolverse e ter continuidade no tempo.

E por iso aquí dende a Xunta de Galicia estamos dispostos a pechar o círculo, camiñando cara a ese novo modelo de economía circular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos ao seguinte punto, ao de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar as consecuencias no mercado financeiro galego da posible desaparición do Banco Pastor como entidade propia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

Saudar tamén os nosos convidados e convidadas, traballadores desta entidade da que imos falar hoxe.

Ben, hai unhas semanas no anterior pleno falabamos de como na última década, e desde que arredor do ano 2008 estouraran varias burbullas financeiras, o sector financeiro tiña atravesado múltiples mudanzas e diversos cambios que transformaron tanto a súa configuración como a función das entidades bancarias na nosa sociedade. Anos despois —a dez anos vista— podemos confirmar estas cuestións das que os nacionalistas xa tiñamos advertido: dunha banda, que as súas consecuencias van moito máis alá da conxuntura momentánea e que perviven na actualidade, e que a resposta dos grandes partidos estatais, plasmadas neses grandes pactos da reestruturación bancaria a nivel do Estado, lonxe de ser a solución, acabaron sendo un camiño aberto para máis problemas. Porque a resposta á falta de regulación foi máis desregulación, menos intervención e menos control, na dirección contraria xustamente do que había que camiñar.

Pasado un tempo, podemos tamén contrastar as evidencias do resultado: a perda de identidade e vinculación co territorio das entidades e a perda tamén de capacidade financeira do noso país, pero tamén consecuencias na propia sociedade, tanto en materia de emprego como desde a propia perspectiva da clientela.

A privatización e a bancarización das caixas, a venda a prezo de saldo de Novagalicia Banco a capital foráneo, a absorción anterior do Pastor por parte do Popular ou a absorción do Banco Gallego polo Sabadell son algúns dos feitos máis relevantes que, xunto coa cuestión que centra a nosa iniciativa, explican o panorama que temos en 2018. Hai menos dun ano asistiamos ao paso definitivo dun proceso de concentración bancaria e de perda de galegüidade das entidades que nos deixa un país cun nivel de concentración bancaria que supera a media española, pero que supera tamén a media europea.

Recordamos todos e todas como, polo prezo dun café con leite, o Santander comprou o Popular, o grupo que xa absorbera o Pastor e que era o segundo operador bancario en Galiza despois de Abanca; unha compra, ademais, que foi favorecida por unha caída bursátil con moitas sombras, sombras que aínda están pendentes de investigar, porque precisamente os operadores, os supervisores que se crearon para fiscalizar este tipo de cuestións cometeron os mesmos erros que con Bankia ou que coa crise das caixas galegas. Este proceso, baixo o punto de vista das e dos nacionalistas, evidencia unha vez máis que esa reestruturación bancaria e ese rescate financeiro foi desproporcionadamente caro e estéril, malia que os galegos e galegas sigamos aínda a pagalo a día de hoxe.

Cando hai un ano as portadas de todos os xornais amencían con esta venda, había un aparente consenso, había un aparente punto de encontro en que isto era unha mala noticia para a economía galega. E iso foi o que facilitou que nesta Cámara conseguíramos acordar unha serie de cuestións que parecía que nos preocupaban e nos comprometían a todos e a todas. Eu lembro como, desde esta bancada, se nos dicía que non politizáramos, que tiveramos unha posición de país, que había que evitar o debate sobre outras fonduras no que tiñamos discrepancias para a urxencia do momento e demais. E nós accedemos. Nós, con boa vontade, sumamos a prol de acadar nesta Cámara acordos a favor de cuestións que relatarei, pero o Partido Popular, unha vez máis, e o seu grupo de goberno desentendéronse, e, diante desta absoluta desidia, tal e como advertíamos desde o BNG, non imos permitila e non imos permitir que se desatendan as súas consecuencias, sobre todo porque xa daquela insistíamos en que moitas delas non ían ser da noite para a mañá.

No pleno anterior, na nosa interpelación, preguntámoslle abertamente ao Goberno galego que tiña feito por esta cuestión, e a resposta foi non ser quen de dar nin unha soa medida concreta. A única referencia que fixo foi a unha descrición da situación da competencia. E hoxe traemos propostas a branco sobre negro para que vostedes poidan rectificar.

Hai unha cuestión que a nós nos parece urxente, porque se esgota o tempo, e que tamén demandan os traballadores e traballadoras. Hai unhas semanas coñecemos a decisión en firme do Santander de liquidar a marca Pastor, eliminando a ficha bancaria e a estrutura propia e, polo tanto, facendo que esta entidade desapareza como tal definitivamente, a finais deste ano como moi tarde. Aquí hai unha cuestión clave. Nós demandamos que se faga o posible por manter esta marca e esta ficha bancaria.

Evidentemente, a Xunta de Galiza non pode sacar mañá un decreto no DOG onde ordene esta cuestión. Pero tampouco é menor e o que si pode facer é emprender relacións diplomáticas, emprender unha negociación, unha intermediación que diante desta cuestión poida favorecer unha saída. Non en balde hai uns meses viamos o señor Núñez Feijóo sacando publicamente nos medios de comunicación que estivera a conversar coa señora Botín para estes efectos. Agora vemos que, polo que se ve, non debeu resultar convincente, pero vemos tamén unha absoluta relaxación por parte da Xunta de Galiza.

Baixo o noso punto de vista, como esta cuestión xa non está todos os días na prensa, como non teñen esta cuestión enriba todos os días, pois xa simplemente adoptan esa estratexia do Partido Popular de poñerse de perfil e deixar que os problemas avancen sen implicarse.

Pero nós pensamos que ese non é un bo camiño e reclamamos unha rectificación, tamén unha implicación a respecto do mantemento do emprego.

Eu insisto en que os traballadores e traballadoras están moi preocupados por esta cuestión e que tamén aí a Xunta de Galiza ten unha capacidade de mediación que non está a empregar.

Eu quero recordar, primeiro, que esta non é unha situación nova para todos eles e elas, que todas as entidades do grupo actual do Santander xa experimentaron ERE e importantes despedimentos con anterioridade; que, ademais, a isto suma o empeoramento que nesta década houbo das condicións laborais deste sector, cada vez máis precarizado e vulnerado. E tamén hai que ver que panorama temos.

En Galiza, sumando o persoal de Popular, Pastor e Santander, hai sobre 2.300 traballadores e traballadoras. Esta é unha cifra enorme. Calquera ERE debe preocuparnos, calquera despedimento debe preocuparnos, pero estamos a falar dunha cifra moi significativa. Un número que, ademais, se amplía se temos en conta empresas de *telemarketing* que fan servizos asociados, empresas do sector de seguros e inmobiliario que fan servizos asociados a estas entidades bancarias.

E a realidade é preocupante, porque hai unha duplicidade de oficinas bancarias que non é menor. Popular e Pastor suman 231 en toda Galiza e o Santander, 174. É fácil ver o que vai acontecer. Vai haber máis despedimentos e vai haber peches de oficinas. Eu quero insistir que esta cuestión, os peches de oficinas, non son só un problema no tecido laboral —que tamén—, pero isto é agravar tanto a exclusión financeira que hai no noso país, especialmente no rural, que é onde van desaparecer maioritariamente, e vai contribuír a agravar esa vulnerabilidade, que cada vez é maior na nosa sociedade, diante das novas formas e produtos que colocan as entidades bancarias, porque menos oficinas vai implicar menos puntos aos que ir a ser atendidos e atendidas e tamén unha menor oferta. E isto ten repercusións no consumo, que tamén a Xunta de Galiza desoe absolutamente as súas competencias exclusivas —quero recordar— na materia.

A comezar, eu quero recordar que houbo no noso país máis de 50.000 accionistas galegos, dos que moitos foron enganados e enganadas, algúns deles traballadores e traballadoras que foron instigados a facer este tipo de compras de accións. E neste tempo a Xunta de Galiza tampouco fixo nada por esta cuestión. Aínda así, malia o parón tamén da Xustiza ocasionado por esa folga que a Xunta de Galiza contribúe a non desatascar, aínda así, coñecemos xa as primeiras sentenzas en Galiza que xa anulan compras de accións pola ampliación do capital, que xa entenden que houbo unha vulneración no dereito á información e unha vulneración á hora de render contas sobre o estado financeiro real desta entidade. E isto, dunha banda, é unha alegría, porque é unha porta aberta para moita xente, pero, por outra parte, é bastante triste ver como, unha vez máis, como aconteceu coas cláusulas chan, como aconteceu con tantas cuestións do sector financeiro, é a vía individual, é a vía da Xustiza a que abre algún tipo de camiño e non a vía do compromiso das administracións públicas nesta cuestión.

Nós pensamos que isto é preciso corríxilo, porque non todo o mundo ten a oportunidade de poder emprender esta vía individual e legal. Por iso propoñemos que o Instituto Galego de

Consumo e de Competencia desenvolva un programa de reforzo no que cree puntos de referencia específicos para esta cuestión, que debера ser unha preocupación —como digo— do Goberno galego desde hai un ano. Precisamente, insisto en que hai case un ano que se consumou esta venda. O Goberno galego tivo tempo suficiente para arbitrar medidas desde entón, pero dedicouse a esa estratexia da avestruz e a non implicarse.

Tamén reclamamos medidas para outra constante que é unha reivindicación do noso grupo, que é poñer en marcha cuestións para solventar a dificultade no acceso ao crédito. Desde logo, coa desaparición desta entidade propia, vai haber menos portas ás que chamar por parte das pequenas e medianas empresas e tamén por parte dos propios consumidores individuais.

En resumo —e remato—, que o Banco Popular, o Popular Pastor —case poderíamos chamarlle—, deixe de ser galego, de ter ficha, entidade propia, vai ter consecuencias no inmediato e no futuro diante das que cómpre actuar. Galiza perde músculo financeiro. Avanzamos nun proceso de concentración que ten...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—e remato— importantes consecuencias no consumo, no tecido económico e aquí e agora e de forma inmediata nos próximos meses nos traballadores e traballadoras destas entidades. E, diante disto, nin este Parlamento nin o Goberno galego poden permanecer unha vez máis impasibles, sen facer absolutamente nada por remedialo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Bos días, señorías.

Ben, non vou falar de Eduardo Zaplana. (*Murmurios.*)

Quero empezar saudando os representantes sindicais do Banco Pastor e quero empezar citando un filósofo francés que se chama Tzvetan Todorov, que, no seu libro *El nuevo desorden mundial*, dicía exactamente: «Os gobernos parecen informar case sempre acusando» —Bipartito— «ou escusando» —esa crise que non se sabe quen produciu—, «máis preocupados por convencer que por buscar a verdade». E a realidade é suficientemente complexa para ilustrar calquera tese.

Levamos moito tempo aquí neste Parlamento falando da crise do sistema financeiro e das consecuencias directas e indirectas que tivo na Comunidade Autónoma.

Os socialista imos, dende logo, apoiar a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, que se centra basicamente, aínda que non só, no caso do Banco Pastor e a compra primeiro polo Po-

pular e, posteriormente, o regalo ao Banco de Santander. E, polo tanto, voume centrar nunha visión un pouco máis transversal do que ten acontecido co sistema financeiro desta comunidade autónoma.

Todos podemos coincidir en que o valor simbólico fundamental do sistema financeiro é a confianza, a confianza de todos os axentes económicos, sociais e laborais implicados na propia actividade financeira. E eu quero poñer tres exemplos de como esta confianza se ten —digamos— derrubado de maneira sistemática nos procesos que vivimos nesta comunidade autónoma.

O primeiro foi o propio proceso de fusión das caixas de aforro de Galicia. Auditoría KPMG inexistente. En fin, todos vimos a prensa nos últimos tempos e sabemos perfectamente de que estamos falando. Dende logo, estamos falando dunha cousa absolutamente certa. Confianza, cero.

O segundo proceso tivo que ver coa propia venda de Novagalicia Banco ao grupo financeiro venezolano naquel momento Banesco. E de novo aparecen nomes estranxeiros, anglos, ou neste caso francés: BNP Paribas, McKinsey. De novo, informes, de novo auditorías, de novo o FROB e, de novo, desconfianza, porque ata o de agora ninguén explicou cales foron as razóns polas que ese banco Novagalicia Banco se vendeu dunha maneira absolutamente exprés —logo veremos os resultados financeiros desa venda—, mentres que outras, como é o caso de Bankia, seguen en mans do FROB. Segundo exemplo paradigmático de desconfianza.

E o terceiro si que xa ten que ver directamente coa resolución do Banco Popular. E aquí temos, por un lado, Deloitte; por outro lado, Price Waterhouse, dende a perspectiva do BBVA á hora de comprar o Banco Popular, e, de novo, absoluta falta de transparencia. Nin a Xunta Única de Resolución da Unión Europea nin do propio FROB, nin o mecanismo único de supervisión bancaria, teñen explicado de maneira convincente cales teñen sido as razóns polas que se teñen producido estes feitos dos que estamos a falar.

E neste contexto a interpelación do pasado pleno eu creo que foi paradigmática. Eu sempre digo que as intervencións dos membros do Goberno galego avanza nas liñas do coñecemento económico dende logo para este humilde deputado.

Nunha comunidade autónoma en que cinco entidades bancarias teñen o 90 % do mercado e dúas teñen o 70 % do mercado, o señor conselleiro de Facenda dedicou practicamente cinco minutos a dicir que non hai ningún problema oligopolístico no sistema financeiro de Galicia. Díxoo sen ningún rubor, díxoo con razóns absolutamente peregrinas, como que ningunha empresa ten posición dominante. Non, dúas teñen o 70 %. Eu non sei exactamente onde pon a posición dominante.

Dixo que a xeración de banca en liña abría a competencia a todas as entidades. Estou seguro de que unha viúva que cobre a pensión mínima de Chandrexa de Queixa se conecta directamente, a través da internet, co Chase Manhattan en Nueva York e ten alí todos os seus servizos financeiros.

Dixo tamén que as entidades poden diferenciarse unhas doutras de maneira perfecta —cito textualmente—. E dixo tamén que existe unha estrita regulación e supervisión. Véxanse os casos dos que falaba ata o momento actual. Logo tamén dixo —e isto creo que é o máis in-moral— que a marxe reducida supuña marxes moi reducidas, supuña unha contorna altamente competitiva. Gustaríame saber por que, entón, estes bancos teñen os beneficios que teñen.

Porque os beneficios —e falo trinta segundos deses beneficios, volvo a Abanca— supuxeron para esta entidade, nos catro anos pechados, por certo catro anos pechados, co propio informe auditado por KPMG —iso si—, 2.188 millóns de euros, en catro anos, de beneficios, cando custou 1.003 millóns de euros. Esta é unha cuestión que alguén debería de explicar e que alguén debería, para subministrar confianza ao sistema, de dar conta dela.

E logo asistín tamén, dunha maneira un tanto sorprendido...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato— a un artigo publicado polo voceiro do Partido Popular nesta fin de semana, dous artigos en realidade, nos que fai referencia a que todo isto se fixo moi ben, porque ademais hai un traballo académico en teoría. E como me consta que o voceiro é un académico, sabe perfectamente que os traballos pagados por quen é parte do traballo pois digamos que o seu impacto académico, a súa verosimilitude diminúe...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...sobre o impacto do PIB de Abanca no PIB galego. A min gustaríame saber se se considera que non ía haber créditos ao sistema financeiro en Galicia se non estivera Abanca...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...porque, lamentablemente, iso é o que di este informe.

Polo tanto, falta de confianza e, lamentablemente, unha situación financeira moito peor que a do ano 2017. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Bos días.

Eu quero empezar tendo unha palabra de recordo para Carlos López Crespo, compartir a tristeza da súa familia persoal e da súa familia política, porque aínda que estabamos nos antípodas ideolóxicos Carlos López Crespo era unha persoa que se facía querer.

O luns 23 de abril, Isabel Tocino e catro máis que conformaban o Consello de Administración do Banco Pastor formalizaron a decisión de liquidar definitivamente a entidade. Isabel Tocino, cinco meses de presidenta da entidade para liquidar douscentos corenta e dous anos de historia. Porque dende que Isabel Tocino firmou esa acta o Banco Pastor xa non ten estrutura propia, non ten consello de administración, non ten ficha bancaria, non ten sede social. É só unha marca comercial que desaparecerá ao longo de 2019 cando os rótulos do Banco de Santander saian dos talleres e substitúan os que aínda quedan nas oficinas do Banco Pastor.

Fin da historia. Fin de douscentos corenta e dous anos de historia dun banco que foi quen de superar a Primeira Guerra Mundial, o crack do 29, o golpe militar de Franco no 36, a Segunda Guerra Mundial, o franquismo, a posguerra, a autarquía, a entrada na Unión Europea, o proceso de reestruturación bancaria que azoutou o sector financeiro español dos anos noventa. Foi quen de superar todo isto, pero non foi quen de superar a década perdida.

Porque é certo que o banco desaparece como consecuencia de erros propios, de mala dirección, pero tamén é certo que gran parte da súa desaparición ten que ver coa decisión do oligopolio financeiro español de concentrar o poder bancario en dúas ou tres entidades. Operación de liquidación na que contou coa complicidade dos gobernos central e da Xunta de Galicia, uns por acción e outros por omisión.

O prezo que estamos pagando como país é enorme. Este ou é en termos de destrución de emprego, ou é en termos de exclusión financeira, ou é en termos de reforzamento do oligopolio, de perda de capacidade de financiamento de empresas e particulares e, polo tanto, das posibilidades do crecemento económico. Porque as entidades financeiras son un instrumento fundamental na estrutura económica de calquera país. E Galicia perdeu nos últimos anos tres entidades que ocupaban un papel central na capacidade de desenvolvemento da economía galega.

No ano 2009 —non pasou tanto— traballaban no Banco Pastor 4.112 persoas. Hoxe apenas chegan a mil, e mañá aínda serán menos os que manteñan o seu emprego nas oficinas do Banco de Santander ao longo dos próximos anos. Perdemos tres mil empregos, tres de cada catro dos que había antes de empezar a liquidación. Empregos ben retribuídos, con contratos indefinidos, en actividades de alto valor engadido, que desaparecen como consecuencia do peche dos servizos centrais e a intensa redución do número de oficinas. Un retroceso brutal, de emprego, de actividade, de financiamento da economía galega, que vén acompañado da precarización das condicións de traballo das persoas que aínda quedan no sector. Deterioración que explica que as actividades financeiras aportaran antes da recesión o 4,3 % do PIB galego e agora só chegan escasamente ao 3 %.

No balance da década perdida —esa da que falabamos o outro día—, iniciada no ano 2009, xunto á destrución de emprego, o aumento da pobreza e a desigualdade, ademais da desindustrialización, tamén temos que incorporar ter pedido tres entidades financeiras galegas que estaban entre as vinte entidades máis relevantes en todo o Estado. Porque iso fainos máis débiles, ter menos recursos, menos capacidade de crecemento e ser un país máis dependente.

Un balance abrumador para o Goberno galego, que celebrou, primeiro, a fusión das caixas, que acabou coa súa liquidación; que valorou como unha saída positiva cando o Popular comprou o Pastor, e que presumiu nesta tribuna de xestións para manter a marca e a estrutura propia do Pastor cando o Santander comprou o Popular.

Señores do Partido Popular, ¿que foi daquela carta a Botín?, ¿que foi dos compromisos do presidente da Xunta de Galicia nesta cámara? ¿Vai dar algunha explicación?, ¿vaise desculpar?, ¿vai pedir perdón?

Remato. Remato recordando que foi unha dirixente do Partido Popular, Isabel Tocino, quen compartiu consello de ministros con Eduardo Zaplana, a que firmou a acta de defunción dunha entidade financeira galega con douscentos corenta e dous anos de historia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moi brevemente, quero dar as grazas ao señor portavoz Abel Losada por lerre na prensa. Eu agradézollo, hónrame moito. E tamén lle agradezo que lles dea publicidade ás miñas modestísimas contribucións periodísticas.

Ao señor Lago gustárame dicirlle que cando fale da supervivencia do Banco Pastor durante o franquismo que coordine a súa mensaxe coa que dá o seu grupo cando fala da doazón do pazo de Meirás, porque, se non, podemos ter imaxes contraditorias.

Cando falamos do sistema financeiro, en calquera circunstancia relacionada co sistema financeiro, eu creo que é fundamental, sobre todo despois do que acabamos de escoitar, facer algunha contextualización de por que está mudando o sistema financeiro de Galicia, de España, de toda a Unión Europea e en todo o mundo. Hai, evidentemente, causas conxunturais: un proceso de desregulamentación provocou unha crise e a desaparición de entidades como consecuencia da crise financeira foi común a todo o mundo. Parece que só desapareceron en Galicia. E nos Países Baixos desapareceron desde o ano 2008 sesenta e oito entidades financeiras, corenta e tres en España, corenta e dúas en Grecia e trinta e nove en Francia. Polo tanto, é un proceso que non atinxe exclusivamente o noso país.

E, desde logo, todas as decisións que se están a adoptar pois teñen que ver, entre outras cousas, con conxunturas, con circunstancias conxunturais, como son os tipos de xuro do Banco Central, a redución das marxes e as exixencias de solvencia que se fan nas novas entidades coa nova regulación, que garante moito mellor a seguridade e a confianza nun sistema, pois fan que os activos problemáticos herdados da bonanza inmobiliaria se traduzan en máis provisións, en máis capitalización.

E hai tamén causas estruturais, porque aquí faise unha referencia a Chandrexo de Queixa. Pero os datos —que son de Eurostat— son que en España utilizan xa o sistema dixital para o pago —voulle dicir a cifra exactamente— o 54 % das persoas que utilizan banca; xa utilizan, xa fan pagos a través de banca dixital. Certamente que é unha porcentaxe importante.

Pero non ter en conta a transformación tecnolóxica e profunda e o cambio, polo tanto, que se dá no que é a xestión dunha entidade financeira, onde máis da metade dos seus clientes xa utilizan e acceden sete días á semana, vinte e catro horas, todos os días do ano os servizos financeiros, pois certamente cambia moito a situación, sobre todo desde o momento en que falamos da banca en termos históricos.

As entidades financeiras adaptáronse. Iso traducíuse, efectivamente, nunha redución de oficinas —iso é ben sabido— en España e en Galicia. En Galicia suprimiuse o 40 % das oficinas nos últimos anos, desde que comezou o proceso de transformación, e certamente desapareceron entidades financeiras.

Eu quero recordar que, sen entrar nalgunhas cuestións que foron mencionadas, tales como a de estar aínda suxeito a procesos xudiciais, o Banco Popular tiña dúas alternativas: unha foi a que se executou e a outra era un proceso de liquidación. Onte mesmo na prensa viña un exemplo de liquidación en España, o único banco que se liquidou en España, que foi o Banco de Madrid, que era un banco que non tiña a situación nin de cerca que tiña o Banco Popular, e que tres anos despois aínda está sen pechar o proceso de liquidación. Sabemos que os accionistas perderon o cen por cento de todo o que tiñan como accionistas. O Fondo de Garantía de Depósitos xa ten garantido os depósitos por debaixo de 100.000 euros e os demais depositantes terán que aceptar quitacións; todo iso xa é público. E o Banco Popular, que era máis grande, estaba nunha situación cun balance moito máis danado. Eu quero recordar que o Fondo de Garantía de Depósitos calculou que a garantía dos depósitos do Banco Popular, pero tamén do Pastor, de menos de 100.000 euros por depósito custaría ao Fondo de Garantía de Depósitos 30.000 millóns de euros. Ningún banco quixo puxar por el, a diferenza do que ocorreu coa Abanca, por certo. E, finalmente, foi o Banco de Santander, que recorde que pagou un euro, pero tivo que ampliar capital por 7.000 millóns de euros e maioritariamente para sanear o Banco Popular por 12.000 millóns de euros, que foi o saneamento total introducido. E ademais, garantíronse o cen por cento dos depósitos e non se puxo diñeiro dos recursos públicos.

Certamente, esa absorción, que xa é pública, pois xera a desaparición da marca, que aínda se mantén formalmente polo menos, Pastor Grupo Santander. Pero o certo é que todo o que dixemos aquí cando se produciu esa venda, o que está aprobado pola Cámara, como velar por que o cambio na propiedade do Banco Pastor manteña para Galicia o menor impacto posible no emprego, estase a cumprir. É certo que o impacto no emprego desta última absorción, e posiblemente polo traballo feito antes polas entidades cando non estaban conxuntamente, foi mínimo. É certo que pedimos que se velase pola fundación, e que nós saibamos a fundación de momento non expresou ningunha circunstancia que faga perigar a súa situación. E o certo é que o presidente cando compareceu nesta cámara vencellou todo á situación dos empregados.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Manifestamos a nosa solidariedade entón. Volvemos e reiterámolo agora. E, desde logo, polas novas que temos pois certamente non está a ser un proceso traumático, alleo á propia vontade dos traballadores.

¿Desaparición da marca? Para nós sería un erro, simplemente, pero o propietario, evidentemente, tomará a última decisión.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Puy.

Saudamos os alumnos de primeiro da ESO do IES Manuel Chamoso Lamas, do Carballiño, que acaban de entrar no salón de sesións.

Ten a palabra para rematar este punto por parte do grupo autor da moción a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Ben, a parte da historia económica está moi ben, é intelectualmente moi enriquecedora. Podemos discutir a perspectiva que ten cadaquén tamén en función da súa ideoloxía. Pero a nosa iniciativa de hoxe vai doutra cousa, non vai de se era mellor a liquidación ou a venda, de se era mellor unha solución ou outra. Iso xa pasou. Do que se trata é de se temos un goberno ou se temos unha comparsa, señor Puy. (*Aplausos.*) De se temos un goberno que se implica cos acordos aos que se comprometeu nesta cámara, cando isto supuña un problema para el, e dos que nós non temos constancia de que se fixera nada, máis alá das cuestións que xa citei, desas conversas de pasillo coa señora Botín.

Porque, claro, vostede vén aquí e dinos que coma quen que xa fixeron todo, que mantiveron o seu compromiso polo emprego. Iso contrasta co que nos di a representación legal dos traballadores e traballadoras, que hai quince días se concentraron demandando un pronunciamento da Xunta de Galiza que aínda non chegou. E iso contrasta tamén co resultado da interpelación que tivemos co conselleiro, e que vostede case veu repetir. Non deu ningunha explicación do que fixeron para a cuestión da perda de postos de traballo e para outras. Porque, por exemplo, a min paréceme moi ben que teñamos en conta a transformación dixital. Pero, ¡home!, iso é como se dicimos que, claro, no día de hoxe como o médico de cabeceira podes chamar por teléfono tamén e podes puntualmente ser atendido por vía telefónica, algo que ninguén nega que en pleno século XXI pois é práctico ás veces para determinadas cuestións, pero unha cuestión é iso e outra cuestión é camiñar cara a un modelo onde para unha atención médica ou unha atención bancaria para a explicación, atendimento dos produtos e demais pois teñas a chamar a un telefonista que te atenda desde Colombia ou desde sabe Deus onde. Polo tanto, parécenos perverter un pouco esa cuestión.

Tampouco deu explicacións novamente de por que rexeitan mellorar os mecanismos desde o ámbito do consumo por parte do Goberno galego, por que eternamente nesta cuestión ou nalgunhas outras que se teñen posto enriba da mesa o Partido Popular vota sistematicamente en contra desa cuestión, unha cuestión que tamén se colocaba enriba da mesa cando tivemos este debate en xuño e que non se aceptou.

A min, co texto na man, valeríame o acordo a que este Parlamento xa chegou, pero a cuestión é que vostedes durante este tempo o que fixeron foi desatender as súas funcións. Eu non lle vou ler un cacho dun artigo seu, señor Puy, pero vouno citar tamén. Noticia do 12 de xuño. O portavoz parlamentario do Partido Popular de Galiza, Pedro Puy, destacou que «a Xunta de Galiza, a través das relacións diplomáticas, procurará que o dano pola venda do Banco Popular ao Santander sexa o menor posible para o conxunto do emprego e da economía galega.»

Claro, é que sobre a teoría nós firmariamos iso, pero é que a realidade é que, pasado case un ano, vemos que hai un goberno comparsa que non fixo absolutamente nada por iso e vemos un cadro de persoal absolutamente preocupado e que xa sabe o que vai acontecer, e vemos tamén a situación de duplicidade de entidades, e que isto nos vai deixar unha realidade moito máis complexa desde o punto de vista das e dos clientes, desde o punto de vista...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...da capacidade económica do país e desde o punto de vista de motísimas familias que van quedar hipotecadas e que hoxe, lamentablemente, despois de vir a esta Cámara, van durmir tamén esta noite de forma intranquila porque ven que non hai un goberno comprometido con esta cuestión.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Pasamos á seguinte iniciativa.

Moción do G. P. de en Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas enfermidades profesionais

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción non se presentaron emendas, e para formular a moción ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, creo que cabe lembrar hoxe o traballador, o obreiro de Tubacer que faleceu desgraciadamente, que perdeu a vida no seu posto de traballo a pasada semana. Que aínda a día de hoxe teñamos que sufrir esta cantidade de accidentes laborais con causa de morte no noso país é unha auténtica desgraza e ten moito que ver coa ausencia de políticas reais en materia de prevención de riscos laborais. Así que vaia por diante o respecto á familia deste traballador e, dende logo, á loita polas condicións dignas no posto de traballo.

Traemos hoxe esta moción, logo de ter interpelado o conselleiro no pasado pleno, nunha interpelación na que xa lle trasladamos que nos tiñamos sentado cos colectivos de afectados e afectadas de diversas enfermidades profesionais. Hoxe tamén temos que saudar os afectados pola exposición ao amianto e á sílice cristalina que están seguindo este pleno.

E xa dixemos no anterior pleno, nesa interpelación, que este punto, que este asunto era de extremada relevancia para o noso grupo parlamentario. Entendemos que a situación de inseguridade no emprego, a situación de exposición a tóxicos e axentes causantes de enfermidades profesionais, ten que ter unha resposta decidida por parte da Xunta de Galicia, que a día de hoxe non se está a producir. Estamos, polo tanto, nun contexto de desprotección da clase traballadora no seu posto de traballo, como así o indican os datos e xa o indicamos, xa o recordamos no anterior pleno.

A redución de postos de traballo industrial, desgraciadamente, non se acompaña cunha redución de accidentes laborais nin cun incremento de investimento en prevención dos accidentes de carácter laboral nin tampouco un investimento na creación de emprego estable. Perdéronse en Galicia 41.000 postos de traballo industriais e só contamos cun 0,9 % do orzamento da Xunta para crear emprego, que, como xa se ten indicado nesta Cámara, nin se quera se está a executar ao 100 %. Incrementouse no ano 2017 un 9,17 % a sinistralidade laboral e un 8,6 % as enfermidades profesionais no noso país. Son datos de extremada preocupación, polo menos para o noso grupo parlamentario, e, non obstante, o investimento en seguridade e saúde laboral acumula dende 2009 un recorte dun 56 %. Iso é unha auténtica barbaridade, que non se pode soportar no noso país.

Sobre esta realidade acumúlanse, ademais, os prexuízos da exposición a axentes causantes de enfermidades profesionais que causan problemas graves na saúde de traballadores e traballadoras e que en ocasións tamén son causantes de problemas de saúde pública. Por iso interpelamos o Goberno no anterior pleno e, non obstante, lonxe de manifestar algún tipo de preocupación nesa intervención por parte do conselleiro de Industria, trasladouse practicamente que todo se estaba facendo ben e que había unha correcta atención á saúde laboral.

Frivolizouse ademais aquí coa exposición ao amianto. Dixo o señor conselleiro de Industria que, como xa non hai exposición, apenas hai risco, que está prohibido dende o ano 2002, obviando, como xa se lle dixo, que todas e todos sabemos que as causas que motivan a enfermidade veñen logo dunha exposición que aconteceu dez, vinte ou trinta anos atrás, e que, ademais, hai, evidentemente, múltiples lugares onde segue o amianto colocado en infraestructuras, sen ningún tipo de plan de retirada.

Nós hoxe pedimos, ademais, neste sentido, que se elabore, evidentemente, un mapa para coñecer onde están os puntos, os edificios que teñen ese amianto e para poder planificar de maneira progresiva a súa retirada.

Frivolizouse con esa circunstancia, e frivolizouse dicindo que non había problema, que se estaba atendendo correctamente e que, ademais, a unidade de atención en Ferrol funcionaba de maneira correcta.

Nós xa lle trasladamos na interpelación que había problemas, porque se estaban incrementando as listas de espera para as intervencións, que a espera actual para revisión está en dous anos e catro meses, cando o que se recomenda é para os casos máis leves unha revisión anual, que se estaban derivando doentes, persoas atendidas nesa unidade específica de aten-

ción primaria para facer o seguimento en atención primaria e non na unidade específica, cousa que non tiña acontecido nunca antes dende que se abriu a unidade, e que non se estaban a facer as probas necesarias para avaliar na revisión o mesmo día da proba. É dicir, hai un incremento da lista de espera, hai un atraso na realización de probas, hai derivación de doentes a atención primaria, cando son doentes que estaban atendidos en atención especializada.

Por iso, nós hoxe pedimos, unha vez máis, que se amplíe a capacidade de recursos humanos desa unidade de atención á asbestose do Sergas, situada en Ferrol, e, dende logo, que se mellore esta situación.

E solicitamos tamén que, para este e o resto de riscos, non só que se faga o mapa relativo a onde está o amianto no noso país, senón que se elabore un mapa real e actualizado das diferentes enfermidades profesionais e riscos laborais no territorio galego.

Estamos falando de axentes —algúns— que aínda existen —é dicir, que hai que retiralos— e outros nos que hai exposición directa. E, ante esta circunstancia, na intervención do conselleiro frivolizouse con este tema, e, non obstante, despois —este foi o debate o día 8 de maio—, curiosamente, o día 11, a Xunta de Galicia anunciaba: «Sanidade crea o Rexistro galego de exposición laboral ao amianto.» É dicir, tres días antes dicíannos que non era necesario, que xa non había exposición, frivolizando cos casos de enfermidades, e, non obstante, tres días despois anunciaba un rexistro específico para os casos de amianto; todo unha veloz corrección no posicionamento da Consellería de Industria neste caso.

¿Que sucede co resto de asuntos? Mentres nós pediamos ese mapa actualizado e o que pedimos hoxe na moción, falabamos tamén da exposición ao impacto desa sílice cristalina, e o conselleiro de Industria tamén minimizaba as consecuencias dese impacto dicindo que xa se estaban tomando medidas e que se estaba investindo en modernizar as canteiras de áridos, de lousa e de granitos. E a realidade é que nós nese sentido cremos que non se está a facer de maneira correcta. Tiñamos estes días noticias da exposición dos veciños e veciñas polo transporte dos propios áridos, e trasladabamos tamén que existía un sesgo de xénero no caso das pizarreiras e no caso doutras mulleres que traballaban con pedra e que traballaban con outros materiais.

Pero indicabamos tamén outra serie de problemáticas relacionadas con este aspecto, que imos tratar de maneira específica noutra iniciativa, e é precisamente a desprotección que teñen os traballadores que son diagnosticados de enfermidades relacionadas coa exposición á silicose, que son diagnosticados nun grao 1, e que non poden acceder a ningún tipo de axuda nese sentido. A Xunta de Galicia ten que tomar algún tipo de medida para solucionar esta situación, porque esas persoas teñen dificultade para atopar un emprego e tampouco poden acceder a ningún tipo de axuda.

É unha enfermidade, ademais, que ataca de maneira moi dura a saúde, que incapacita gravemente, e persoas cada vez máis novas. E nós trasladabámoslle que temos un informe do propio Issga, de 2016, que indica que se está a producir un repunte desta enfermidade profesional, relacionada tamén coa exposición relativa ao uso e á colocación de pedras artificiais

cun grao elevado de sílice de maneira artificial, como poden ser os mesados de cociña. Traslábadámolo o outro día. E temos un sector moi amplo e non se está tomando ningún tipo de medida, a pesar de haber un informe específico do Issga.

Nós pedímoslle nesta iniciativa que se amplíe a atención das unidades específicas, que se cree outra unidade no sur de Galicia, non só para o asbesto, senón que sirva tamén para atender os afectados e as afectadas da sílice cristalina dunha maneira específica, e que estas persoas poidan ser atendidas dunha maneira máis especializada.

É certo que agora para os transplantes de pulmón acoden á Coruña, e funciona relativamente ben o servizo de transplante de pulmón, pero non hai unha atención específica no sur da provincia. Nós queremos que tanto na zona norte como na zona sur os afectados por traballar con amianto e os afectados por traballar con sílice cristalina poidan ser atendidos nunha unidade.

E, evidentemente, neste sentido, que se dote o Issga de medios, porque o que non pode acontecer é o que está a pasar, que nos últimos anos o recorte acumulado de orzamentos para o Issga sexa dun 40 %. Non se pode traballar nesas condicións. Temos informes específicos do Issga, temos un traballo dos profesionais que eu creo que é moi positivo —e hai que reseñalo aquí—, e, non obstante, a Xunta de Galicia non inviste na prevención e na promoción desa saúde no ámbito laboral e na prevención dos riscos laborais.

E, ¡oh!, casualidade, traemos este asunto o día 8 de maio e sete meses sen convocar a mesa específica sobre a silicose no Issga e hoxe convocan a mesa sobre silicose no Issga. Hoxe están reunidos para tratar dese tema. Eu alégrome de que, grazas a que se traían aquí as iniciativas, se tome algún tipo de medidas ou polo menos se empecen a interesarse polo tema.

Vou rematar xa. Pedimos tamén que se realice un protocolo específico para o control, a medición e a prevención do radon nos postos de traballo. Temos un informe específico da Universidade de Santiago de Compostela. A Xunta de Galicia fai totalmente caso omiso, e xa se teñen presentado denuncias en Inspección de Traballo por non facer as medicións de gas radon nos edificios públicos da Xunta de Galicia. Non se tomou ningún tipo de medida. O Estado español incumpre a Directiva europea Euratom, que segue sen traspoñer. E outra casualidade máis: traemos ese asunto a debate e, xustamente, dez días despois, a Xunta anuncia que impulsa medidas para a protección fronte ao radon.

Nós queremos que a Xunta tome en serio dunha vez por todas este asunto da seguridade no traballo, da saúde laboral e, dende logo, tamén da saúde pública e que se adopten polo menos esas medidas que hoxe estamos a propoer.

Nada máis por agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ter a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Eu quero empezar manifestando a preocupación do BNG pola situación de desprotección na que aínda a día de hoxe —maio do ano 2018, século XXI— se atopan os traballadores e traballadoras diante de determinadas enfermidades profesionais, en xeral, pero, en concreto, no tema que nos ocupa, diante de determinadas enfermidades profesionais.

Desde as revolucións industriais foise conseguindo a mellora da protección dos dereitos laborais e de protección, pero estas melloras sempre tiveron que ser arrincadas pola clase traballadora ao capitalismo, polo medo deste a que o caos derivado dunha excesiva desigualdade producira ese caos, e que logo a socialdemocracia fora tamén conseguindo correccións desas desigualdades, tamén en aras do mesmo, esas melloras laborais, sanitarias ou de prevención, mais sempre por esa presión da clase traballadora, dos afectados e das afectadas e dos representante sindicais, mais que nunca veu polo lado de a Administración ver realmente unha situación tremendamente preocupante. O recoñecemento na lexislación, a implementación de medidas, foi sempre, tras moita presión, tras moita loita, que se foi recollendo, tras ter que mostrar as dramáticas consecuencias e a perda de vidas humanas, no caso das enfermidades que hoxe nos ocupan.

O BNG tense preocupado e ocupado desta cuestión, especialmente no caso da silicose, pero tamén no caso do amianto. Témolos levado en moitas ocasións a este Parlamento e ao Congreso dos Deputados, téñense aprobado iniciativas, mais non ten sido obxecto da preocupación debida por parte dos gobernos. E estamos vendo que a día de hoxe segue habendo perda de vidas humanas por estas enfermidades profesionais e por causa directa da enfermidade contraída no posto de traballo, pola exposición directa dos traballadores e traballadoras no posto de traballo.

A enfermidade profesional por silicose e amianto foi un cabalo de batalla das organizacións sindicais en Galiza, porque estamos a falar en tempo presente e non dunha realidade que vaia decrecendo. E iso é o que nos preocupa dun xeito moi alarmante. Non é que esteamos dando cifras que estean descendendo; no pasado foron descendendo, pero no presente están aumentando. E iso, dende logo, debía de ser motivo de moita preocupación, porque, lonxe de diminuír, as cifras de afectados están aumentando.

E estamos a falar de traballadores, fundamentalmente —tamén hai traballadoras—, en masculino, de xente nova, con 30 e poucos anos, con 40 anos, que están sendo afectados e están morrendo. Co cal, desde logo, nós imos apoiar esta iniciativa. Temos rexistrado tamén iniciativas nesta dirección. E estamos vendo que hai incumprimentos en toda a cadea por parte da empresa, por parte dos servizos de prevención de riscos, por parte das mutuas, tanto na implementación de medidas de prevención no lugar de traballo como na vixilancia de saúde. Faltan recursos, faltan unidades específicas e, en resumo, falta preocupación e ocupación por parte do Goberno, que soamente actúa cando hai unha auténtica presión, cando se desata a alarma social e cando se consegue poñer na opinión pública realmente a crueza do que estamos a falar. Estamos —insisto— a falar de persoas que enferman e de persoas que deixan a vida con moi poucos anos de vida.

Insisto: hai un repunte. En Galiza está historicamente asociado á lousa —no caso de Valdeorras— ou ao granito —no Porriño—, pero estamos falando de na actualidade asociado a outro tipo —estou falando do caso da silicose— de produtos, asociado efectivamente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...a produtos de construción e que está dando unha tipoloxía cunhas cuestións alarmantes.

No caso do amianto, trouxémolo aquí tamén en bastantes ocasións. A pesar de que hai unha data por parte da Unión Europea, que fala do 2028 como data tope para que a Unión Europea estea libre de amianto, con todo, diante desa data pois realmente non se están poñendo os medios encima da mesa realmente para que esa data leve parellas medidas acordadas con esa pretensión teórica. Dende logo, preocúpanos no plano da eliminación do amianto, xa empezando polos edificios públicos, escolas e demais, pero logo no plano da saúde. E, dende logo, vemos como unha despreocupación total...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...e a negación do problema. E realmente o problema non é menor e soamente vemos que se actúa a golpe de alarma.

E, dende logo, ademais de apoiar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...—remato, presidente— esta iniciativa, o que pediríamos é que por parte do Goberno non soamente se actúe cando hai alarma social, senón que se debe actuar de oficio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Benvidos tamén os convidados.

Se a crise económica se empregou como escusa para todos os retallos no mercado laboral, o certo é que a prevención de riscos é a gran damnificada dentro deste eido, non soamente polo propio sector empresarial, senón tamén polos gobernos de España e polo Goberno da Xunta de Galicia tamén.

Se as reformas laborais introduciron unha gran precariedade ou potenciaron a que xa existía, son tamén unha causa fundamental da situación que hai agora mesmo. Pero é que, a maiores, temos retallos orzamentarios, unhas políticas *low cost* en materia preventiva que se

veñen consolidando nestes últimos anos, tanto dende o Goberno de España como dende a Xunta de Galicia.

E dábase aquí o dato, pero imos repetilo. Dende o ano 2009 o orzamento do Issga, ese instituto que é tan importante e cuns grandes profesionais aos que non se lles están dando nin os medios humanos nin os recursos económicos para desenvolver o seu traballo, ten reducido o seu orzamento un 40 % dende o ano 2009. Non soamente o Issga. O propio programa de mellora de sistemas de saúde e seguridade do traballo ten unha redución de aproximadamente un 34 %.

Esta redución nas contas está tendo unha incidencia negativa na seguridade e na saúde no mercado de traballo. Índice de incidencia de accidentes mortais —levámolo repetindo dende hai dous anos—: a cuarta comunidade autónoma con maior índice de incidencia. E é importante este dato, porque estamos falando do número de accidentes mortais en relación coa poboación que está a cotizar. Pois somos a cuarta comunidade autónoma. Se a media estatal é dun 3,20 %, Galicia está nun 5,48 % no ano 2017, cunha Estratexia galega de seguridade e de saúde do período 2017 ao 2020 que está completamente crioxenizada e da que non temos ningún tipo de nova.

E non soamente accidentes laborais, afecta tamén as enfermidades profesionais, onde se ten incrementado a detección desas enfermidades un 8 %. E preguntámonos: se con baixos recursos se está detectando un 8 % máis, ¿que sería se se estivera investindo o que se investía antes? Pois un montón de casos que están quedando ocultos.

É certo que sobre a asbestose, a silicose e todas as súas formas non estamos na década dos 80, non imos ver traballadores con panos na boca, que non pasen recoñecementos médicos. Hai cursos de formación, hai roupa de traballo que se lava en centros especializados e que non se leva para a casa. Pero é certo que todos estes avances, todos estes esforzos se deron grazas a moitas familias das vítimas da silicose e tamén aos sindicatos de clase, para os que hoxe este grupo parlamentario quere ter unha mención especial (*Aplausos.*), porque foron especialmente reivindicativos e especialmente machacóns na necesidade de poñer en marcha a Lei de prevención de riscos e toda a súa normativa de desenvolvemento, e principalmente a de axentes biolóxicos, neste caso, que foi fundamental tamén para frear os avances neste tema.

O certo é que esta enfermidade ten unha alongada sombra, que parecía que o propio conselleiro non vía o outro día. Son casos que se manifestan corenta anos despois. A pesar desa prohibición do ano 2002, por desgraza estes casos van seguir aparecendo. E Galicia é a comunidade autónoma con máis casos de silicose de toda España. Dos 164 casos detectados en toda España, 55 foron aquí en Galicia. Ourense está á cabeza da detección destes casos, no sector da lousa, e nas canteiras de granito do sur de Pontevedra. É dicir, temos un problema grave sobre o que se debe actuar.

É certo que vimos asistindo estes últimos días á publicidade e propaganda dese rexistro. Hai un rexistro de empresas e agora un rexistro de casos, o Reguela —se non me equivoco—, que nace con graves deficiencias e con graves carencias —e querémolo denunciar hoxe aquí dende o Grupo Socialista—, porque se piden probas documentais ás persoas expostas.

E voules poñer un exemplo, señorías. Aqueles traballadores —homes, na súa maior parte— levaban a súa roupa de traballo a lavar aos seus fogares. As que traballaban na casa maioritariamente eran mulleres; mulleres que faleceron tamén —e para as que hoxe quero ter unha mención especial— por estaren expostas tamén a eses materiais; mulleres ás que incluso se está recoñecendo esa enfermidade profesional a través de sentenzas xudiciais. Igual o voceiro do Partido Popular me pode explicar que documento acreditativo de exposición van ter esas mulleres.

E vai haber máis problemas, dos que entendo que teremos tempo para falar.

Ademais, hai un fondo de compensación polos afectados das vítimas e as súas familias, que tería que estar en marcha. Unha proposición de lei impulsada dende o Parlamento do País Vasco, coa abstención do Partido Popular, apoiada por todos os grupos parlamentarios excepto polo Partido Popular, que evitaría ter que acudir aos tribunais, neses longos procesos aos que se están enfrontando aínda moitas familias. Pois ben, a tramitación desta lei leva pois dezaoto aprazamentos —comentábanme os meus compañeiros e compañeiras— no Congreso dos Deputados, para non poñer en marcha unha lei que é fundamental para as vítimas e tamén para as súas familias.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Hoxe imos apoiar esta iniciativa. Consideramos necesario, como levamos incidido en numerosas iniciativas durante esta lexislatura, incrementar ese orzamento, que haxa un mapa pormenorizado e que se dea un tratamento específico pola zona sur, pero sobre todo que rematen as políticas *low cost* en materia de prevención.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Eu o primeiro que teño que dicir é que a preocupación pola seguridade e a saúde no traballo non é monopolio de ninguén, senón que é unha preocupación compartida por todos os grupos, e que, polo tanto, hai discursos cos que nós nin coincidimos nin podemos coincidir.

A min paréceme moi egocéntrico o plantexamento de entender que o Issga traballa porque un grupo parlamentario presente iniciativas. Eu creo que hai que tratar con respecto unha institución como é o Issga, un instituto que, por certo, creamos nós cando gobernamos hai uns anos. E que, polo tanto, nós temos esa responsabilidade e esa sensibilidade que por parte dalgunha voceira se nos ten negado.

A saúde dos traballadores é unha cuestión absolutamente prioritaria para o Goberno galego, para o grupo maioritario que o sustenta nesta Cámara. De feito, véñese de aprobar recentemente unha Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo para o período 2017-2020, con plans anuais para o Issga, que inclúen actuacións relacionadas efectivamente coa investigación de enfermidades profesionais e coa vixilancia da saúde dos traballadores. A normativa sobre saúde e seguridade no traballo cada vez é máis exixente, sendo a prevención unha das bases fundamentais para esas políticas.

Eu teño que dicir que non é certo que exista un repunte de enfermidades profesionais nin de accidentes de traballo e que se deba á situación do mercado laboral. Non é certo. Hai cuestións de datos que se veñen de dar que non son certas: nin somos a comunidade con maior índice de enfermidades profesionais —non o somos— nin o somos no que ten que ver con accidentes de traballo; tampouco con accidentes mortais —non o somos— nin estes ocorren con máis frecuencia entre os traballadores temporais, como se ten afirmado. Non é verdade, non é certo. Por suposto, non se tolera dende o Goberno galego e dende a Inspección de Traballo a vulneración da lei, o incumprimento da lei, non se tolera.

Accidentes laborais, período 2008-2017, accidentes leves: no ano 2008, 49.500; ano 2017: 20.680 —case a metade—, unha redución dun 46 %. Graves: 698, no ano 2008; en 2017, 437. Mortais: no ano 2008, 71; no ano 2017, 43. Totais, no ano 2008, 50.000; no ano 2017, 27.286. Seguen sendo moitos e temos que seguir traballando para que se reduzan, pero a proporción das cifras é esa. Enfermidades profesionais, con baixa, no ano 2008, total, 915; no ano 2017, 765.

O aumento dos casos de enfermidade profesional débese entender positivo tamén. É unha consideración que creo que debemos facer, no sentido de que emerxe unha patoloxía profesional que antes se consideraba enfermidade común. E, polo tanto, as estatísticas eu creo que deben considerarse de forma positiva.

Non é certo que exista ese repunte de enfermidades profesionais, como veño de demostrar. O aumento no índice de enfermidades profesionais débese a campañas de cribado que se fan dende a Administración e a un maior control. En 2017 houbo case a metade de accidentes laborais con baixa en xornada laboral que no ano 2008. Esa é a realidade. E eu teño que dicir, fronte a mensaxes catastrofistas, que nós non podemos compartir que o Sistema público de saúde de Galicia non garante unha atención de calidade a todos os pacientes e tamén aos que padecen enfermidades profesionais. Non se pode dicir o contrario.

Sobre os orzamentos do Issga, eu teño que dicir que o orzamento no ano 2018 se incrementa con respecto ao ano anterior un 3 %. E se miramos os dous últimos anos, o incremento do orzamento do Issga é dun 10 %, un 10 %. Non me fale da situación do presuposto, porque vostedes deixaron un presuposto inflado e hoxe temos 2.000 millóns de euros menos que cando gobernaban vostedes, que gastaban e non había. E, polo tanto, é bastante incoherente comparar orzamentos reais con orzamentos irrealis, que era o que manexaba o Partido Socialista.

Incremento desas partidas de orzamento do Issga. Eu teño que dicirlle que, a maiores, a Xunta de Galicia dedica 10 millóns de euros a seguridade e saúde no traballo, en axudas en

accións de fomento e prevención de riscos laborais. Para reducir a exposición do po de sílice, precisamente, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha axuda de 3 millóns de euros, que vostedes non consideran; pódelles parecer insuficiente.

Eu si quixera matizar as palabras que dixo o conselleiro, porque temos todos a súa intervención na interpelación do pleno pasado, e o conselleiro o que dixo é que, dende decembro de 2002, o uso de amianto está prohibido e que, polo tanto, a exposición actual ao amianto se limita a actividades de eliminación precisamente do amianto e de tratamento de elementos onde existe amianto, e que, polo tanto, alí onde se actúa para retirar o amianto hai un informe preceptivo do Issga e que, polo tanto, se está actuando con absoluta responsabilidade neste asunto.

Hai unha cuestión que eu creo que é contraditoria na iniciativa que nos propón En Marea, cando fala de estudar e planificar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...a apertura dunha nova unidade de atención á asbestose na zona sur de Galicia, posiblemente porque, ademais, creo que é incoherente, porque dende a asociación que agrupa os afectados polo amianto do que se está falando é de crear na área sanitaria de Ferrol un centro de referencia para toda Galicia. E posiblemente ten máis sentido esa proposta que crear unha unidade de atención no sur de Galicia, onde o número de casos é moi limitado. E, polo tanto, eu neste sentido creo que non compartimos esa opinión.

Con respecto ao po de sílice, os valores ambientais limitáronse no ano 2007. A Xunta de Galicia está actuando neste sentido con responsabilidade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Do que se trata é de traballar do lado do sector da lousa, e o que fixemos foi poñer unha liña de axudas específica dotada con 3 millóns de euros para camiñar nesta situación.

Falábanos na súa iniciativa tamén do mapa de situación do amianto. Eu teño que dicirle que, neste sentido, non é sinxela esta cuestión, non é sinxela, porque os edificios uns son da Xunta de Galicia, outros non o son. Eu creo que, neste sentido, resultaría moi complicado establecer este mapa. Do que se trata é, onde se retira o amianto, de que se cumpra a normativa preceptiva.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: E remato xa, presidente.

Con respecto ao gas radon, do que nos falaba, eu teño que dicirle que hai unha iniciativa aprobada por unanimidade na Comisión 2ª deste Parlamento, do 5 de abril deste ano, e nós,

polo tanto, remitímonos a esa declaración, a esa iniciativa aprobada por unanimidade por todos os grupos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio dos grupos da oposición. É un asunto relevante, evidentemente, seguramente non unicamente para o noso grupo, pero somos os que traemos a iniciativa e comprenderá que teñamos que falar da nosa opinión.

Agradezo o ton do señor Tellado. É moi difícil en ocasións debater con el, porque habitualmente non soe falar das iniciativas. Hoxe non é así. Pero quería trasladarlle que non se pode terxiversar algúns datos que nós ofrecemos aquí. Eu non dixen que Galicia fora a que tiña máis enfermidades profesionais. Trasladamos o dato relativo ao último ano, no que se incrementaron un 8,6 % as enfermidades profesionais e os accidentes laborais un 9,17 %. É certo que son os leves os que se incrementan máis sobre a anualidade do ano anterior. Os datos varían, señor Tellado, pero non se pode dende logo nin frivolar con eses datos nin dende logo trasladar algo do que nós non falamos aquí.

Hai un tema —non vou ocupar, con todo, moito tempo con el— que é relevante, e é un dato que eu ofrecín ao principio. Destruíronse 1 de cada 5 postos de emprego industrial no noso país. É evidente que iso ten relación co número de accidentes laborais, señor Tellado. Iso é evidente, como tamén é evidente que ten relación coa precariedade laboral. E hai moitos informes que así o indican e témolo falado en moitas ocasións.

E nesa marxe é peor cando se inviste menos en protección da saúde e en prevención de riscos laborais, un 40 % menos do Issga. Eu non falei de que o Issga faga actividade porque nós traemos iniciativas, falei de que a Xunta de Galicia toma medidas porque a veces a presión pública fai que non teña máis remedio que tomar algunha decisión, aínda que en ocasións sexa simplemente unha cortina de fume, pero un 40 % menos para o Issga acumulado dende 2009.

É certo —díxeno na interpelación—: vostedes incrementaron algúns milleiros de euros neste último orzamento, pero é unha cantidade nimia se vemos o recorte dende o ano 2009. E iso, evidentemente, non facilita o labor destes profesionais na prevención da saúde e na prevención dos riscos laborais.

No relativo aos puntos que trasladamos, eu veño de falar aquí, de dicilo —díxeno na anterior intervención—: falamos cos afectados e as afectadas, e se vostede le especificamente a iniciativa, non só propoñemos unha unidade para a atención da asbestose, senón que se atenda o resto de pneumoconioses. Normalmente as maioritarias son as derivadas da exposición ao

po de sílice cristalina e ao amianto; podería haber outras de tipo profesional. E están fundamentalmente radicadas na zona norte e na zona sur de Galicia, relacionadas co emprego industrial, unhas coa extracción de lousa, coa extracción de granito, outras coa exposición pola industria naval e por outras industrias que utilizaron e que segue existindo agora o amianto. Eses son os puntos específicos. E parécenos moi relevante que vostedes apoiasen tamén hoxe a iniciativa, non porque a traíamos nós, senón porque estamos preocupadas da realidade que teñen esas traballadoras e traballadores.

Non temos máis tempo, non teño máis tempo nesta iniciativa, pero o punto do radon non se está a cumprir e é moi grave, porque é un incumprimento non só por parte do Goberno central, é que a Xunta de Galicia tampouco está a cumprir coa normativa. E se o Parlamento de Galicia pode facer medicións dentro das súas dependencias, entendo eu que tamén nas dependencias públicas da Xunta de Galicia se poderán tomar medidas.

Voltaremos traer este asunto aquí de maneira específica para cada un dos puntos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Pasamos á seguinte moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia urbanística do Regulamento xeral de estradas de Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque e outra emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 30874 [10/MOC-000090].

Emenda de adición.

Engadir un novo punto 3 co seguinte texto:

<<3. Desenvolver a Lei de estradas de Galicia no relativo á elaboración do Plan Director de Estradas e dun Plan Sectorial de Mellora da Seguridade Viaria, a Accesibilidade e a Mobilidade Peonil e Ciclista.>>

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción, 10/MOC-000090 (30874).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a abordar con deputacións e concellos os criterios de aplicación do artigo 137 do Regulamento xeral de estradas de Galicia:

1. Estudar con técnicos de ambas as administracións a aplicación do texto da regulación contida no artigo 137 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

2. Unha vez aprobada a nova Orde de Accesos e completado o marco normativo en materia de estradas, avaliar no seu conxunto, xunto con concellos e deputacións, este marco normativo e, en concreto, a aplicación do artigo 137 do regulamento, baseándose en criterios de seguridade viaria, intensidade de tráfico, funcionalidade e explotación das estradas».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Hoxe, moi ao meu pesar, teño que empezar aclarando unha cuestión que considero importante matizar tras a intervención da conselleira na interpelación do pasado pleno. O desenvolvemento urbanístico non é sinónimo de especulación nin ten que estar reñido coa seguridade viaria. *(Aplausos.)* E dígoo porque reclamar e defender as condicións urbanísticas que permite un planeamento non significa especular nin ir en contra de nada. Precisamente o que aquí se reclama é que as normativas se acompañen e non que cabalguen unhas enriba das outras.

Son moitas hoxe as profesionais do urbanismo que precisamente velan por cidades e vilas máis eficientes, máis sostibles, máis vivibles, máis seguras, e que en nada se identifican con estas insinuacións. E o acaroamento maior ou menor entre vivendas non o ten que decidir nin a conselleira nin esta deputada, terao que decidir o planeamento municipal que corresponda e que se supón que está lexitimado pola propia Administración autonómica.

E, por suposto, tampouco o debora decidir un vehículo. Ese, probablemente, é un dos problemas de fondo deste asunto: que os vehículos teñen tomado o territorio e condicionan ata o extremo as nosas cidades e vilas. Hoxe é máis dos coches que dos propios peóns. Talvez o problema nestas vías sexa máis ben xestionar mellor as velocidades ás que acceden nos núcleos, por poñer un exemplo.

Eu entendo que o outro día a señora Vázquez insinuase esa asimilación de urbanismo e especulación, porque as políticas do Partido Popular durante trinta anos en Galicia provocaron esa percepción na cidadanía. *(Aplausos.)* As ferramentas urbanísticas foron empregadas, por desgraza, en demasiadas ocasións para especular e non para ordenar, para transformar, conservar ou controlar o territorio dentro dos parámetros da sostibilidade e da convivencia dos valores produtivos e paisaxísticos. A lección —penso— está ou debora estar aprendida, pero non por iso hai que pasarse, literalmente, ao extremo do non polo non.

Tamén comentou a conselleira que o discurso que empregaba esta deputada era demasiado técnico. E, claro, máis técnico me parece a min falar de política macroeconómica nalgúns dos debates desta Cámara e non vexo o conselleiro de Economía medindo as súas opinións ou respostas aos e ás deputadas escusándose en tal cousa. Porque o que tratamos nesta iniciativa son dúas cuestións básicas que entende a conselleira, que entenden as deputadas e deputados e entenden todas as galegas e galegos afectados: por un lado, preservar a capacidade dos concellos para ordenar o crecemento do seu territorio, e, polo outro, dotar de rigor a propia Lei de estradas.

En canto ao primeiro, preservar a autonomía dos concellos e o papel dos plans de ordenación municipais, hai que lembrar que son aprobados pola propia Xunta de Galicia, e con eles todas as súas normativas específicas, incluíndo características das parcelas mínimas de edificación, as fronteiras mínimas, os retranqueos, as cesións, as alturas máximas e un senfín de cousas. Non entender isto é non entender que son os propios concellos os que mellor coñecen as súas necesidades, o seu territorio, o modo de relacionarse os seus cidadáns, e que en función dunha lei superior como é a Lei do solo deseñan e concretizan a súa planificación municipal.

Por outro lado —decía—, dotar de rigor a propia Lei de estradas, que, ademais, no seu artigo 58 fai referencia a que a administración titular da rede poderá limitar e ordenar os accesos ás estradas, pero aplicando criterios de intensidade de tráfico, de seguridade viaria e de funcionalidade e explotación da estrada.

Nós entendemos a prioridade no emprego de accesos existentes, sempre que sexa factible, e repetimos o que xa dixemos o outro día: somos os primeiros que apostamos pola seguridade viaria, pero non estamos dispostos a que se empregue a mesma como parapeto ou como escusa para amparar outro tipo de medidas que claramente non están xustificadas, como é impedir a segregación das parcelas que non poidan asegurar os accesos por outras vías. Se o artigo 58 fala de aplicar criterios para determinar o control —ou non— dos accesos ás parcelas que dan fronte á rede provincial ou autonómica de estradas, ¿como se explica que no artigo 137 sexa precisamente a titularidade da estrada a que se antepón a criterios doutro tipo? ¿Significa, entón, que a titularidade dunha estrada implica as mesmas condicións de intensidade de tráfico, de funcionalidade ou de seguridade? ¿As estradas dunha mesma titularidade contan sempre coas mesmas beirarrúas, coas mesmas limitacións de velocidade, con pasos de peóns elevados, coa mesma sinalización vertical, o mesmo ancho, o mesmo firme, a mesma intensidade de paso de vehículos? Evidentemente, non. E penso que niso temos que concordar todos.

Só temos que analizar os diferentes índices de pasos de vehículos de varias vías afectadas por este artigo 137 para corroborar precisamente do que estou a falar. Por exemplo, a EP-7102 en Cerdedo-Cotobade no seu tramo entre Serrapio e Portela; pola mesma pasan 16 vehículos ao día, 1 cada hora e media. Outro exemplo: o tramo entre Brués e Portela da Cruz, no Carballiño; por ela pasan 29 vehículos, 1 vehículo cada 70 minutos.

Ambos os dous casos, que poden parecer extremos, non son únicos en Galicia. Soamente na provincia de Ourense, por poñer un exemplo, unhas 110 vías están por debaixo dun índice medio de paso de vehículos de 4 á hora. Datos e intensidades viarias que distan moito, por suposto, dos 11.800 vehículos ao día da PO-551 entre Moaña e Cangas ou dos case 12.000 da PO-316 no Grove, por poñer dous exemplos. E estamos a falar, por tanto, de estradas moi diferentes que en absoluto poden ser consideradas similares nin polas características nin polas problemáticas que as afectan e, polo tanto, tampouco en cuestións como é a seguridade viaria.

Non entendemos, polo tanto, como estas intensidades medias diarias anuais de paso dos vehículos, que son coñecidas para todas as estradas provinciais e autonómicas e que son as que a propia DXT emprega fundamentalmente para o planeamento das estradas, non foron tidas en conta nunha decisión como é a delimitación dos accesos ás parcelas e, polo tanto, a segregación das mesmas.

Solicitamos, polo tanto, rigor, rigor nas decisións dun Regulamento de estradas que afecta directamente os dereitos e deberes urbanísticos da veciñanza galega e entendemos que ten que regular conforme criterios reais e demostrados. E non é unha cuestión menor. Afecta a todos o galegos e galegas con parcelas que, non sendo en solo rústico, dean fronte a estradas autonómicas e provinciais.

E si, este grupo está preocupado, e preocupado polos seus intereses, polos das pequenas e dos pequenos propietarios, por aqueles que en herdanza reciben unha parcela en solo de núcleo rural, por exemplo, e contan nun futuro con poder empregala para asentarse e construír unha vivenda.

Iso non é especulación, porque estamos a falar dun dereito que teñen adquirido nos plans municipais vixentes. ¿Como se lle explica, se non, a un veciño, a unha veciña dun destes núcleos rurais polos que pasan menos de cen vehículos ao día que o seu terreo, de 3.000 metros cadrados, non se pode segregar por un criterio de seguridade ou de intensidade viaria?

Desde o Grupo Socialista parécenos dificilmente explicable e, máis aínda, un abuso claro na articulación do Regulamento desta Lei de estradas, que optou por facer de Galicia unha táboa rasa, pouco asimilada á realidade do territorio galego.

En todo caso, a propia conselleira apuntou no pasado pleno que a segregación das parcelas si era factible, e asegurouno, pero non apuntou claramente o como. E nós, neste caso, apuntamos nesta moción unha posible solución, solución que pasa, primeiro, por proceder á anulación do texto actual da regulación contida no artigo 137 do Regulamento xeral de estradas, e, segundo, por impulsar a modificación do regulamento para que, a instancia dos concellos ou dos particulares interesados, se favoreza a emisión de informes por parte da Xunta de Galicia que valoren a procedencia das parcelacións ou segregacións de parcelas lindeiras coas estradas autonómicas e provinciais aínda que o acceso rodado a todas as novas parcelas xeradas non se poida resolver a través de vías estatais ou municipais, mantendo o previsto no artigo 52 da Lei de estradas de Galicia e baseándose en criterios reais de seguridade viaria, intensidade de tráfico, funcionalidade e explotación da estrada en cada caso.

Polo tanto, pedimos facilitar unha resposta equilibrada e xustificada en cada caso, para evitar afectacións aos intereses de moitos propietarios e propietarias, que entendemos que pode resultar gratuíta ou innecesaria.

Agardando o apoio de todos os grupos á moción aquí exposta e anunciando xa a nosa disposición a transaccionar respecto da emenda presentada polo Grupo Popular, sobre a que me posicionarei no turno de réplica, nada máis polo de agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas.

Propónse nesta iniciativa a anulación do artigo 137 do Regulamento de estradas, agora matizada con esta posible transacción, coa proposta do Partido Popular. Pensamos que é unha cuestión, efectivamente, moi específica e técnica. Non queremos dicir con isto que non sexa relevante. É que nos parece, ademais, que desde logo é susceptible dunha redacción máis flexible que permita unha análise detallada das distintas situacións que se dan, das problemáticas que hai arredor desta cuestión, e que se lle busque unha solución, tendo en conta, ademais, casos que se puideron ter producido nos últimos tempos.

Pensamos, ademais, que a solución está dalgunha maneira implícita na redacción do texto da lei, no seu artigo 52 —aínda que a portavoz do Partido Socialista fixo referencia ao 58, referíase ao 52—, que di literalmente: «A Administración titular da rede poderá limitar e ordenar os accesos ás estradas e establecer con carácter obrigatorio os lugares e as condicións en que tales accesos se poidan construír, atendendo a normativa vixente e aplicando o criterio de intensidade de tráfico, de seguridade viaria e de funcionalidade e explotación da estrada».

Efectivamente, parécenos que a interpretación que se fai coa redacción do regulamento é extremadamente rixida, que establece unha uniformización para toda a realidade xeográfica e urbanística do país e que hai, evidentemente, que analizar cada caso en función de variables e criterios, como establece o propio artigo 52, do tipo de vía, da intensidade do tráfico, do trazado da vía ou da problemática da seguranza viaria, que deber ser tamén un principio fundamental nas actuacións nesta materia.

Máis alá deste debate, o BNG trae tamén aquí, a través da súa emenda, un plantexamento máis global sobre a necesidade de desenvolver a Lei de estradas a través de instrumentos que están previstos na lei —que quero recordar que é do ano 2013, polo tanto, que xa van alá case cinco anos desde a aprobación e que aínda non se desenvolveron—, e que permitirían resolver moitas problemáticas que hai arredor das estradas, tamén as urbanísticas, e, desde logo, as relacionadas coa seguranza vial. Refírome a cuestións que teñen que ver coa planificación e a xestión da rede viaria.

En primeiro lugar, o que propoñemos coa nosa emenda é a elaboración e aprobación dun plan director de estradas, que está previsto no artigo 12 da lei, que é un instrumento de planificación plurianual das actuacións en materia de estradas das distintas administracións referida á totalidade do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, tal como di a lei. Isto permitiría superar, por exemplo, algo que non é un plan director de estradas como o Plan MOVE, que foi elaborado e aprobado polo Partido Popular, que é un plan que está obsoleto, desfasado e incumprido nalgunhas das súas actuacións, e elaborar de maneira participada, de maneira compartida e coordinada entre as distintas administracións este plan, que ten que ser aprobado polo Consello da Xunta e despois tamén trasladado ao Parlamento para debate.

E, xuntamente con este plan director, tamén propoñemos un proxecto sectorial de estradas, que está tamén previsto na lei e que debería desenvolverse e aprobarse posteriormente ao plan director, pero podería traballarse na súa elaboración xa para unha cuestión que nos parece absolutamente central e vital, que é a da mellora da seguranza viaria e da accesibilidade e tamén da mobilidade peonil e ciclista, que é, desde logo, e debe ser unha das grandes prioridades en materia de estradas en Galiza, tendo en conta a problemática que hai a respecto da sinistralidade viaria e da seguranza viaria, e é, ademais, un asunto que non se pode adiar —e recordo que levamos cinco anos coa lei aprobada—, e non se pode, tampouco, plantexar actuacións parciais e inconexas, como se está facendo agora, en moitas estradas da rede viaria autonómica.

Polo tanto, habería que abordar estas cuestións. Posiblemente non acepten a nosa emenda. En todo caso, traeremos este debate aquí de novo, porque nos parece imprescindible que se aborde esta cuestión e tamén se elaboren os regulamentos que están previstos na propia lei.

Eu penso que hai que cambiar esta política da improvisación e ás veces tamén de actuacións unilaterais de «orden e mando» por unha política realmente participada e consensuada a través de temas que son absolutamente vitais e centrais na planificación, na xestión e na ordenación da rede viaria e, sobre todo, de como se relacionan as persoas que viven na contorna desa rede viaria con estas estruturas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Saudamos agora os alumnos de 5º e 6º de primaria do Centro A Laxe, de Balón, en Doniños, Ferrol, e tamén os seus profesores e profesoras. Benvidos ao Parlamento.

Ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Bo día e un saúdo aos rapaces e rapazas de Ferrol.

Creo que, primeiro, é necesario subliñar que, por primeira vez, coa próxima aprobación desta orde de accesos, Galicia contará cun marco normativo propio e completo en materia de infraestruturas viarias, que permite eu creo que xestionalas de forma máis acorde coas particularidades do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, máis acorde coas características propias de Galicia, en especial no relacionado cos núcleos rurais e a gran densidade de estradas e travesías coas que contamos e —¡como non!— a dispersión e a ubicación das nosas vivendas en relación con estas estradas.

Tanto a Lei 8/2013, como se dixo, como o Regulamento xeral de estradas de Galicia, ademais de ofrecer solucións a estas particularidades de Galicia, cremos que tamén reforza as garantías xurídicas para a cidadanía, dándolle ese rigor do que pedían, porque establece eses criterios obxectivos e regrados.

O proxecto do decreto polo que se aprobou o Regulamento someteuse a información pública, como é sabido. Primeiro, a través do portal web da Consellería, co fin de que calquera cidadán, asociación ou organización puidese facer alegacións ou proposicións. O proxecto tamén se remitiu a distintas administracións e organismos: á parte da Demarcación de Estradas nacional, ás deputacións provinciais e á Fegamp e ás organizacións sindicais e a outros organismos da Xunta de Galicia, como se someteu a ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Como consecuencia diso, incorporáronse un número importante de alegacións e melloras, introducidas tamén pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, e atendeuse a totalidade das observacións de legalidade que emitiu o Consello Consultivo, en concreto 71 das 74 observacións de melloras propostas por este órgano.

No que respecta ao artigo 137 —e por iso falaba a conselleira de que é técnico e concreto, como falaban outros voceiros, porque falamos dun artigo concreto, técnico, do regulamento—, hai que destacar que non se presentou ningunha alegación relativa a isto nin ningún dos informes das distintas administracións ou distintos organismos tampouco subliñou que fora necesario facer ningún cambio sobre este artigo.

En calquera caso, xa se viña controlando esta parcelación por parte dos informes da Dirección Xeral de Infraestruturas na tramitación do planeamento xeral, porque temos que seguir e reforzar a idea e ter claro que o obxectivo básico deste artigo é garantir a seguridade viaria das nosas estradas. E non estamos contraponendo isto; é dicir, o desenvolvemento urbanístico é positivo, hai que facelo razoablemente, pero non pode minusvalorar ou menoscabar a seguridade viaria.

E creo que esa idea temos que tela clara en calquera dos posibles acordos aos que cheguemos. E temos que saber conxugar este equilibrio entre accesibilidade e mobilidade de estradas, que son competencia autonómica. Tanto a seguridade como as estradas autonómicas son competencia non do planeamento senón da Comunidade Autónoma, da dirección, neste caso da Consellería de Infraestrutura e Vivenda.

Polo tanto, non se cambia ningunha competencia urbanística, non se tocan as competencias dentro do planeamento, como calquera outra normativa sectorial; é dicir, cando un ten apro-

bado algo para darlle licenza, ademais do cumprimento dese planeamento, ten que cumprir a normativa sectorial, e iso é o que se valora nun informe de licenza. Por iso, por ter que cumprir unha normativa de estradas non se está cambiando ningún planeamento nin ningunha competencia urbanística.

En calquera caso, como dicía, maior seguridade xurídica, garantir a seguridade viaria das nosas estradas, estes son os obxectivos normativos en Galicia en materia de estradas, que se completarán cunha futura orde pola que se regulan os accesos das estradas de Galicia nas súas vías de servizo; norma que, como ben sabe, xa está a tramitar nestes momentos a Xunta de Galicia, que afectará a parcelación e que busca facilitar os accesos cunha regulación moito máis adaptada á realidade vixente galega que non a norma estatal que agora rexe. Polo tanto, tamén se busca esa adecuación á realidade do noso territorio, especialmente rural, en Galicia.

Na intervención da conselleira de Infraestruturas e Vivenda o outro día na interpelación xa sinalou que no mes de xuño a Axencia Galega de Infraestruturas convocará unha reunión técnica con concellos e deputacións para abordar a aplicación da normativa de estradas nos treitos urbanos e así tratar de clarificar e dar resposta a todas estas dúbidas e ver se é necesario algún axuste en función dalgunha desas variables das que fala o artigo 52 da lei da que estamos falando.

Polo tanto, non podemos máis que agradecer a súa predisposición á transacción. Con este fin de facer unha aportación construtiva fíxose esa emenda. Nós, evidentemente, tamén estamos abertos ao acordo e á transacción e por iso presentamos esta emenda.

Esperando chegar a un acordo, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías, invitados e invitadas.

Desde o Grupo Parlamentario de En Marea imos apoiar a moción presentada pola señora Pierres, do PSdeG, porque, sen deixar en ningún momento de lado a seguridade, que nos parece fundamental, nos trazados viarios, e que o artigo 137 do Decreto 66/2016, aínda que non é de todo contraditorio, ao noso parecer, coa Lei 8/2013, de estradas de Galicia, si que expón unha serie de aspectos que merecen unha reflexión respecto do devandito regulamento.

Por unha banda, está situarse por riba dos plans municipais nuns aspectos que xa están definidos, considerando, por tanto, a invalidez das devanditas decisións, tomadas a miúdo nunha escala máis adecuada ao ámbito cidadán. Outorgar esa competencia das redes viarias supón unha invasión do ámbito competencial municipal, pois partimos do feito de que no

desenvolvemento do plan se contemplan non só factores como o tráfico ou a seguridade, senón factores de carácter ambiental, paisaxístico, económicos, sociais, poboacionais etc. Expón unha uniformidade perigosa respecto da particularidade urbanística e a diversidade dos núcleos rurais, impondo uns modelos inflexibles nos que se esquece a intensidade do tráfico, a funcionalidade e a explotación da estrada que se tiñan en conta na lei e desaparecen no regulamento, así como a imposición dun modelo urbano.

A solución de vías de servizo non nos parece a mellor solución para o rural, e é unha medida que penaliza o cidadán ou a cidadá que queira realizar unha parcelación ou segregación puntual pero, dende logo, non vai ser un impedimento para segregar ou para parcelar a gran escala. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Si, grazas, presidente.

Vou posicionarme directamente sobre as emendas presentadas.

Antes de nada, quero agradecer, por suposto, o apoio do Grupo de En Marea e o do BNG á moción presentada e a disposición tamén do Partido Popular para chegar a un acordo.

Sobre a emenda do BNG comento o que xa temos manifestado noutras ocasións con emendas presentadas a outras proposicións ou mocións aquí defendidas. A emenda de adición presentada non a vemos acaída na moción presentada hoxe por abrir outra cuestión que non é motivo do debate que se substancia hoxe. Polo tanto, emprazamos a que se trate e presente noutra ocasión.

E respecto da emenda presentada polo Partido Popular, cremos que se recolle de feito o fondo da cuestión, que é revisar a procedencia do artigo 137 do Regulamento de estradas, a súa revisión e análise das consecuencias da aplicación do mesmo. Entendemos positivo que se faga partícipes as deputacións e os concellos para que poidan tamén achegar a súa opinión. E tamén é certo que os técnicos que participen de ambas institucións entendemos que deberían ser multidisciplinares. Explícome: este artigo ten implicacións urbanísticas claras, polo que os técnicos deberían ser non só técnicos de estradas, enxeñeiros de camiños, senón que deberían participar tamén técnicos urbanistas, isto é, arquitectos das propias deputacións e, especialmente, dos concellos. Apunto isto porque me parece importante.

E cremos que tamén todo isto tería que ser abordado antes da fin do ano 2018, o que implicaría a aprobación da orde de accesos tamén coa máxima celeridade para, de verdade, poder corroborar e avaliar conxuntamente a implicación deste artigo e basealo en verdadeiros criterios de seguridade viaria, de intensidade de tráfico, de funcionalidade e de explotación das estradas.

Polo tanto, aceptamos e promovemos esa transacción, que agardamos que acade o apoio de todos os grupos, posto que cremos que respecta o espírito desta moción e a aceptación a es-

tudar esas disfuncións e discordancias que se teñen manifestado coa aplicación deste artigo do Regulamento da Lei de estradas.

Pola miña banda, nada máis, e moitas grazas tamén pola disposición amosada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Deixamos un tempo para a transacción. *(Pausa.)*

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

Pechen as portas, por favor.

Votamos a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar as consecuencias no mercado financeiro galego da posible desaparición do Banco Pastor como entidade propia.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar as consecuencias no mercado financeiro galego da posible desaparición do Banco Pastor como entidade propia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla, sobre as actuacións que debe de levar a cabo o Goberno galego en relación coas enfermidades profesionais.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa da señora Solla Fernández, sobre as actuacións que debe de levar a cabo o Goberno galego en relación coas enfermidades profesionais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de dona María Luisa Pierres, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia urbanística do Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Hai unha transacción. ¿Pódenola ler, por favor?

A señora PIERRES LÓPEZ: Si.

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a abordar antes da fin de 2018, con representación de deputacións e concellos, os criterios de aplicación do artigo 137 do Regulamento xeral de estradas de Galicia e estudar con técnicos das administracións autonómica, provincial e municipal as consecuencias da aplicación do texto da regulación contida no artigo 137 do Regulamento xeral de estradas de Galicia e, unha vez aprobada a nova orde de accesos e completado o marco normativo en materia de estradas, avaliar no seu conxunto, xunto con concellos e deputacións, este marco normativo e, en concreto, a aplicación do artigo 137 do Regulamento baseándose en criterios de seguridade viaria, intensidade de tráfico e funcionalidade e explotación das estradas.»

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Votamos, polo tanto, esta transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa incidencia urbanística do Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta moción.

Grazas.

Suspendemos a sesión ata as 15:30.

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e oito minutos da tarde e retómase ás tres e media.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Retomamos a sesión co punto terceiro da orde do día, que é o de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das medidas e accións de recoñecemento para as empresas que colaboran e participan no desenvolvemento da FP

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 13046, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

a) Desenvolver unha planificación integral da Formación Profesional atendendo á realidade socioeconómica galega.

b) Garantir os recursos económicos, materiais e humanos necesarios nos centros de ensino públicos que imparten Formación Profesional.

c) Impedir que o alumnado de Formación Profesional poida ser fornecido e/ou utilizado polas empresas como man de obra barata ou gratuíta.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 13046).

Emenda de adición.

Débase engadir in fine na parte resolutiva da iniciativa o seguinte texto:

«...implementando medidas de apoio económico que permitan incrementar o número de empresas interesadas en participar na Formación Profesional, particularmente na súa modalidade Dual.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

O sistema educativo galego, nomeadamente no eido da formación profesional, fixo nos últimos anos un importante esforzo por adaptarse ás necesidades do alumnado, da sociedade

e tamén, cómo non, dos sectores produtivos. De feito, un dos retos prioritarios da Administración educativa é adaptar os perfís profesionais ás necesidades que demanda o tecido produtivo. Vivimos nunha sociedade en constante cambio, e iso exíxenos estar preparados para afrontar esta realidade socioeconómica, cambiante e dinámica. A formación profesional é nestes momentos unha das mellores ferramentas para avanzar cos cambios e adaptarse a eles xa que permite á mocidade desenvolver unha actividade laboral proporcionando as competencias profesionais necesarias e facilitando, ademais, a adaptación ás modificacións tecnolóxicas e organizativas que caracterizan o mercado de traballo.

Neste contexto resulta determinante a implicación das comunidades educativas pero tamén das empresas, que colaboran, cómo non, na formación do alumnado. A formación profesional actual ofrece unha base sólida, xeral e unha especialización acorde co mercado laboral e co coñecemento práctico das novas tecnoloxías. É por todos coñecido que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a facer unha forte aposta por reforzar a cultura emprendedora no ensino, promovendo a innovación e creatividade do alumnado e favorecendo tamén o contacto directo do alumnado co tecido produtivo e co entorno que o rodea. Unha aposta que se traduciu, nunha época de crise económica e racionalización do gasto público, nun importante esforzo investidor nos centros de formación profesional para dotalos de medios e materiais que permitisen adaptar as ensinanzas de formación profesional ás demandas da sociedade do século XXI.

Unha das claves dos estudos de formación profesional é precisamente a conexión entre o mundo educativo e o mundo produtivo, aspecto que se trata de garantir combinando a formación no centro educativo coa formación nas empresas. A formación profesional debe manter lazos moi estreitos coa empresa apoiando, colaborando e favorecendo o emprendemento e o desenvolvemento de proxectos que possibiliten o avance das empresas cara a novos sectores estratéxicos e que melloren, ademais, os seus sistemas de produción e que lles permitan incorporar novas técnicas innovadoras.

Hoxe, e despois do labor desenvolvido nos últimos anos, a formación profesional galega é calidade, dinamismo, innovación, empregabilidade e unha posibilidade para continuar formándose ao longo da vida, para a recualificación profesional. Isto conseguiuuse a través de medidas como a adaptación de máis de cen ciclos ao desenvolvemento do tecido social e económico de Galicia e as súas necesidades; a consolidación dunha rede de 26 viveiros de empresa en centros educativos que ofrecen a oportunidade de crear os seus propios negocios aos mozos e mozas; o esforzo investidor en materia de obras para a instalación de novos talleres e novos equipamentos; a implementación das linguas estranxeiras —en concreto, do inglés— na formación profesional de xeito progresivo; ou, entre outras, a ampliación das FCT, ou formacións en centros de traballo.

Coa finalidade de seguir fomentando unha relación máis estreita entre centro educativo e empresa, o Goberno galego apostou de xeito decidido pola formación profesional dual, na que participan máis de cen empresas. Apostou porque se trata dunha modalidade de formación que alterna a aprendizaxe no centro educativo e na empresa, porque, ademais, fomenta a inserción laboral dos mozos e porque responde ás necesidades dos sectores produtivos. Concibir a formación profesional como unha oportunidade de conexión entre o mundo educativo e o

mundo produtivo redonda nunha maior facilidade para que o alumnado da formación profesional galega acceda a un posto de traballo ao rematar os seus estudos. Unha das claves para a empregabilidade dos titulados na FP galega está na implantación dos ciclos adaptados ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais e na propia oferta dos ciclos, unhas veces axustando en función da demanda real e outras abrindo e innovando con novas ensinanzas.

Neste sentido, ano a ano a Consellería é quen de facer unha oferta de ciclos atractiva que permite incorporar novo alumnado, ata o punto de que este curso hai preto de 1.000 alumnos e alumnas máis na formación profesional galega, chegando xa a superar o número de 51.000 alumnos na formación profesional en Galicia. E neste sentido o Grupo Parlamentario Popular consideramos que se debe seguir traballando para reforzar a formación profesional en Galicia co obxectivo de que cada vez sexa máis útil para as persoas e para a sociedade galega. Tendo en conta as necesidades de modernización e tecnificación destas ensinanzas, o Goberno galego trazou unha estratexia de formación profesional fundamentada en medidas como o deseño dunha oferta adaptada á contorna e o achegamento e apoio á empresa, a innovación, a internacionalización e o emprendemento, e tamén a potenciación da rede dos centros integrados de formación profesional e a xeneralización da formación profesional dual, a orientación profesional e o fomento da calidade.

Como resultado da aplicación desta estratexia na formación profesional, o nivel de inserción laboral do alumnado que cursa ciclos de formación profesional supera xa o 80 %. É dicir, que máis de 8 de cada 10 dos alumnos que cursan formación profesional obtiveron un posto de traballo ao remate dos seus estudos. Estas cifras demostran que a formación profesional é unha aposta de futuro e que as ensinanzas están cada vez máis axustadas ás necesidades dos tecidos produtivos de Galicia, o que facilita que a maioría dos alumnos atopen emprego no intervalo de tempo comprendido entre o remate da formación en centros de traballo e os seis meses posteriores.

Neste contexto, as diferentes ramas da formación profesional están a gañar terreo e a situarse como unhas ensinanzas referentes de calidade e de prestixio entre o alumnado, o que leva consigo que cada vez se decanten máis por ciclos formativos os alumnos con mellores expedientes académicos.

Neste novo marco no que se atopa a realidade da formación profesional en Galicia cómpre continuar avanzando na potenciación da formación profesional como o motor que impulse o reforzo dos vínculos entre a educación e a empresa co fin de fomentar o emprendemento, o coñecemento e a innovación, xa que o emprendemento constitúe unha fonte de riqueza na súa contorna ao actuar como motor da innovación, da competitividade e do crecemento das economías.

En definitiva, faise preciso traballar con decisión para seguir estreitando vínculos entre o sistema educativo e o sector empresarial. E neste sentido vén a iniciativa que presentamos hoxe á consideración desta cámara parlamentaria, que pretende precisamente recoñecer a importancia da participación do tecido empresarial no campo da formación profesional.

Con esta proposición non de lei pretendemos instar o Goberno galego a impulsar medidas de acción e recoñecemento para aquelas empresas que colaboran e participan no desenvol-

vemento da formación profesional, xa que entendemos que a consolidación do éxito que está a acadar a formación profesional en Galicia pasa en gran medida, sen ningún xénero de dúbidas, por unha cada vez maior implicación das empresas na oferta formativa do noso país.

En definitiva, señorías, atopámonos nun momento no que a formación profesional está a botar uns datos e unha realidade moi positiva para a nosa sociedade. Como dicía antes, os niveis de empregabilidade atópanse neste momento en máximos históricos. E, dende logo, un papel fundamental dentro destes bos resultados que nos está a dar a formación profesional vén precisamente posibilitado pola participación activa das empresas dentro do sistema educativo. E, nese sentido, pretendemos con esta proposición non de lei estreitar eses lazos, aumentar a participación e, en definitiva, recoñecer a participación destas empresas que teñen colaboración coa formación profesional en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Eu teño que recoñecerlle, señor Fernández Gil, que non teño moi claro aínda agora, despois de escoitar a parte oral, qué é o que piden, ou qué é o que propoñen. Eu non sei se queren que a Xunta organice —non sei— unha entrega de premios, unha entrega de medallas, unha foliada, unha salva... Eu non acabo de entender exactamente que é o que se pide, que é o que o Parlamento galego instaría para que a Xunta fixese, máis alá de —como poñen na parte resolutiva— recoñecerlles ás empresas o labor e o interese amosado por unha das patas da formación profesional no noso país.

E como, alén de non entender o que piden, e dada a realidade que vive o ensino público no noso país no seu conxunto, e, especificamente, tamén a formación profesional, na que hai algo no que imos coincidir —a nós tamén nos parece estratéxica, aínda que desde unha óptica ben distinta nalgúns aspectos, como agora explicarei—, nós o que cremos é que hai que atender a algo máis que a que a Xunta aplauda coas orellas cara as empresas que fan parte desa formación profesional, tanto nas prácticas en centros de traballo como no caso da formación profesional dual.

E por iso o que nós abordamos son tres cuestións na parte resolutiva, que nós propoñemos que sexa substituída —a primeira— para que o deseño da formación profesional no noso país sexa integral, sexa estratéxico, e que atenda primeiro á realidade social e económica do noso país no que ten a ver cos sectores económicos que temos aquí na Galiza, e tamén á realidade do propio tecido empresarial. E logo explicarei máis devagar tamén esta cuestión.

Nós vivimos nun país onde a maior parte das empresas son pequenas empresas ou microempresas. En moitas ocasións son incluso persoas autónomas que teñen unha ou dúas persoas traballando no centro de traballo; ou mesmo hai empresas, na maior parte dos casos, onde só hai un propio traballador. Dentro desa realidade, todo o que ten a ver coas prácticas dentro do centro de traballo, ou incluso nesa adopción mimética que fixeron da formación profesional que desenvolveron en Alemaña, nesa estratexia de formación profesional dual, non se garante nin sequera que existan dentro dos propios centros de traballo unidades de formación. Moitas veces as persoas que pasan por eses centros de traballo reciben unha formación nesgada, unha formación parcial, non integral e que se corresponda con todo o coñecemento que se debería adquirir para desenvolver con posterioridade unha formación.

Vou poñer un exemplo, é un caso real que aconteceu na provincia de Pontevedra con persoal que estaba sendo formado para ser técnicas que traballan con persoas en situación de dependencia e que estaban nun centro de día. E o único que vían era a atención a persoas dependentes nun centro de día. Non se garantía o acceso a unha formación integral para ver que podes atender unha persoa en situación de dependencia nun centro de día, nunha residencia ou incluso dentro do propio fogar.

Nós o que cremos é que hai que desenvolver e aplicar estratexias de formación profesional e deseñar unha planificación integral desta formación atendendo a esa realidade e non adoptando mimeticamente outros modelos que se desenvolveron noutro país. Ademais, cremos que se hai que facer algo, se hai que instar o Goberno para algo, é para que se garantan recursos humanos, materiais e, sobre todo, económicos para garantir unha educación de formación profesional ou de calquera outro ámbito, pero sobre todo de calidade.

E o máis importante —e é a terceira pata da nosa proposta, na que queremos facer especial fincapé— é impedir que esas estratexias de formación profesional dual poidan ser empregadas para fornecer de man de obra barata —ou en moitos casos mesmo gratuíta— ás propias empresas.

O ministerio español leva un tempo deseñando un novo real decreto que vai vir regular esa formación profesional dual. En outubro de 2017 coñeciamos que nesa alianza pola FP dual —que non é outra cousa que a patronal, a CEOE pero con outro nome— xa lle ían propondo ao Ministerio por onde tiña que ir encauzando esas reformas. Entre outras cuestións —por ir máis ou menos de maneira áxil— pretendían estender os contratos de formación e aprendizaxe máis alá dos 30 anos, que non tiveran ningún límite de idade, establecer un período de proba dun mes, que, se o contrato se rescindía antes de rematar o ciclo formativo —é dicir, antes de ser egresada a persoa—, non se tivese que aportar indemnización ningunha, e reclámase máis bonificacións públicas para contratar e mesmo poder facelo a quendas. Nós cremos que en ningún caso se poden usar estas modalidades formativas —insisto moito nesta cuestión— para poder fornecer as empresas de man de obra barata, man de obra, en moitos casos —insisto— gratuíta.

Máis alá de aplaudir coas orellas, de verdade, ou de pretender que se fagan foliadas de recoñecemento ás empresas, do que deberíamos estar falando é de como abordar unha planificación estratéxica e integral verdadeiramente inserida na realidade social e económica do

noso país. E, o máis importante, é que non poida usarse a formación profesional —e, sobre todo, esa da que vostede falaba, a formación profesional dual, como un mecanismo para introducir man de obra barata nos centros de traballo.

Pola nosa banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Fernández Gil, escoitei coa máxima atención a súa intervención, e supoño que co mesmo interese que a da señora Rodil, a ver se delas se deducía o que pretendían vostedes con esta iniciativa.

Fixo vostede unha defensa, acendida por momentos, da formación profesional, cousa coa que o noso grupo está totalmente de acordo. Sabemos que é unha modalidade educativa estratéxica para o desenvolvemento do país. Sabemos que a revalorización social da formación profesional veu da man dunha reforma educativa do ano 1990, da LOGSE, e sabemos que a formación profesional xa non é o que era antes da LOGSE, afortunadamente. É unha formación cun alto valor social, cun alto valor laboral. Niso debo discrepar co que dixo a señora Rodil, porque ten o recoñecemento tanto da sociedade como do sector produtivo.

En todo caso, e sen ánimo ningún de faltarlle ao respecto —sabe que non é o meu estilo—, vou cualificar esta iniciativa de «iniciativa foguete»; é dicir, moita luz, moito esplendor e, cando pasa ese esplendor, nada. (*Aplausos.*) Non sei se vai ser unha foliada, non sei se vai ser unha entrega de diplomas conmemorativos na Cidade da Cultura, non sei o que vai ser, porque non sei qué é o que propoñen vostedes.

Miren, a realidade de todo isto explícase dunha forma moi sinxela. O día 16 de maio deste ano, véspera da Xunta de Portavoces, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte fixo pública unha nota de prensa na que lles presentou aos axentes sociais as bases para a mellora da formación profesional dual. Dentro das accións para esa mellora figura a necesidade de contraprestación económica para os alumnos nun modelo contractual máis adaptado, o reforzo do labor do titor educativo e do titor da empresa e, ¡oh sorpresa!, o recoñecemento do labor das empresas. É dicir, o mesmo ca vostedes, nunha iniciativa, por certo, rexistrada hai dez meses, no mes de xullo do ano pasado. Vese que non tiveron tempo de traela a este Parlamento para que recoñezamos todos o valor das empresas. Pero agora, dous días despois, vostedes tráena a este Parlamento.

Ben, creo que esta proposición non de lei, igual que algunha outra que creo que imos debater neste pleno, vén xa —e falo das que presenta o Partido Popular— cunha aprobación; é dicir, sobre algo xa decidido. É dicir, vostedes non teñen capacidade, salvo que —e non quero pen-

sar iso— dentro do Goberno da Xunta de Galicia, dentro da Consellería de Educación, exista xente que discrepe do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. E digo isto porque, ata onde eu sei, na Comisión Nacional de Formación Profesional ou ben asiste o conselleiro ou ben asiste o director xeral de Formación Profesional. Polo tanto, quero entender que, xa que o Ministerio di que houbo unha aprobación unánime, esa aprobación unánime se produciu co aplauso destes responsables do Goberno galego.

Mire, a realidade é que estas dúas follas son o mapa da formación profesional dual do curso 2017-2018. Son 18 ciclos formativos en toda a comunidade autónoma. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, non cabecee. Son da páxina web da Consellería de Educación. Polo tanto, supoño que non dubidará vostede da veracidade. Da veracidade poderíamos dudar, pero, no seu caso, non dubidará vostede da solvencia desta información. Hai 55 empresas de toda Galicia que figuran nesta oferta para o curso 2017-2018, 55 empresas. E o problema está en que algunha destas ofertas, como un ciclo de grao medio de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural, ten soamente 12 ELA; outro, de Soldadura e Caldeirería, ten 10; outro, de Mecatrónica Industrial, ten 11; outro, de Electromecánica de Maquinaria, ten 8. Polo tanto, e con independencia da realidade empresarial da nosa comunidade autónoma, que todos coñecemos, e a necesaria implicación —por suposto que si— das empresas na formación profesional dual, as empresas necesitan algo máis que recoñecemento, necesitan algo máis que palmadiñas, necesitan algo máis que dicir «¡que bos sodes que nos axudades!». O que necesitan —sobre todo, moitas delas que non teñen un departamento de formación porque non teñen a entidade e o tamaño suficiente para telo— é apoio económico para colaborar co sector educativo e para colaborar na formación profesional dual.

Por iso a nosa proposta de modificación, a emenda, di que se implementen medidas de apoio económico que permitan incrementar o número de empresas interesadas na formación profesional, particularmente na súa modalidade dual. É dicir, a ver se, ademais dos foguetes, temos polo menos empanada e carne ao caldeiro para celebrar por completo a romaría.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

A sorpresa do noso grupo é semellante a expresada polos restantes grupos da oposición. Cando a lemos, dixemos: pero isto ¿é unha iniciativa de ensino? Tal parece, sobre todo porque vai asinada, en primeiro lugar, polo señor Fernández Gil. E, claro, as palabras «formación profesional dual» andan por aí. Pero a de «empresa» e «empresas» anda moitas veces máis; formación dual e empresas, esa parella que tanto lles gusta.

Tanto é así que o que temos entre mans non é nin de lonxe unha proposta para mellorar a formación profesional. Non, do que trata esta iniciativa é de recoñecer as empresas que participan na formación profesional, recoñecemento ás empresas. Así de ambiciosa é a política educativa do Partido Popular. Queren facer algo coa formación profesional e non se lles ocorre nada máis que dicir: «Imos recoñecer as empresas que colaboran con isto». Porque dende a Consellería, polo que se ve, non hai nada que facer. Resulta, cando menos, preocupante. Como preocupante resulta que na propia exposición de motivos se fagan aseveracións do tipo —e leo textualmente—: «Un modelo de formación que achega uns magníficos resultados». Así, sen máis, magníficos resultados. ¡Oxalá que si! ¿Cales? ¿Onde están? ¿Onde se poden consultar? Porque o certo é que xa preguntamos, que xa temos rexistrado preguntas sobre este asunto no Parlamento, e a día de hoxe non conseguimos ningunha resposta. O certo é que non hai datos oficiais que permitan asegurar isto. Se os teñen, sería estupendo que os compartiran.

Alén do grao de inserción laboral —que foi ao único que fixo referencia— sería interesante darnos datos sobre o tipo de contratos que está asinando a xente que sae da formación profesional dual. Non vaia ser que —tal como intuímos— o único que se estea facendo sexa aumentar a precariedade laboral. Tamén poderían darnos datos sobre a non superación de cursos académicos, mesmo da substitución da formación profesional tradicional pola dual ou da competencia que se establece entre o alumnado como potenciais traballadores dun e doutro tipo de formación.

Dende logo, na web da Consellería xa lle digo que non hai un só dato nin un só informe oficial. Por iso, para ter datos rigorosos sobre o tema hai que acudir a estudos secundarios de especialistas ao respecto. E, claro, como é habitual as informacións da xente que sabe teñen moi pouco a ver co triunfalismo do Partido Popular. Así, poderíamos citar as palabras de Fernando Marhuenda, coordinador dun informe dos máis relevantes feitos no Estado español sobre a implicación da FP dual, cando di —e cito textualmente—: «A Administración educativa, tanto central como autonómica, realizaron unha posta en marcha atropelada, pouco planificada e falta de seguimento e control. Todo o cal contribuíu a xerar un ámbito enrarecido dentro do sistema. Preocupación nos centros, dedicación decidida, pero falta de orientación do profesorado e desigualdade entre o alumnado».

Non só iso. Antes de entrar a valorar tan positivamente a formación profesional dual, deberían —dicimos nós— atender as numerosas denuncias do mal uso que se está a facer deste sistema de formación en virtude do cal gran parte da carga horaria se realiza en centros de traballo, transformando o que debería ser un proceso formativo nun emprego precario. E de aí a baixada dos salarios, a substitución de postos de traballo estables por alumnado da formación profesional dual, a precarización e depauperamento das condicións laborais, etc. Dende logo, semellan problemas bastante complexos como para non dedicarlles unha soa reflexión cando abordamos un estudo dunha necesaria mellora da formación profesional dual. E, claro, a norma prohíbeo, pero a realidade —como soe acontecer— imponse. Está pasando.

Tampouco se debería obviar o feito de que a existencia de empresas moi interesadas na formación profesional dual non ten a ver con cuestións —digamos— filantrópicas, tal e como

parecía deducirse da súa proposta, senón cun modo de reducir os custos laborais, que é lexítimo, por suposto, ¡faltaría máis! A ninguén lle escapa que unha empresa ten que ter intereses empresariais. O cuestionable sería se este é un motivo de recoñecemento por parte da Consellería de Educación. E aí, dende logo, non concordamos.

Mesmo poderíamos cuestionar tamén a externalización de custos empresariais con cargo ás administracións públicas, que supón que sexan esas empresas nas que se realizan as prácticas as que en moitos casos inciden e condicionan o contido da formación curricular. Pero, claro, ¿como vai o Partido Popular cuestionar a formación profesional dual cando precisamente está perfectamente deseñada para cumprir o seu obxectivo: a busca dun sistema educativo claramente orientado de resposta ás necesidades do mercado laboral? «A busca dun sistema educativo claramente orientado de resposta ás necesidades do mercado laboral», dino vostedes mesmos, estou lendo textualmente, non o dicimos nós. Son as súas palabras, que explican, negro sobre branco, o obxectivo de mercantilización absoluta do sistema educativo que vimos denunciando nesta Cámara dende hai moitos meses. É unha proba evidente do entendemento do ensino ao servizo das empresas. ¿Quen sabe onde queda a necesidade dun sistema educativo para formar cidadanía? Dende En Marea consideramos inaceptable que a política educativa neste país se pregue aos intereses empresariais. Ese non debería ser nunca o obxectivo.

Por todo iso, votaremos «non» a esta proposición non de lei e agardamos un debate serio, profundo e prolongado sobre a mellora que necesita a formación profesional neste país. Asuntos dos que xa tratamos de debater aquí nalgunha ocasión, como a necesidade da adecuación da oferta á realidade socioeconómica de cada lugar —que vostedes, por suposto, votaron que non—, si que sería unha aposta por mellorar a calidade da formación profesional. E aí, dende logo, poderán sempre atoparnos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Ben, eu creo que as posturas están perfectamente claras. En primeiro lugar, eu non sei se foi que non me escoitaron —probablemente si, porque moita atención non estaban prestando—, pero non poden falar de desconexión do sistema da formación profesional co tecido socioeconómico cando estiven expoñendo claramente que unha das liñas fundamentais ás que está hoxe orientado o sistema da formación profesional en Galicia é precisamente a conexión co tecido socioeconómico. Esa é unha das liñas fundamentais. Pero quedanos moi clara unha cousa, señora Chao, e vostede acaba de dicilo sen ningún tipo de cortapisa: para vostede é unha afirmación, digamos, incorrecta —ou non sei como definilo na súa neolingua— dicir que un sistema educativo ten que estar orientado a dar resposta ás necesidades

do mercado laboral. ¡Oia!, nós entendemos que a formación profesional si. Se vostede considera que non, igual vostede o que prefire é crear ciclos para dar resposta a realidades paralelas, a ensoñacións marxistas ou non sei a que. (*Murmurios.*) Nós o que queremos é elaborar ciclos que dean resposta ás necesidades do mercado laboral. ¿Por que? Porque perseguimos que a xente que está estudando e formándose teña unha saída profesional, poida levar a cabo un proxecto de vida digno e poida vivir en sociedade e desenrolar o seu proxecto vital. (*Aplausos.*) Pero, ben, xa digo, ao mellor vostedes están máis noutra liña. ¡Perfecto, alá vostedes! Non hai problema ningún.

Está claro que esta era unha iniciativa para recoñecer a participación das empresas dentro do ámbito da formación profesional porque nos parecen unha peza clave para desenvolver ou para acadar estes resultados que se están acadando a nivel de empregabilidade e demais. Pero para vostedes, tanto para o BNG como para En Marea —nomeadamente, porque foron os que fixeron referencia a esta cuestión—, parece que, en lugar de recoñecerlles ás empresas a súa participación, o que hai que facer é case dúbida do compromiso ético das empresas que participan dentro da formación profesional dual. Porque aquí parece que as empresas que participan dentro da formación profesional unicamente o fan co interese de roubar os dereitos deses traballadores que veñan traballar ás nosas empresas. Entón, se vostedes parten de inicio con esa perspectiva de que o único interese das empresas, cando participan na formación profesional dual, é fornecerse de man de obra barata, como vostedes dixeron, evidentemente para vostedes xa non hai nada que recoñecer. Iso está moi claro. Polo tanto, son posturas diferentes, perfectamente lexítimas. Vostedes sigan defendendo iso, nós seguiremos defendendo a colaboración das empresas.

E, señor Álvarez, pareceume moi acaído o da empanada e a carne ao caldeiro, sobre todo polas horas, aínda que agora, despois de comer, xa non apetece tanto; pero isto unhas horas antes podería ser apetecible. Mire, evidentemente, nós o que pretendemos é un recoñecemento, un recoñecemento ¿para que? Para prestixiar. Díciáo vostede: para a prestixiar a formación profesional. Nós entendemos que esta é a liña que hai que seguir, que as empresas teñen que continuar participando dentro da formación profesional. E para iso é bo recoñecer ese traballo, é bo recoñecer esa participación e é bo que os tecidos económicos de cada comarca, de cada localidade, participen do proxecto da formación profesional, para que os alumnos que deciden cursar estas ensinanzas teñan unha maior entrada no mercado laboral de cada unha das zonas. Evidentemente, existen moitas fórmulas. E cada fórmula vai relacionada co contexto concreto, coa capacidade económica de cada momento concreto. Dende logo, nós o que lle estamos transmitindo e o que lle pedimos á Consellería é que se teña en conta esta participación, que se recoñeza, e, evidentemente, na medida das posibilidades, que se implemente o recoñecemento, as medidas de recoñecemento, para este labor e para esta colaboración.

Nese sentido, nós entendemos que contaremos coa súa colaboración, pero pode entender que non imos aceptar unha emenda que está dicindo cal é a medida de recoñecemento que hai que tomar cando nós o que pretendemos é instar o Goberno para que determine cales teñen que ser esas medidas de recoñecemento que hai que tomar para estas empresas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ GIL: E, pola nosa parte, evidentemente, anunciamos que a emenda do Bloque Nacionalista Galego tampouco a imos aceptar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da consideración de «proximidade» para a liña ferroviaria atlántica de Galicia, así como a apertura, de xeito paralelo, dun proceso de diálogo para aumentar as frecuencias dos servizos ferroviarios ofertados e rebaixar o prezo dos billetes de tren

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 27068 [10/PNP-001918].

Emenda de adición.

Engadir dous novos puntos co seguinte texto:

«3. Demandar do Goberno do Estado a aprobación no ano 2018 dun proxecto de modernización e mellora da liña férrea A Coruña-Ferrol.

4. Demandar do Goberno do Estado a transferencia das competencias en materia de ferrocarril de cercanías.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Para iniciar este plantexamento quería facer un exercicio de comparación que creo que é útil para plantexar a cuestión que nós traemos hoxe a esta Cámara. A viaxe en tren Santiago-Pontevedra son trinta e catro minutos, segundo se pode ver na páxina web de Renfe; hai 17 frecuencias e un prezo de 7,35 euros. Un pode buscar viaxes semellantes en tempo no mapa: Gijón-Oviedo, metade de prezo —3,40— e dúas veces e media máis de frecuencias —41—; Málaga-Benalmádena, tres veces máis frecuencias —52 contra 17—, metade de prezo —3,60—; Valencia-Sagunto —non vou falar de Camps, por se alguén quere escapar rápido de Valencia hoxe—, dúas veces e media pola metade de prezo —3,70—. Estamos pagando o dobre por ter tres veces menos frecuencias.

A Coruña-Vigo, hora e vinte, aproximadamente, por 18,10 euros. Se un, por exemplo, no entorno de Madrid, quere viaxar da Universidade de Alcalá a Aravaca —que hai unha universidade tamén, non é Harvard pero hai unha universidade tamén en Aravaca— como moito págase 8,90 en cada circulación, como moito, e son zonas especiais. Normalmente non pasa de 5,50, un terzo do prezo. Pero, iso si, dúas veces máis frecuencias. Se un quere viaxar de Vallecas a Galapagar, é un pouco menos de tempo —hai xente que tarda pouco en viaxar desde Vallecas a Galapagar, bastante pouco— (*Aplausos.*), 1,5 veces máis de frecuencias e estamos no mesmo prezo: tres veces menos.

¿Por que saímos sempre perdendo? Porque somos a única área metropolitana grande de España que non ten un tren de cercanías. Porque nós temos unha área metropolitana grande, que é a nosa gran cidade galega, que é o eixo atlántico, aquel que, polos desequilibrios demográficos que temos —e que o Partido Popular non consegue arranxar, probablemente porque non quere ou porque non sabe—, ten máis do 50 % da poboación e o dinamismo económico e social de Galicia fundamental. Máis da metade da poboación está no eixo atlántico que percorre o noso tren na franxa atlántica. E ¿que ocorre? Que, como non temos consideración de cercanías, estamos pagando o dobre ou o triplo con dúas ou tres veces menos frecuencias de trens por facer percorridos que noutros lugares asumen que son tan naturais, tan frecuentes, tan habituais e tan positivos que se traballa e se demostra que se fai unha redución de prezos e un aumento de frecuencias. ¿Por que aquí non? Pois, probablemente, porque o noso peso fóra —grazas ao noso goberno autonómico— é bastante limitado, e probablemente porque dalgunha maneira se considera que aquí debemos de ser moitísimo máis potentes economicamente e podemos pagalo.

En realidade, ¿cal é a posición que este grupo trae hoxe a esta Cámara? Pois, con tanta sorpresa, afirmar que, se podemos ter como Estado español cercanías en varias metrópoles, en áreas metropolitanas e entornos de grandes cidades, ¿por que non o imos poder ter aquí en Galicia? Co cal favoreceríamos melloras medioambientais, limitariamos o uso dos vehículos, facilitaríamos o transporte público, facilitaríamos o intercambio laboral, de estudantes, a actividade produtiva, que basicamente é o eixo do porqué das cercanías. Porque non se decide poñer cercanías porque si. Asturias, Santander, Bilbao, San Sebastián, Zaragoza, Barcelona, Valencia, Murcia, Alacante, Sevilla, Cádiz ou Madrid son polos de dinamización. Os trens de cercanías contribúen a unha polarización moito maior, a unha actividade económica moito máis potente. ¿Cal é a cuestión entón? A cuestión está en que nós debemos exixir non ter tratos especiais nin mellores, senón, polo menos, un trato igualitario. Esa é a nosa defensa.

¿Que plantexamos? Necesitamos negociar xa co Ministerio de Fomento para a transformación do eixo atlántico ferroviario nun tren de cercanías, por merecemento, pola importancia, polo impacto social e económico que ten en Galicia e pode ter, e porque é unha cuestión de equiparación para participar da igualdade de oportunidades comparativamente. Porque non é posible asumir que teñamos, por algunha razón extraplanetaria, menores condicións ou maiores dificultades que outras zonas que, tendo condicións parecidas, teñen mellores posibilidades. E non se trata de facer grandísimos investimentos en obras, en obra civil. Se houbera moito investimento en obra civil ao mellor ao PP gustáballe máis, porque aí sempre ten máis marxe de manobra. Pero, en todo caso, non hai grandes investimentos, senón necesariamente unha adopción de igualar as oportunidades dos cidadáns.

Polo tanto, nós o que plantexamos é que, se hai unha gran cidade galega —que a hai, que é o eixo atlántico—, ¿por que non ter o gran metro galego, o noso tren de cercanías? E iso sería unha oportunidade.

Nos últimos tempos foi coñecido que hai unha intención —ou, polo menos, iso se vai anunciando— de grandes empresas estranxeiras en entrar no mercado a partir da liberalización deste eixo. Iso demostra dúas cousas: primeiro, que hai un espazo de negocio e, segundo, que hai alguén que non o está a aproveitar. Agora mesmo quen ten a oportunidade de aproveitalo é a Administración. Pero cando se liberalice, se a Administración non o aproveita, entrará quen o aproveite. E as empresas non invisten alá onde cren de entrada que van ter perdas, normalmente invisten onde van ter beneficios. Polo tanto, se hai interese en facelo é que hai espazo, hai espazo para ter moitas máis frecuencias das que existen, moitísimas máis. Probablemente, segundo os cálculos, entre catro e cinco veces máis frecuencias das que hai. Se hai ese espazo e, ademais, ten previsión de beneficio, ¿por que a Administración, que é a titular da liña, que é a propietaria da liña, que pode facer esa xestión, non a fai?

Primeira idea: negociemos co Ministerio de Fomento, implantemos esta medida en igual medida que noutros lugares.

Segunda cuestión: mentres iso non se faga, podemos asumir que unha negociación con ese ministerio debería levarnos a ter, cando menos, un aumento das frecuencias e unha redución dos prezos. Ata que establezamos a medida exacta, temos que ter esa capacidade.

Terceira medida —que será de futuro—: se o Ministerio de Fomento non quixera —aínda que o señor Feijóo e o señor ministro de Fomento non se sabe se teñen unha relación moi mala ou moi boa, pero só se sabe que están moitas veces moi xuntos, e xa se dicía o de «*ten cerca a tus amigos y más cerca todavía a tus enemigos*» —, se esa negociación non é frutífera, pois a partir de aí o que necesitamos é plantexarnos se non poderá Galicia, polo tanto, asumir a posibilidade, xa que hai outras empresas interesadas en facelo, de entrar nesa competencia e de ter a súa propia liña de cercanías. É outra posibilidade.

E a nosa pregunta, entón, é: ¿non hai ninguén que pensara nisto no Goberno galego nestes últimos anos? E, se o fixeron, ¿por que se rexeita? Porque o noso plantexamento é que debemos ter unha igualdade de oportunidades respecto doutros territorios. Iso daría ao noso país a posibilidade de ter un eixo que comunicara mellor os seus traballadores, os seus estudantes. Este é un eixo que comunica catro campus —ou cinco, ata Ferrol—, os tres aeroportos, comunica a máis da metade da poboación galega, comunica as grandes infraestruturas, as grandes institucións e comunica os polos económicos e de dinamización dos polígonos industriais máis potentes. É un eixo de comunicación no que nós mesmos, aquí nesta Cámara, puidemos comprobar que facemos tramos en calquera dos medios de comunicación que conectan as cidades que hoxe se conectan por tren a través do eixo atlántico, moitos. Eses eixos, a dinamización que producen, e os movementos demográficos demostran que ese é o noso eixo de potencia económica. Sen abandonar outros territorios —nunca—, potenciemos o que temos mellor. E iso permitiríanos ter unha economía máis potente, máis produtiva, e sobre todo en igualdade de condicións, que isto é unha cuestión na que insistimos moito e xa sabemos que, ás veces, un pouco perigosa. Pero non sigamos

tendo unha comparativa na que sempre saímos perdendo, en frecuencias, en investimento. Ao final sempre pagan os mesmos, e, polo tanto, o que demandamos é que os usuarios teñamos o mesmo dereito que noutros lugares para que Galicia en xeral teña maiores oportunidades.

Polo de agora, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas.

Boa tarde.

A verdade é que non compartimos o entusiasmo atlantista do señor Torrado, e iso da gran cidade galega sóanos así... É dicir, hai máis Galiza ademais do eixo atlántico, hai máis grandes cidades en Galiza, aínda que tamén é certo que o eixo atlántico ten unha vitalidade, un dinamismo, que é evidente.

Tampouco compartimos o entusiasmo do Partido Popular cando fala das cifras do eixo atlántico ferroviario. Efectivamente, houbo un incremento, pero non é ouro todo o que reloce. E este tema, por certo, xa se tratou en varias ocasións no Pleno, pero sobre todo na Comisión 2ª, onde chegou mesmo a haber acordos para mellorar os servizos e as frecuencias nesta liña.

Tamén fariamos unha matización a respecto de considerar propiamente con características de eixo atlántico o treito, a liña, A Coruña-Ferrol, que podemos dicir que ten un tren do século XX por unha vía do século XIX; e ademais sen perspectivas de mellora porque nos orzamentos deste ano hai unha ridícula cantidade de 300.000 euros para facer non sei que estudo, pero realmente, mesmo a pesar do estudo que fixo a Xunta de Galicia, non hai unha previsión de investimentos para realmente modernizar —que é unha prioridade— a liña entre A Coruña e Ferrol. E por iso unha das nosas emendas vai precisamente neste sentido.

E o que pon en evidencia isto —como todo o debate e o que estamos a falar— é a irrelevancia política do Partido Popular en Madrid, porque mesmo tendo estes estudos non consegue que nos orzamentos do Estado se aproben estas medidas.

Ben, efectivamente, podemos recoñecer que houbo melloras na liña ferroviaria atlántica entre A Coruña e Vigo —e non en Ferrol, como digo—, é evidente isto. Se o comparamos, desde logo, con outros trazados, con outras liñas, está a anos luz, claro. Se falamos de Ferrol-Ribadeo, por exemplo, ou do caso das conexións de Lugo coa Coruña, con Santiago ou con Ourense, ou de Ourense con Vigo, ou Ourense con Santiago, desde logo está moito mellor. Pero hai aínda moitas carencias e moitas deficiencias que teñen que ver coa prestación do servizo, que teñen que ver cos recortes que hai, por exemplo, no persoal da venda de billetes,

que ten que ver tamén coa falta de reforzos en días punta e nas pontes —que é unha mellora que tamén sería necesaria—, e, polo tanto, parece que o único que lle interesa a Renfe aquí é facer negocio, porque é unha das liñas máis rendibles do Estado. Pero despois iso non se acompaña con medidas de potenciación e de mellora, como sería, efectivamente, a principal necesidade, a transformación nunha liña de cercanías.

Cercanías quere dicir basicamente tres cousas: quere dicir unha vía electrificada —que se cumpre no caso desta liña—, quere dicir máis frecuencias e mellores horarios e quere dicir prezos máis baixos. E estas dúas premisas non se cumpren no caso do eixo atlántico e é absolutamente escandaloso e inxustificable que a estas alturas non teña estas características a liña que vai de Vigo á Coruña.

Porque, como xa se dixo aquí, no Estado español teñen ferrocarrís de cercanías Asturias, Cantabria, Euskadi, Cataluña, a Comunidade Valenciana, Murcia, Andalucía, Aragón ou Madrid. E ter ferrocarril de cercanías suporía, fundamentalmente, duplicar os servizos e os horarios e reducir á metade os prezos. E fíxense o que suporía isto nunha liña que para vostedes é a mellor do mundo, como é a liña do eixo atlántico; que xa digo que ten aínda moitas sombras e que necesita moitas melloras, e esta é unha das principais.

E tamén —e neste sentido vai a segunda das nosas emendas— nos parece fundamental que Galiza asuma as competencias en materia de ferrocarril de cercanías, xuntamente coa creación deste servizo de cercanías. Recórdolles, ademais, que esta é unha promesa repetidamente incumprida por parte do Partido Popular, que xa no ano 2010 anunciou a creación dun ente ferroviario galego do que nunca máis soubemos. Soubemos que se licitou un estudo ou un proxecto, pero nunca máis se soubo. Bueno, o que fixeron despois foi, sobre todo, desmantelar liñas ferroviarias e estacións.

En definitiva, pensamos que a situación desta liña, pero sobre todo a situación do ferrocarril en Galiza, o que pon en evidencia é a fraude do discurso do Partido Popular, que di apostar por unha mobilidade sustentábel, pero na realidade non aposta pola mobilidade máis sustentábel, máis saudábel e máis segura, que é a mobilidade ferroviaria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Galicia é unha das poucas comunidades que carecen de servizo de cercanías, a pesar de que conta coa infraestrutura ferroviaria precisa para ter este tren de proximidade, a pesar de que se trata dunha reclamación histórica e a pesar dos beneficios sociais e medioambientais que nos reportaría. Non podemos falar de loita contra o cambio climático sen falar de im-

pulsar os modos de mobilidade máis sustentables. E para o transporte de mercadorías e colectivo, o ferrocarril é, sen dúbida, a mellor opción.

Outra das vantaxes de dinamizar e fomentar a utilización do ferrocarril reside na mellora dos datos de sinistralidade, o cal en Galicia ten gran relevancia por estar á cabeza en todos os ránkings de sinistralidade. Nesta cuestión, o ferrocarril pode aportar moita marxe de mellora reducindo o tráfico nas estradas. Incrementar os desprazamentos en tren tamén melloraría o problema crecente de masificación e de saturación de tráfico nas cidades, e contar con tren de cercanías colabora tamén na defensa do dereito á mobilidade.

Todas estas vantaxes converten nunha obriga da Administración a dinamización do transporte ferroviario. E para iso hai que mellorar o servizo e incrementar frecuencias, axustar horarios, avanzar na intermodalidade, impulsar redes de cercanías nas áreas metropolitanas e ofrecer prezos accesibles no contexto económico no que vivimos os galegos e as galegas; prezos accesibles para ir estudar, para ir traballar e para ir facer xestións á Administración, que é para o que se vén utilizando fundamentalmente o eixo atlántico. Precisamos defender un tren público e social de calidade, non reducir e privatizar o servizo.

A posta en marcha do eixo atlántico ferroviario supuxo unha mellora nos tempos da viaxe, que incrementou a utilización por parte das usuarias, amosando que, cando se mellora este servizo, a cidadanía responde; o cal é unha moi boa nova porque nos indica que é unha cuestión de vontade política que poidamos dinamizar este transporte, xa que a cidadanía si responde de maneira favorable a calquera mellora.

Esta mellora nos tempos da viaxe non se viu acompañada cunha boa oferta de frecuencias e horarios nin cunha boa oferta económica, ademais de deixar discriminada a Ferrol e sen rematar a saída sur; unha liña que, xa dende a súa inauguración, arrastra déficits de servizo, que se viron agravados tras os últimos cambios na canle de vendas, reducindo o persoal que se dedica á venda de billetes.

A nosa posición é clara a este respecto, e así o viñemos manifestando toda esta lexislatura. Precisamos dinamizar o transporte ferroviario dende a defensa dun tren cento por cento público e social, ofrecendo un servizo de calidade, alonxando del a quen pretende facer negocio co que é de todas e dándolle un carácter social.

O transporte ferroviario debe servir para favorecer o desenvolvemento social e económico de Galicia, sendo, como é, un elemento estratéxico para a loita contra o cambio climático, para a dinamización da economía e para a vertebración do territorio. Sen embargo, en Galicia non se está aproveitando todo o seu potencial. Os últimos anos asistimos á aniquilación do tren de proximidade, á redución a cifras ridículas do transporte de mercadorías, á anulación de liñas, ao peche de estacións, reducións de frecuencias, anulación de horarios con importante nivel de usuarias e recortes en mantemento e persoal.

Non é tolerable nin racional que, despois de facer un investimento tan importante cos cartos de todas na liña ferroviaria do eixo atlántico, non se aproveite todo o seu potencial, non se coide e mellora o servizo. É unha liña que xa se inaugurou, como dixeran, con carencias im-

portantes, e que, lonxe de ir solucionándose, o PP decidiu ir empeorando, e reducindo o persoal dedicado á venda de billetes. Non podemos permitir que se xestionen tan mal os cartos de todas, e que se xestionen tan mal os servizos públicos.

Con respecto á mellora das frecuencias e dos axustes de horarios na liña do eixo atlántico, xa aprobamos na Comisión 2ª hai uns cantos meses unha iniciativa, que trouxemos dende o Grupo de En Marea, para mellorar as frecuencias e os horarios. Pero vese que o ministro de Fomento, na súa liña habitual de discriminar a Galicia, non tivo a ben poñelo en práctica malia que tecnicamente é moi facilmente realizable.

No fondo de todo isto está o verdadeiro motivo do abandono do ferrocarril convencional, os recortes que pagan as maiorías sociais mentres os grandes poderes económicos seguen incrementando os seus beneficios, a privatización do servizo nos últimos vinte e cinco anos —no Estado pasamos de 80.000 traballadoras a 25.000 traballadoras no eido do ferrocarril—, e o outro elemento é o negocio co AVE. Nos últimos anos dedicáronse o 70 % dos orzamentos do ferrocarril para o AVE e tan só o 30 % para o tren convencional, que é o que utiliza máis do 95 % dos usuarios e usuarias. O proceso privatizador situou a media de idade das traballadoras en 54 anos, a plantilla non é renovada e paulatinamente está sendo substituída por empresas privadas.

Polo tanto, imos apoiar esta iniciativa, porque o ferrocarril, como servizo público, debe poñerse ao servizo dos intereses dos galegos e das galegas. E que este servizo sexa de cercanías é poñer o ferrocarril ao servizo dos galegos e das galegas.

Máis nada pola miña banda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Señor Torrado, novamente traen vostedes a esta Cámara un asunto relativo aos servizos ferroviarios de competencia estatal cando saben que non é responsabilidade directa da Xunta. E poden traelo, non digo que non se poida traer, pero saben vostedes que o máis áxil, o áxil de verdade, sería que presentaran esta iniciativa directamente no Congreso. Porque vostedes si que teñen grupo, non como o caso do BNG. Porque, señor Bará, resulta simpático escoitar o de «peso político en Madrid», cando o dos representantes do BNG é cero, *(Aplausos.)* o mesmo que case teñen aquí. Pero os señores do PSOE, aínda que non o pareza, si que teñen. *(Murmurios.)*

En calquera caso, creo que... *(Murmurios.)*

Señor presidente, eu escoitei as cousas que dixeron, o único que pido é o tempo, estou acostumbrado...

O señor PRESIDENTE: Non se preocupe.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: En calquera caso, creo que, coma sempre, do que se trata ao traer isto, de competencia estatal, é intentar confundir e xerar ruído con pouco fundamento técnico. Porque mire, señor Torrado, está facendo trampa. Porque unha cousa é o que escribe e outra cousa é o que nos conta aquí. Porque aquí, na PNL, non fala de crear un servizo de cercanías, senón de transformar o actual eixo atlántico en cercanías, que son cousas moi distintas. Son cousas distintas ás que debatemos noutras ocasións.

Do que está falando é de transformar un servizo, o que temos agora, rápido e eficiente, nun servizo de cercanías, que é outra cousa. Polo tanto, creo que, primeiro, temos que definir o que é ese servizo de cercanías, o tren de proximidade, que está pensado para curtas distancias. Mire, están propoñendo vostedes aquí transformar 200 quilómetros de distancia en cercanías. Ningún dos exemplos dos que vostede falou son 200 quilómetros, ningún deles; porque son outra cousa distinta. E por iso digo que fai trampa.

Ademais, eu alegreime de escoitalrle, despois de quince anos, que recollan o tema de «Galicia cidade única» das directrices. Pero, como dicía o señor Bará, eu tamén ía comentarlle que temos o interior. Logo falaremos de Lugo e de Ferrol, porque aquí do que tamén se trata é de que todos teñamos oportunidades semellantes. E creo que, no caso de Lugo-Ferrol, estamos traballando agora niso, porque creo que merecidamente tamén teñen que ter esas mesmas infraestruturas.

En calquera caso, falou de frecuencias e falou de prezo, pero non falou de tempos, de competitividade e de servizos. Mire, os trens de cercanías no resto de España van ata 100; e as mellores liñas tecnolóxicas, ata 125, e non a 160. Ademais, teñen máis paradas, co que perderíamos tempo entre as cidades. Porque son cousas distintas, como lle dicía antes, os sistemas de transporte. Unha cousa son os servizos de media distancia, a 160, e outra cousa son os trens de cercanías, que son moito menos avanzados ou, digamos, non de última xeración como estes de media distancia. Ademais, perderíamos tempos e competitividade non só polas paradas, senón tamén pola velocidade dos convois.

En calquera caso, tamén fai algo de trampa, porque, aínda que non existe nada escrito, todos os exemplos que di, un mínimo deles, está por riba dos 10.000 viaxeiros por día e por cada un deses tramos. O mellor dos casos do eixo atlántico é A Coruña-Santiago, que son 3.500 viaxeiros por día.

Pero en calquera caso xa digo que seguimos facendo trampas, porque estamos falando doutras cousas distintas ás que, como ben se dicía, xa debatemos na Comisión 2ª.

Respecto do punto segundo, tamén isto xa o apoiamos. Xa se está traballando por parte da Xunta, e seguimos dispostos a seguir apoiando. Pero aquí lígano directamente coa creación de cercanías, é dicir, piden estas rebaixas na consideración de cercanías e lígano coa creación de cercanías, mezclando, como digo, o eixo atlántico con cercanías, que debían ser cousas e plantexamentos distintos.

Miren, imos seguir demandando as melloras das frecuencias, adaptar as demandas dos cidadáns aos horarios ofertados, en bonificacións para, especialmente, paquetes concretos a perfís concretos. Imos seguir nesta liña, demandando. Sabemos que o Goberno galego xa o fixo ante o Goberno competente, que é o Goberno de Madrid, e esperamos que se concreten proximamente.

En calquera caso, e por recordar algunha cousa —porque aquí escóitanse moitas cousas—, a aposta clara de Galicia e do Partido Popular para o ferrocarril creo que a din os orzamentos, que esperamos que voten esta semana os seus grupos en Madrid. Dos 900 millóns de euros de investimentos dos orzamentos, máis da metade van en ferrocarril, atendendo, señor Bará —o que non pode pedir en maio do 2018 é un proxecto para o 2018—, o da Coruña-Ferrol. Van os 300.000 euros para eses estudos no orzamento do 2019. Vostedes non o poden apoiar en Madrid, pero esperamos que os outros grupos o poidan apoiar e teñamos ese estudo para Ferrol e A Coruña, coas peticións que o estudo feito pola Xunta inclúa para ter ese tren ao mesmo nivel que o resto do eixo atlántico.

E hai que acordarse tamén de Lugo, que hai uns días presentaban o ministro e o presidente esa actualización da liña coa electrificación que se pide e con todas as medidas para que tamén estea no mesmo nivel de calidade que temos no resto do eixo atlántico.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Quero agradecer o apoio que manifestaron os grupos de En Marea e do BNG. É certo que o grupo do BNG con certa discrepancia. Non é entusiasmo atlántico, é realismo produtivo. É que, para defender unha parte, non é necesario atacar a outra. (*Aplausos.*) É o que temos os internacionalistas, que non estamos nesa... (*Aplausos.*) Pero, en todo caso, creo que comparámos basicamente a mesma idea.

Sobre a emenda cremos que é produtiva e que contribúe a enriquecer. Fala só do eixo atlántico, como falamos practicamente sempre da AP-9 e non doutras. Quero dicir que, ao final, creo que todos caemos na mesma cuestión. Unicamente imos propoñer unha pequena transacción, que é incorporar no punto 3 —de engádegas— que se poida estudar a incorporación do tramo A Coruña-Ferrol ao AVE, por saber se é posible e por ter datos sobre iso.

Lamentamos o rexeitamento do Partido Popular. É curiosa a argumentación que se defende. A primeira é a máis simpática, é a das competencias, as competencias, e por un grupo político que trouxo a esta Cámara instar os grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados a que replantexaran a súa postura política sobre non sei que cousas. (*Aplausos.*) E fálame de competencias, de competencias... Ou sexa, non podemos pedirlle á Xunta que negocie algo

co Ministerio de Fomento sobre infraestruturas galegas pero si lles podemos pedir aos grupos parlamentarios do Congreso que cambien a súa posición sobre algunha cousa.

Hai unha cuestión de competencias, pero despois explícolla, señor Fernández Prado, non se preocupe.

En fin, nós temos grupo en Madrid e podemos presentar... Temos grupo en «a», todos en «a» ¡eh!, ningún en «b». Pero, en fin, esas cousas xa sei que a vostedes non lles... tal... *(Protestas.)*

De Valencia, ¡Valencia! Si, si, si... Vostedes en Valencia teñen grupo en «a», en «b» e en «z» de Zaplana tamén. Non crean que... Tranquilidade, que non hai problema. *(Fortes murmurios.)*

Señor presidente, se me permiten... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas, señor presidente.

Vostede é o único do Partido Popular que me respecta nesta Cámara. ¡Como llo agradezo! *(Risos.) (Murmurios.)* Moitas grazas.

En fin, sobre as trampas, as trampas son incluso a interpretación. Fíxese o que di. A proposta fala de tomar en consideración o de cercanías —nin sequera transformar— e de que hai entre catro e cinco veces máis posibilidades... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* — Xa, pero é que o que se aproba é a parte resolutiva, señor... A dinámica parlamentaria é outra cousa.— O que existen son entre catro e cinco veces máis posibilidades de aumentar as franxas no eixo atlántico. Poderíamos ter unha solución de aumentar as existentes, poderíamos ter unha solución de compatibilizar as existentes con outras doutro tipo de percorrido. Poderíamos ter dous tipos de velocidade, ou tres tipos de velocidade. Poderíamos ter duascenas franxas únicas e frecuencias cun mesmo tipo de tempo. Poderíamos ter moitas cousas, o que pasa é que é mellor quedar sen facer nada. Temos 17 no tramo A Coruña-Vigo e poderíamos ter máis de duascenas practicamente nalgúns tramos. Polo tanto, non é unha cuestión de que non existan franxas.

Tampouco é unha cuestión de distancias. Por certo, si que as dixen. Hoxe en día a distancia, que son tempos... —aínda que varias das que puxen aí son de tempos idénticos, os exemplos que puxen son tempos idénticos—. Claro que a distancia son tempos, e claro que hai distancias en quilómetros distintas. Por certo, varias das que plantexei probe a facelas en coche. Verá como a distancia, aínda sendo menor en quilómetros, é moito maior en tempo do que se tarda en Galicia. Porque as dinámicas son distintas en termos incluso xeográficos. Creo que a trampa é utilizar ese argumento para escabullirse.

E, por último, o número de viaxeiros. Hai moitísimas ocasións en que os trens en Galicia quedan sen billetes. Iso, para alguén incluso que sabe pouco de economía de empresa coma

min, di que hai máis demanda que oferta. E, ademais —para aqueles que sosteñen que a oferta crea demanda—, se xa hai máis demanda, a nosa percepción e a de todo o mundo é que, se houbera máis oferta, existiría moita máis demanda. Consideraríamos, ademais, a posibilidade de fomentar que os nosos cidadáns viaxaran máis en tren, que tamén é unha consideración que nós cremos bastante produtiva.

En definitiva, as trampas son os argumentos en contra, a realidade é que, por algunha razón, a Xunta non quere investir o seu esforzo nisto. Pero a realidade é que están vostedes facendo que a xente pague tres veces máis polo seu billete para percorrer con tres veces menos de oportunidades de frecuencias un territorio, que noutros lugares si que teñen. Por certo, xa que algunha vez din que ten algunha relación co ministro de Fomento, nós seguimos insistindo: pregúntelle que lle parece a Fomento. Se cadra, podemos negociar. E, se non, utilicemos a nosa forza para facer probablemente un estudo sobre se deberíamos ter un tren de cercanías galego.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: E que o fixera a propia Xunta de Galicia. Iso sería mirar polo tren de cercanías. Se cadra é que en realidade as trampas son dicir cousas para demostrar que non queren.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Falando de grupos, grazas aos que hoxe contribuíron a incrementar as reservas dos grupos sanguíneos. Grazas, porque estivo hoxe aquí a unidade de doazón e creo que tivo bastante éxito esta campaña.

Seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario de En Marea.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 29370 (10/PNP-002139).*)

Emenda de adición.

Engadir un novo punto 4 co seguinte texto:

«4. Demandar do Goberno do Estado un novo modelo de financiamento local que responda ás necesidades dos concellos galegos e que se enmarque nun novo sistema de financiamento para Galicia.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada e voceira suplente Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei, núm. 29370 (10/PNP-002139).

Emenda de adición.

Débese engadir un punto co seguinte texto:

«Solicitar do Estado a negociación dun novo marco de financiamento local que acerque o nivel de ingresos procedentes do Estado á media da Unión Europea, compatibilizando a suficiencia financeira, resultante da asunción de competencias impropias, coa vinculada proxectos concretos.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores e señoras deputadas.

As promesas do Partido Popular de Galicia en campaña electoral son: «É unha obriga modernizar a Administración pública local para mellorar a súa prestación de servizos e seguir dotando as entidades locais galegas das mellores ferramentas para afondar na prestación de servizos públicos de calidade, na eficacia da súa xestión e na proximidade aos cidadáns» —campaña electoral de 2016—. Pero a realidade dos concellos galegos, unha vez que o Partido Popular gaña as eleccións, é que os concellos galegos tiveron que *arreglárselas* con menos recursos e coa limitación da súa propia autonomía para poder facer fronte aos problemas dos homes e das mulleres do seu territorio. Con menos recursos atenderon as persoas para evitar a exclusión social e para evitar a exclusión económica. E con menos recursos atenderon os servizos públicos dos seus concellos sen parar a pensar de quen era a competencia. En definitiva, mentres que os gobernos do Partido Popular da Xunta de Galicia e o Goberno do Partido Popular do Estado se preocupaban por cadrar as contas, os gobernos locais preocupábanse por atender as necesidades das persoas.

A contribución nestes últimos anos das políticas do Partido Popular cara aos gobernos locais foron ben escasas. Foi un incremento desproporcionado do traballo administrativo, un entorpecemento do labor político, unha repartición de competencias pouco racional. E outorgóuselles ás deputacións competencias que non tiñan e non eran as administracións máis axeitadas para prestalas.

Tamén é verdade que nas últimas comparecencias do Goberno do Partido Popular neste Parlamento galego nos espetan con gran orgullo que Galicia experimentou un crecemento san e continuado durante os catro últimos anos. E elevaron o crecemento do último ano, en ter-

mos de PIB, nun 4,2 %, en palabras do Goberno galego. Pero as políticas municipalistas do Partido Popular, con este crecemento san e con este crecemento en PIB, seguen sendo restritivas en recursos e expansivas en competencias. ¿Cando se vai notar dunha vez por todas este crecemento san, do que vostedes falan, nos homes e nas mulleres galegas? ¿Cando se vai notar nos concellos un incremento dos seus recursos despois de aguantar unha situación de crise durante oito anos continuados? ¿Que ocorrería, señores e señoras do Partido Popular se os concellos só se dedicasen, igual que o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia ou que o Goberno do Partido Popular no Estado, a cadrar contas e non atender as persoas? (*Aplausos.*) ¿Imaxinan vostedes como podería ser a situación social e económica de moitas familias, das que peor o estiveron pasando?

Miren, a xestión da Xunta de Galicia cara aos gobernos locais é que a realidade de 2017 — Fondo de Cooperación Local— son uns escasos 115 millóns de euros. No 2009 xa eran case 116 millóns de euros. E, se nos cinguimos estritamente ao que vai de repartición para todos os concellos —2017-2019—, perdéronse no Fondo de Cooperación Local, nestes oito anos, 3 millóns de euros. Esa é a aportación da Xunta de Galicia ás entidades locais: 3 millóns de euros menos para o Fondo de Cooperación Local.

E as últimas leis aprobadas neste Parlamento —seguramente esquezo algunha— que outorgan competencias aos concellos son: a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas, a Lei de benestar animal e a Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais. Contéstenme, por favor, cantas das competencias outorgadas aos concellos nestas leis levaron aparellado o correspondente financiamento —ten agora ocasión de vir contestarme—, tal e como se establece na Constitución, na Carta da autonomía local, no Estatuto de Galicia ou na Lei da Administración local. Por favor, dígame onde están os recursos. ¿Cantos recursos se achegaron para que poidan desenvolver as súas competencias?

Vostedes empregan sempre o principio de «a Xunta invita e os concellos pagan». ¿Saben vostedes o que implica o principio de suficiencia financeira? Pois que as entidades locais galegas deberán dispoñer dos medios suficientes para o desempeño das funcións que as propias leis lles outorgan, e que deben nutrirse dos tributos propios, dos ingresos do Estado e da participación nos ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia. Pero xa sabemos, os socialistas sabemos perfectamente, como entenden vostedes iso da suficiencia financeira.

O último exemplo: a convocatoria de subvencións da Orde do 25 de abril de 2018, subvencións en concorrencia non competitiva destinadas á creación e á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018, coa que dotan con algo máis de catro millóns e na que poden acadar, como moito, 500.000 euros para cada un dos concellos galegos. Xa o reparto sería..., bueno, pois daquela maneira.

Pero imaxinamos que vai suceder outra vez como xa sucedeu co Plan Urbe, no que avisaron os seus alcaldes e as súas alcaldesas e o 94 % dos concellos beneficiados con ese Plan Urbe, tamén en concorrencia non competitiva, foron concellos do Partido Popular. (*Aplausos.*)

¿Consideran vostedes realmente que os concellos que son gobernados por outros alcaldes e por outras alcaldesas que non son do Partido Popular —é dicir, do mesmo partido que está

no Goberno e na Xunta de Galicia— non precisan da mellora de infraestruturas e de equipamentos? Estaremos moi atentos á publicación da concesión destas axudas, pendentes da orde de entrada destas axudas e do momento en que se esgote o crédito. Porque supoño que non van empregar outra vez máis a falta de transparencia na información, iso espero que non sexa así.

¿Non sería moito máis axeitado, señores e señoras do Partido Popular, que estes 4.300.000 euros pasaran a formar parte do Fondo de Cooperación Local para facer unha repartición entre todos os concellos galegos e, polo tanto, beneficiar a todos os galegos ou a todas as galegas e, polo menos, chegar ao mesmo nivel no que estaba cando gobernou Emilio Pérez Touriño? ¿Non sería moito máis axeitado? Vostedes chámanse municipalistas, pero, miren, tivo que ser un presidente socialista da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, quen asinara o pacto local. E recórdolles que doce anos despois aínda non está totalmente desenvolvido. E tivo que ser un alcalde socialista, o alcalde de Vigo —presidente da FEMP—, Abel Caballero, quen chegara a un acordo co ministro Montoro para conseguir o que todos os alcaldes e todas as alcaldesas —independentemente da cor política— estaban exixindo, que era reinvestir o superávit xerado polos seus concellos, cumprindo a regra de gasto e cumprindo co pago a provedores. Por certo, quérolles recordar que o 16 de marzo de 2018 na Comisión 3ª vostedes votaron en contra deste acordo, votaron en contra do acordo ao que chegaron o ministro do seu partido, do Partido Popular, e o alcalde, e presidente da FEMP, Abel Caballero. ¿Poden explicar o seu voto? ¿Non están de acordo? Imaxino que lles explicarían clari-simamente aos alcaldes e ás alcaldesas do Partido Popular por que o seu voto foi negativo neste punto. En fin, ten que ser sempre un socialista quen consiga as cousas que piden os concellos. E, polo tanto, nós si manifestamos a nosa vocación municipalista.

O 14 de febreiro de 2017 a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade —e, repito, de todos os grupos políticos, é dicir, o Partido Popular tamén incluído— un documento denominado *Resumo executivo da comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais*, no que se establecen varios puntos —o financiamento local, a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma e as transferencias a través de subvencións— e, en resumo —porque non teño tempo para moito máis—, que se minimicen as transferencias finalistas aos concellos, integrando, na medida do posible, estas contías no Fondo de Cooperación Local; crear un fondo anual para infraestruturas formado polas transferencias de capital con destino a concellos; un estudo de valoración do custo dos servizos financiados parcialmente mediante transferencias pola Xunta de Galicia e prestados no ámbito local, establecendo un financiamento que sexa axeitado e estable —polo tanto, estable no financiamento e estable tamén na prestación de servizos, e non estar pendente de se este ano vou recibir ou non a subvención que me pode dar ou non a Xunta de Galicia—; e tamén que se manteñan as subvencións, e aquelas que se tiñan que seguir mantendo que teñan criterios de repartición obxectiva; que se garanta a igualdade de acceso de todos os concellos —e, polo tanto, a concorrencia non competitiva non o garante—; que se manteñan os PEI e o Fondo de Compensación Ambiental; que se simplifiquen e axilicen os trámites para a solicitude de subvención; garantir a percepción do financiamento establecido no momento da concesión da subvención ou sinatura do convenio; e establecer algo bastante importante, que é un mecanismo que permita visualizar cal é o grao de transferencias recibidas, o total, por todos os conceptos, de cada unha das entidades locais, co ánimo de facer unha comparativa e reequilibrar esta dotación.

Na súa man está votar a favor ou en contra. Eu xa sei de antemán, case o supoño, que o voto pode que sexa en contra. Pero realmente vai ser unha mostra máis, unha vez máis, de que vostedes non son un goberno municipalista. Vostedes o que queren é que os concellos sexan tutelados pola Xunta de Galicia e que fagan a súa vontade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas.

O BNG vai apoiar esta iniciativa porque, como dixo a voceira do Grupo Socialista, forma parte dese conxunto de demandas que foron presentadas pola Fegamp en abril do ano 2017, recollidas en dous documentos: o que citou a señora Rodríguez Rumbo e tamén o documento por un novo modelo de financiamento local, que —como ela explicou moi ben— foi acordado e consensuado por todos os grupos políticos.

Neses documentos pedíanse cuestións moi concretas e demandas para esta lexislatura, e non vemos por parte do Goberno que haxa interese en aprobar estes instrumentos que, realmente, mellorarían notablemente e clarificarían —farían xusto e máis obxectivo— o sistema de reparto e de participación dos concellos nos recursos da Xunta de Galicia que lle corresponden.

En primeiro lugar, fálase nese documento dunha lei galega de facendas locais que sexa consensuada coa Fegamp, na que se proceda á ordenación da situación económica e financeira das entidades locais galegas, en atención á súa diversidade dentro do Estado.

En segundo lugar, propónse —que coincide coa iniciativa do Partido Socialista— unha lei de regulación da participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, que nos parece absolutamente fundamental e prioritaria; dise aí, na que como mínimo se introducen na fórmula de reparto criterios que teñan en conta aspectos demográficos e territoriais que inciden no custo dos servizos que prestan os concellos e tamén —isto tamén nos parece moi relevante— variables que midan de xeito obxectivo a corresponsabilidade fiscal de cada concello.

Tamén outra das demandas —como xa fixo referencia a portavoz socialista— é a que ten que ver coas transferencias e coas subvencións, que piden que se integren, na medida do posible, no Fondo de Cooperación Local, e que aquelas que non se faga así que se repartan con criterios obxectivos de reparto. E aquí fíxose referencia, por exemplo, ao Plan Hurbe, pero poderían falar tamén do Rexurbe e de moitos outros plans, por non falar xa de todos os convenios que fan a libre discreción con gobernos do Partido Popular dos concellos, empezando por Augas de Galicia, que é un auténtico escándalo como reparten os fondos. Tamén se pide a modificación da Lei de estabilidade orzamentaria para, dalgunha maneira, compensar os concellos polo enorme esforzo que fixeron ao longo destes anos reducindo o gasto e conseguindo cifras de superávit que permitiron contribuír á mellora do déficit público.

Pero, claro, todo isto, con ser importante, con ser moi importante, non nos parece que sexa o principal e o fundamental, por iso presentamos unha emenda que vai no sentido de abordar a cuestión que a nós nos parece que é absolutamente central e prioritaria, que é cambiar o sistema de financiamento local e tamén o sistema de financiamento autonómico, o de financiamento de Galiza, porque se non estaremos no reparto das migallas.

Os recursos actualmente son insuficientes e hai unha discriminación evidente dos concellos galegos no sistema de financiamento local actual, cousa que ten tamén denunciado a Fegamp, denunciado e, sobre todo, demostrado con datos ao longo destes anos con numerosos informes que demostran que é un sistema insuficiente, que é discriminatorio, que é inxusto, que é un auténtico agravio para Galiza, porque os concellos galegos perderon ao longo destes anos, ao longo de dez anos, máis de 1.400 millóns de euros por este sistema discriminatorio e inxusto, porque non ten en conta a singularidade que ten o noso territorio, fundamentalmente nunha cuestión que é absolutamente determinante para medir o custo dos servizos, que é o número de núcleos de poboación. Temos a metade dos núcleos de poboación do Estado e isto ten que ser un factor determinante á hora de repartir, polo tanto, os recursos.

A este respecto xa houbo numerosos acordos neste Parlamento, algún deles a instancia do BNG, un deles xa do ano 2015, que non se cumpriron. Os concellos galegos levan xa practicamente oito anos reclamando un novo sistema de financiamento local que sexa xusto coas necesidades do noso país. E para nós isto tampouco é suficiente, porque se debe enmarcar nun novo modelo de financiamento autonómico que acabe con este sistema centralizado e uniforme, un sistema, polo tanto, de concerto que reforce o autogoberno e que nos dea máis recursos para prestar mellores servizos á poboación de Galiza e tamén para financiar mellor os concellos.

Agardemos, polo tanto, que apoiem esta emenda, e anunciamos, en todo caso, o voto favorable do Bloque Nacionalista Galego á proposta do Grupo Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Boa tarde.

Señor presidente, señores deputados e deputadas, nós tamén imos apoiar esta proposta do PSdeG por todas as cuestións e por todos os argumentos que se expuxeron nesta tribuna polo grupo que propón a iniciativa, tamén por parte dos argumentos que expuxo o deputado do Bloque Nacionalista Galego. Ademais, entendemos que é unha cuestión sobre a que, como hai un grande acordo — como xa se dixo — por parte da maioría dos municipios representados na Fegamp, non hai moito que discutir. Existe, pois, un consenso e un apoio amplo e claro en canto á situación dos concellos e das dificultades que teñen para prestar os servizos, pois son máis que tanxibles. Entendemos que os deputados do Partido Popular, como son os grandes preocupados polo municipalismo e como, ademais, invaden as súas intervencións

—habitualmente en cuestións municipalistas— sobre todo onde están na oposición —porque están desesperados por entrar nos gobernos que ocupan partidos e proxectos de esquerdas—, van apoiar esta iniciativa.

Tamén nos gustaría incidir na situación que están pasando os concellos e como están sendo afogados despois de que en plena crise tiveran que afrontar a falta de recursos e a situación económica, en moitos casos, dunha maneira case épica, xa que é a administración máis próxima á cidadanía, algo que foi tan dramático coma vergoñento. E hai que volver incidir en que, mentres os culpables da crise —como en case todos os ámbitos, agora mesmo esas empresas que parece ser que o PP non ten nada que ver con elas— seguen obtendo beneficios, e mentres que os que roubaron e levaron á situación de crise e de ruína a moitos dos concellos non devolven nin un euro, moitos nin pagan ante a xustiza, as veciñas e os veciños seguen tendo insuficiencias nos servizos, pois os concellos non teñen os recursos que precisan. Á parte de todas estas propostas e de todas estas medidas, hai que incidir na gran lacra que está danando todo o sistema público, que é a corrupción.

Hoxe vimos a detención do señor Zaplana, unha investigación que persegue irregularidades na concesión das ITV cando era presidente da Generalitat. Entre os detidos está o empresario Vicente Cotino, sobriño do ex-vicepresidente Juan Cotino, beneficiado por unha concesión de enerxía eólica: políticos do Partido Popular, empresas.

O señor Montoro *Manstesoiras* é o grande artífice destas medidas de estrangulamento dos concellos; o seu número dous, nin máis nin menos que o secretario de Estado de Facenda, tamén está imputado por prevaricación e malversación cando era alcalde de Jaén. Di a investigación, as dilixencias, que ordenou persoalmente, en contra dos informes e reparos de ilegalidade do interventor do consistorio xienense, distintos pagos á empresa Matinsreg, que presentaron facturas falsas nas que aparecen conceptos e servizos facturados non executados realmente, xerando un sobrecusto de considerable gravidade para o concello. Esta é a política no que se refire aos concellos do Partido Popular e, nin máis nin menos, a que aplicou o número dous do señor Montoro. Non estamos falando dun militante ou deses casos illados, mazás podres, dos que vostedes agora renegan.

Máis alá de pedirles esta limpeza que lles daría recursos aos concellos e a todas nós, que nos parece máis unha utopía que unha realidade vendo o seu *modus operandi* con respecto ao tratamento da corrupción nas súas filas, nesta Cámara nós temos que velar pola situación dos nosos concellos, mais sendo conscientes desta situación ruín na que os deixaron; nin sequera aos que fixeron os deberes e reduciron as débedas e teñen superávit lles deixan utilizar, polas normativas do superministro Montoro, os excedentes que teñen. No caso de Galicia son moitísimo máis irresponsables as súas «mortadeladas», porque somos un dos territorios nacionais con menos recursos para os nosos concellos; a nivel do Estado, estamos máis infrafinanciados, cun incremento ridículo este ano, por riba con orzamentos sen executar, e por iso estamos de acordo con esta proposta.

Pero tamén estamos de acordo co Bloque Nacionalista que non é suficiente, cremos que hai que incrementar e apostar a maiores por solicitar o estado da negociación dun marco de financiamento local, que realmente é a clave —tamén a nivel técnico, a nivel modelo— do

problema que están sufrindo os nosos concellos, que achegue o nivel de ingresos dos nosos concellos aos que están na media do Estado da Unión Europea e que compatibilicen a suficiencia financeira resultante da solución de competencias impropias coa vinculada con proxectos concretos.

E, sobre todo, para finalizar, tamén nos gustaría saber —xa que o Partido Popular está tan concienciado con estas cuestións municipalistas— como vai o estado da execución dunha iniciativa aprobada por unanimidade de todos os grupos, tamén do Partido Popular, no ano 2015; a Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos, por unanimidade, o 9 de abril de 2015 instou a Xunta de Galicia a demandar a reforma do actual modelo de financiamento local de acordo cos seguintes criterios: proporcionar máis recursos aos concellos galegos, adoptar os criterios de dispersión e avellentamento da poboación para o reparto da participación nos ingresos do estado, os PIE, por se tratar de factores que repercuten de xeito determinante sobre o custo dos servizos que prestan os concellos galegos, e transferir á Xunta a contía correspondente á PIE para que sexa a Administración galega a que realice o reparto destes fondos entre os concellos.

Por último, gustaríanos saber se o Partido Popular, das maiorías absolutas e absolutistas, cumpre o acordado nesta Cámara, xa que están de acordo, se cumpren a lei, se vimos aquí gañar o soldo para algo ou seguen facendo política de *marketing* en vez de solucionar os problemas dos galegos e galegas, sobre todo daqueles que supostamente tanto confían en vostedes e aos que vostedes tanto lles deben.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, eu vou falar para os grupos que teñen algunha proposta en materia de municipalismo, podemos coincidir ou non, pero polo menos teñen algunha proposta municipalista, os argumentarios déixooos para aqueles que lles sobran 140 caracteres, aínda que agora xa teñen 240.

Miren, eu creo que coincidimos, efectivamente, señora Rumbo, en que a Administración local leva moito tempo precisando dunha mellora no seu financiamento, especialmente dende a chegada dunha crise económica que mermou os seus ingresos considerablemente. Non vou falar de cuestións que xa levamos falado moito tempo, pois da redución dos ingresos obtidos polo imposto de construcións, instalacións e obras, que caeu case nun 60 %, e outros ingresos que tiñan os concellos naquel momento. Pero vostede tamén sabe que hai outras cuestións de xestión directa —o señor Leiceaga non me deixará mentir—, por exemplo en redes locais, que a xestión directa dos tributos dos concellos tamén é en Galicia máis dun 25 % menos que noutros concellos de España; pero destas cuestións e doutras variables das que poderíamos falar eu só teño cinco minutos, non podo falar de todo, pero si me gustaría

falar das contas. Porque vostede fixo aquí unhas contas que non coinciden, señora Rumbo. Claro, é que vostede colle o cadro..., colle por unha parte o fondo base, claro, e compara o fondo base co fondo total. Claro, así é imposible, señora Rumbo.

Mire, voulle dar as cifras, porque vostede xa as coñece, pero non faga trampas, non faga trampas porque entón si que non nos imos poñer de acordo nunca. O fondo base en 2008 eran 104.082.175 euros. No ano 2018 son 112.972.806 millóns de euros. Claro, vostede compárame os 119.499.067 euros do total de 2008 cos 112.972.806, así danlle os 3 millóns. Pero mire, non, non son 3 millóns menos, son 6 millóns máis.

Compare os totais, porque mire, o total en 2008 eran 119.499.067 euros. ¿Estamos de acordo? Si. En 2009 eran 124.730.788. ¿Estamos de acordo? Si. E en 2018, 125.594.165. Isto se fai as contas son 6 millóns de euros máis, por non falarlle, señora Rumbo, que tamén sabe do fondo específico de recadación do canon eólico, que para 2018 son 11,2 millóns de euros máis.

Entón, non faga trampas ao solitario. Porque mire, na súa proposición hai tres propostas, por unha banda a regulación por lei. Xa debatemos aquí unha proposición de lei do Grupo Socialista, non vou repetir o discurso nin a intervención, porque creo que o meu compañeiro Pazos o explicou estupendamente ben.

En relación co que vostede fala da posibilidade de regular o Fondo de Cooperación Local por lei, xa sabe que está regulado, señora Martínez Rumbo, na disposición adicional quinta da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, que ten vixencia permanente, e está en plena vixencia, señora Rumbo; entón non sei que é o que quere regular que non estea regulado aí, porque está regulado o Fondo de Cooperación Local.

Nesa regulación contéplase como un fondo incondicionado, de maneira que o importe recibido para os concellos galegos opera como un recurso propio dos mesmos e pode ser destinado ao que eles queiran, sen que teñan que xustificar os gastos que realizan. Trátase dun fondo garantido, posto que o seu importe non pode ser inferior en ningún exercicio ao que recibiu cada concello no ano 2010.

Como vostede sabe, o Partido Popular cando entrou no Goberno na Xunta de Galicia, no ano 2009, garantiu, efectivamente, un mínimo para o Fondo de Cooperación Local que non estaba garantido, e deste xeito, señora Martínez Rumbo, vostede ben sabe que nos anos 2013, 2014 e 2015 operou ese mínimo impedindo que os ingresos dos concellos caesen, como fixeron cos da nosa Administración xeral, e aí non se tratou de cadrar as contas, como veu vostede dicir aquí, senón que se tratou de garantir que houbera un mínimo de fondo de cooperación para os concellos. Un mínimo que garantiu o Partido Popular e non o Partido Socialista cando gobernou no Bipartito, como vostede acaba de dicir. *(Aplausos.)*

Mire, ademais, señora Martínez Rumbo, do Fondo de Cooperación Local os orzamentos contemplan dotacións de créditos de gastos correspondentes a convenios e subvencións que tamén teñen como destinatarios os concellos galegos.

Vostede pretende, na súa iniciativa, incorporar de xeito anual a este fondo estas dotacións orzamentarias, pero iso trae problemas. Non teño moito tempo para explicarllo.

Primeiro, no ámbito das competencias propias hai distintas áreas sectoriais da Xunta de Galicia, xa que a xestión do fondo non corresponde a esas áreas sectoriais, por exemplo as políticas de dependencia e as de emprego supoñen para 2018 máis de 43,8 millóns, especialmente, é dicir, case a metade do monto total dos convenios e subvencións do ano 2018, que non poderían ser incorporados a ese fondo.

En segundo lugar, pode suceder que algunha destas actuacións non se corresponda estritamente coas competencias de todos os concellos, algunhas delas refírense ou benefician concellos concretos e teñen carácter nominativo que impide a súa integración nun fondo xeral obxecto de repartición, como o Fondo de Cooperación Local.

Tamén vostede sabe que estas dotacións proveñen ou ben de transferencias finalistas do Estado ou de fondos propios da Comunidade Autónoma, e están supeditadas ás dotacións que se establezan...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PRADO DEL RÍO: ...nos orzamentos e estas organizacións territoriais aproben, de modo que son dificilmente consolidables dun exercicio a outro.

Non teño máis tempo para dicirlle todas estas cuestións que vostede sabe perfectamente, o que pasa é que intenta aquí dicir cousas que non son, veñen aquí dicir que se a Xunta lles dá aos concellos do PP... Mire, iso pasa nas deputacións, fale vostede... (*Interrupcións.*) (*Murmuros.*) Si, mire, na de Lugo, que xa vén de herencia do señor Besteiro, que todos sabemos como acabou, que dese non queren falar, nin do señor Pachi Vázquez; falen coa señora Mari Carmen Silva, que polo que se ve ao señor Bará esa non lle parece escandalosa, porque en Pontevedra, claro, non van protestar porque lles dean máis a eles ou a Nigrán que a outros concellos que non son da súa corda...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...pero veñen aquí dicir, a pensar, que cre o león todos son da súa condición, e non é certo, señorías. Se vostedes actúan así en Lugo ou en Pontevedra, na Xunta de Galicia non se actúa deste xeito.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: En primeiro lugar, grazas ao BNG e a En Marea polo seu voto favorable. Evidentemente, nós o que trasladamos aquí — como non pode ser doutro modo —

é a reivindicación lóxica de todos os alcaldes e de todas as alcaldesas —como dixen xa na miña primeira intervención— independentemente da súa cor política.

Nós o que tratamos é de evitar a discrecionalidade a que nos ten acostumbrados o Partido Popular e que os homes e mulleres que viven en concellos que non son gobernados por alcaldes ou alcaldesas do Partido Popular teñan un trato semellante.

E coas emendas que vostedes acaban de presentar, nós intentaremos facer unha transacción que estea de acordo co que vós propoñedes para que saia a favor, aínda que sabemos que vai ser negativo; pouco imos facer porque o Partido Popular se emperra unha vez máis —e perdón pola palabra—, se ofusca unha vez máis en dicir que son municipalistas cando a realidade dista moito de ser iso.

Mire, eu teño a evolución do Fondo de Cooperación Local aquí 2001-2017, e esta táboa é presentada pola Fegamp, que non é presentada por min. E cando vostede me di que fago trampas, voulles explicar por que fago trampas. Voulle explicar onde está a trampa, se vostede considera que é unha trampa.

Mire, no 2017 a contía total do Fondo de Cooperación Local aquí, na Lei de orzamentos —quero dicir que non mo acabo de inventar—, eran 115.209.033 euros, ¿verdade que sí? ¿Si, verdade? Ben, deses son 112.972.806 de fondo base, e, ¿sabe por que comparo con iso? Porque os outros 2 millóns foron única e exclusivamente para os concellos fusionados. Polo tanto, non foron para o resto dos concellos.

Si, señora Prado, si, así mesmo é. *(Aplausos.)* O que pasa é que a vostedes lles custa traballo entender que é unha aposta polo municipalismo e que é unha aposta por todos os concellos e por todos os concellos galegos. De todas formas vostede está aquí, tamén me pode explicar cal foi o voto en contra, porque vostede creo que foi a precursora na Comisión 3ª cando se estaba adoptando e propoñendo un acordo ao que chegaron o presidente da FEMP e o ministro Montoro. Supoño que será porque o presidente da FEMP é o alcalde de Vigo, que é un alcalde socialista, Abel Caballero; supoño que será por iso, porque se non supoño que llelo explicará a todos os alcaldes e a todas as alcaldesas.

Mire, o que está claro é que cando gobernamos os socialistas buscamos igualdade absoluta de trato, ¡igualdade absoluta de trato!, e cando gobernan vostedes non é así, por moito que rían.

E mire, hoxe traemos unha PNL, entre outras cousas o que preguntamos é por que se a Xunta de Galicia no ano 2017 ten uns créditos iniciais que incrementa cuns créditos vixentes en máis de 351 millóns de euros, ¿por que deixa sen gastar 43.708.000 euros para os concellos galegos? Esa é a nosa pregunta e é o que está na exposición da nosa PNL.

Vostedes o que pasa é que unha cousa é o que din e outra moi distinta o que fan. Xa llo dixen desde o primeiro momento, e a vostede non lle gusta moito, señora Prado del Río, e é que vostedes sempre fan que fan para non facer nada; só fan no papel, pero logo a realidade dista moito.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso da sociedade galega aos contidos audiovisuais que distribúen as distintas plataformas en versión orixinal substituída en galego

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Voules ler algo, se mo permiten, se non tamén: «Eu asocio o galego con algo máis íntimo, porque eu sempre o falei na miña familia; entón, como que, cando falo galego, é cando quere dicirche alguén que estás como moi unido a el; sen embargo, o castelán era para falar co resto da xente. Entón, realmente, eu creo que como lingua para expresarse, ou sexa, é a miña opinión, vale, pero que realmente cando utilizamos, para min, o castelán é como que lle dou máis importancia, porque eu mañá voume a Madrid ou a Barcelona e non vou falar galego.»

«Yo cuando pienso en el gallego lo asocio a personas de tercera edad más que a adolescentes, y cuando lo escucho, pues suele ser muy cerrado. Entonces como que es propio de una determinada zona, y que no, el castellano es más, pues, para las ciudades.

Por ejemplo, tengo biología en gallego, yo no tengo ni idea; a mí me pones un examen y te lo voy a hacer en español, porque no tengo ganas de hacerlo en gallego, porque no me sé la mitad de los términos y porque voy a tener un montón de faltas de ortografía.

Y hay música en gallego que es muy buena, otra cosa es que a lo mejor tú haces una canción en gallego y, por lo general, pues como que solo va dirigida al público gallego. Sí, va a ser como más conocida entre el público gallego, y tú haces una canción en español y te puede oír una persona de Madrid, de Barcelona o de donde sea. Y es un poco, por lo que parece, que lo tengas como muy metido, que seas muy gallego hablante, pues, a no ser que sea por eso, vas a cantar en español, normalmente.»

«Eu no *WhatsApp* nunca uso o galego. E unha cousa que me interesa, ti, que, por exemplo, me dis que sempre, sempre, falas galego, se agora me puxeras a min un *WhatsApp*, ¿poríasmos en galego? En castellano, ¿e iso? ¡Non sei!, O *WhatsApp* sempre en castellano; agora, falar, olvídate.»

Estas reflexións están tiradas do informe publicado polo Consello da Cultura Galega, *Prácticas e actitudes lingüísticas da mocidade en Galicia*. Son conversas entre iguais desenvolvidas no ano

2017, persoas de entre dezaseis e dezoito anos, principalmente de Vigo, mais tamén de Viveiro. O informe reflicte como se recolle nas conclusións a pervivencia de estereotipos, a reprodución dun imaxinario que continúa a ver o galego como lingua do mundo rural e propia das persoas de idade avanzada. Representacións prexuzosas sobre o idioma que atribúen valores como a liberdade ou a utilidade só ao castelán.

O Consello tamén advirte da transmisión interxeracional como unha causa de desgaleguización, unha ruptura na transmisión do galego entre as distintas xeracións, que non é consecuencia só das decisións familiares —completa o estudo recente da Academia da Lingua Galega—, senón que procede de aspectos relacionados coa escasa ou nula presenza do galego na socialización secundaria, nomeadamente na escola, mais tamén nos medios de comunicación, entendidos nun sentido amplo.

E diante desta realidade preguntámonos que fai o Goberno do Partido Popular, e aquí hai dúas opcións, por haber hai dúas opcións: a primeira, poderían vostedes recoñecer a realidade, atender e tomar nota do que está a dicir a Academia, o Consello da Cultura ou mesmo o Consello de Europa; poderían atender, tamén, o que di o Bloque Nacionalista Galego, pero tampouco lles imos pedir semellante esforzo, senón que atendan as institucións oficiais —dúas delas estatutarias—, e cos datos que temos exercer a competencia, as obrigas legais que ten a Xunta e desenvolver unha política de normalización lingüística planificada, integral, estratéxica, continuada no tempo, debidamente orzada, dirixida a gañar espazos de uso, a garantir os dereitos lingüísticos, a promover o exercicio deses dereitos e a combater —sobre todo a combater— prexuízos, estereotipos como os que acabamos de escoitar.

Pero non, vostedes decidiron facer exactamente o contrario a iso, recortaron até a saciedade os orzamentos, o 73 % das partidas dirixidas á normalización de usos da lingua galega. Aprobaron un decreto para o ensino que directamente vulnera o Plan xeral de normalización lingüística, e non teñen avanzado, en absoluto, nos sectores que compoñen ese plan, no que hai centos de medidas, centos de medidas, para normalizar a lingua galega, para garantir a posibilidade de vivir plena e libremente en galego, e quen así o desexa, os que así o desexamos, que poidamos conquistar novas funcións sociais, máis espazos de uso, promover unha visión moderna e útil da lingua galega, cunha política que esfarele prexuízos, que reforce a estima colectiva deste país cara a unha nosa lingua, a de todos, aumentando, ademais, a demanda.

E para poder facer iso, para poder garantir os dereitos lingüísticos, para poder elixir ten que existir a posibilidade mesma de escolla, e iso a día de hoxe, en moitos aspectos, é ciencia ficción.

A iniciativa que defendemos hoxe desde o BNG é unha proposta de mínimos, de mínimos, minimísimos. É unha proposta que aínda sendo de mínimos, e estando recollida nalgúns aspectos no Plan xeral de normalización lingüística de hai catorce anos, o que pon en evidencia é a falta dunha política de normalización clara e planificada por parte do Goberno, accións concretas dirixidas a cumprir os obxectivos previstos nese plan de normalización, nun sector, alén do máis, de carácter absolutamente estratéxico, como son as industrias culturais e os medios de comunicación.

Propomos algo tan elemental como que a Xunta desenvolva as medidas necesarias para garantir o acceso a unha oferta ampla de subtítulos en lingua galega tanto de filmes cinematográficos como de series de televisión estranxeiras. Que se habilite a posibilidade de que persoas usuarias, salas de cine ou plataformas poidan acceder a eses produtos e que os dispoñibilicen para o seu consumo en versión orixinal subtitulada ao galego.

Hoxe mesmo está desenvolvéndose —e é unha casualidade curiosa e bonita— na Universidade de Santiago un congreso titulado «As linguas e o cinema. Indicadores para un programa de subtitulado». É algo que os gobernos vasco e catalán levan anos e anos desenvolvendo, a través das súas áreas de política lingüística, conscientes da importancia que ten para a normalización de linguas minorizadas —como a nosa— o consumo cultural na lingua propia, sexa a través da difusión e promoción da creación orixinaria en galego, ou a través da dobraxe e o subtitulado de producións punteiras, prestixiosas e actuais.

Entre 2014 e 2017 o Departamento de Cultura e Política Lingüística de Lakua, do Goberno vasco, puxo á disposición das persoas usuarias e dos axentes culturais os subtítulos de 279 películas e 225 capítulos de 24 series de televisión.

No ano 2016 Movistar+ subtitulou en catalán 230 filmes e 20 series de televisión. O pasado ano Netflix ofreceu por primeira vez 8 películas dobradas en catalán, sumándose a outros provedores que xa o viñan facendo, como Canal+, Yomvi, Filmin ou AppleTV.

Unha persoa euskaldún ou catalán falante pode acceder a contidos en versión orixinal subtitulada á súa lingua grazas ao traballo dos seus gobernos, aos acordos asinados coas plataformas e aos recursos económicos, técnicos e lingüísticos que a Administración facilitou para garantir un dereito fundamental para o conxunto da sociedade, escollan ou non esa opción nos seus menús. E fixérono sabedores de que estas plataformas e producións audiovisuais son un espazo necesario para contribuír á normalización de usos das súas linguas.

Game of Thrones, *House of Cards*, *Orange is the new black* ou *The Danish Girl* son producións que se poden visualizar en versión orixinal subtitulada ao euskera ou ao catalán, pero en galego non.

O que pedimos hoxe é vontade política, o único que pedimos é vontade política para que a nosa lingua gañe un espazo máis, un espazo ben simbólico e de prestixio, que situemos o galego ao carón do sueco, do francés, do portugués, do catalán e do español, e ademais ten o Goberno unha oportunidade de luxo para comezar a aplicar esta medida, se se quere, se hai vontade de acordo, nesa segunda edición do Conecta Fiction que terá lugar en Santiago de Compostela o vindeiro mes de xuño, e na que estarán representados representantes —valla a redundancia, ou na que estarán presentes— destas plataformas. Un bo espazo para lles trasladar o desexo e vontade deste país de que a nosa lingua poida ser unha opción máis nos seus menús.

Agardamos contar co apoio da Cámara. Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Señora Rodil, nós, por suposto, imos apoiar esta iniciativa, non podía ser doutra maneira, dado que presentamos exactamente a mesma petición a finais do ano 2017 na Comisión 4ª.

Eu desexo que vostede teña bastante máis éxito que tiven eu, porque a verdade é que o Partido Popular —cuns argumentos que non se sostían— dixo que non cando se lle pediu que tomara as medidas para facer algo que levan anos —como vostede dicía— facendo Cataluña ou o País Vasco.

Pois digamos que o voceiro do Partido Popular, naquel momento, dixo dende que poderían ofrecer apoio técnico —claro, ¡só faltaba!, que se se pide non ofreceran apoio técnico—, ou que non se podía dar diñeiro a empresas privadas, olvidando, seguramente, as cantidades importantes de diñeiro que van dirixidas a medios de comunicación tradicionais para fomentar o uso do galego, e que son empresas privadas, tan privadas como Netflix ou Movistar.

Ten vostede, tamén, toda a razón e nós levamos moito tempo —como vostede, por suposto— defendendo iso de que o galego ten que estar presente en todas as actividades, e cada vez isto é máis importante cara á mocidade, e, sobre todo, é máis importante porque o galego ten que estar unido ás novas tecnoloxías, ten que estar unido ás innovacións máis punteiras, non pode quedar relegado nalgúnhas actividades. Así o entenden Cataluña e o País Vasco, que levan xa dende 2014 facendo acordos de colaboración con Movistar+, antes Canal+, e agora, tamén, Netflix, como dicía vostede, cuns resultados francamente importantes, e nestes momentos todo o que se proxecta en Movistar+, no «Canal estrenos», segundo di a súa directora, ten subtítulos en catalán. Todo o que se proxecta nese canal de Movistar+ e tamén en series.

Claro, tamén en euskera, pero o que non se proxecta en absoluto con subtítulos é en galego. É a única lingua deste Estado que non ten presenza nestas plataformas audiovisuais.

Ben, podería dicirse ou poñerse o problema do prezo. O prezo é, francamente, pequeno; polos datos que eu teño para o País Vasco ten un custo entre 2014 e 2016 de 190.000 euros.

Realmente é pequeno, ademais tendo en consideración que todo o traballo que se fai neste caso co País vasco, de subtítulos, dos subtítulos, queda posteriormente en propiedade do Goberno do País vasco; é dicir, que despois por iso se poden facer esas plataformas —polo menos creo que se referiu a elas e na exposición de motivos si o fai— onde hai a posibilidade de acercarse tan só á película, aos filmes, pero tamén só ao subtítulo. É dicir, con isto levan moito avanzado, e ademais cun moi bo resultado, dito polos propios gobernos, que consideran que esta foi unha das medidas importantes para a normalización dos seus idiomas, das súas linguas: do catalán e do euskera.

Nada disto se fai dende o Goberno galego. A verdade é que xa é ata case un problema de orgullo, é dicir, case dá vergoña pensar que pode estar en Canal+ —que se poden ver os subtítulos— unha película novidosa en catalán e en euskera e non se pode ver en galego. ¿Por que non se pode ver? ¿Por que a nosa lingua non vale para esas consideracións? Non, simplemente porque o Goberno de Galicia non está polo labor de impulsar, digamos, medidas que poidan, realmente, beneficiar o noso idioma.

Motivos para non aceptar esta proposición non de lei non existen, consideráboo cando presentamos a nosa e sígoo considerando; espero, de verdade, que o Partido Popular dende ese momento sopesara de novo as cuestións e chegue a unha política do século XXI, e sobre todo a unha política realmente de impulso do noso idioma, cousa que lamentablemente non están a facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Vaia por diante que dende o Grupo Parlamentario de En Marea imos apoiar esta proposición non de lei, e ímola apoiar porque coincide, absolutamente, cunha das preocupacións que este grupo ten amosado en numerosas ocasións nesta Cámara, como é a dos dereitos lingüísticos, maltratados e postos en cuestión por este goberno, moitas máis veces do que debería.

Non nos cansaremos de dicilo, non podemos aceptar que en ocasións, como a semana pasada, o Día das letras, o Partido Popular pretenda sacar a bandeira da defensa do idioma cando foron os responsables —aínda que mellor sería dicir os irresponsables—, culpables, de sacar a adiante medidas como o decretazo, verdadeira arma lexislativa contra a nosa lingua.

Responsables tamén, como aquí se dixo unha e outra vez, de orzamentos minguantes e escasísimos, que é evidente que teñen efecto. Por iso pasa o que pasa, que o idioma perde falantes e a transmisión xeracional do noso idioma periga.

Son moitos os datos que alertan desta realidade, e é que se a poboación galega envellece rapidamente, o envellecemento —tal e como amosan os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística hai apenas quince días— é especialmente acusado entre as e os galegofalantes, debido á que a xente moza usa cada vez máis o castelán como lingua normal.

Deste xeito, entre 2003 e 2013 o número de falantes menores de trinta anos pasou de 340.000 a 192.000. Unha caída de máis do 44 %. Mentres que esa caída noutras franxas de idade, por exemplo de sesenta e cinco e nos maiores de sesenta e cinco anos, só descendeu nun 6,5 %. E de cincuenta anos a sesenta e cinco a redución foi do 9 %.

Consideramos especialmente relevante traer estes datos a colación nunha proposta que podería ter un maior efecto, precisamente, nesas franxas de idade máis novas, por seren, evidentemente, importantes consumidores de produtos audiovisuais, consumidores —de feito— moi maioritarios en plataformas dixitais, como as que aquí se citaron.

¿Que dúbida cabe, ademais, do potencial transformador que tería para a mocidade que o noso idioma fora idioma habitual para a transmisión de contidos audiovisuais, tanto culturais como lúdicos? Resulta indiscutible ese potencial, como indiscutible resulta que a marxe de mellora é enorme.

Como aquí se dixo, o idioma galego é o único dos oficiais no Estado que non está dispoñible nas plataformas de contidos dixitais, pero hai máis, se falamos —por exemplo— de programación infantil televisiva en galego, resulta que esta é practicamente testimonial de acordo co informe que aquí se mencionou da Mesa sobre a situación da lingua galega na programación televisiva infantil, resulta que só o 4,6 % da programación infantil nos días laborais se emite en galego, unha porcentaxe que cae ata o 2,7 % nas fins de semana. Fíxense, polo tanto, se non hai marxe e marxe para traballar.

E que dicir da dobraxe, imprescindible para achegar contidos estranxeiros no noso idioma e que non fai máis que esmorecer, como esmorecen os orzamentos públicos que se destinan cada ano a este extremo por medio da CRTVG.

Se en 2007 tiñamos 4,7 millóns de euros para a dobraxe en galego, hoxe temos soamente 1,4 millóns, dos que apenas se gasta o 30 %. Logo non hai que sorprenderse de que non haxa contidos dobrados. Unha situación que consideramos inaceptable, que hai moito tempo que veñen denunciando dende a Asociación de Profesionais de Dobraxa en Galego e que require un cambio total de actitude por parte deste goberno. E é que non investir en dobraxe supón, tamén, menosprezar tamén unha ferramenta normalizadora de primeira orde, como poden ser —e deberían de ser— as películas, as series ou demais programas culturais de entretemento que consome a mocidade.

Non se trata, dende logo, dunha petición extraordinaria, formaba parte dese documento maltratado e esquecido como foi o Plan normalizador de 2004, e vai totalmente en consonancia co que se fai noutros territorios.

Por iso, como dicía, dende En Marea votaremos si, e agardamos que esta proposta poida contar co consenso de toda a Cámara; sería unha moi boa nova para o idioma e sería, de verdade, apostar por avanzar na normalización do mesmo.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boas tardes.

A vida hai dous xeitos de afrontala: dende a realidade, vendo os claroscuros, valorando as cousas positivas e poñendo o aceno naquilo que se pode mellorar, ou dende o negativismo absoluto, pechando as fiestras a todo aquilo que poida ser algo positivo.

Ben, esta é a actitude que parece que teñen os señores da oposición, as señoras e señores da oposición. ¡Alá vostedes, Galicia non é así, eh! Galicia afronta a realidade e mira para adiante.

Miren, fronte á versión catastrofista sobre a saúde do galego que aquí se puxo de manifesto, eu simplemente vou coller datos, e non van ser do Partido Popular, non, van ser da propia Real Academia Galega, que indica textualmente: «*A lingua ten unha vitalidade incuestionable, con 1,3 millóns de falantes.*». E os datos do INE —que parece que a señora Chao os mirou como lle interesaba— din que o galego pode ser utilizado polo 89 % da poboación galega fronte ao 85 % do catalán e ao 55 % do euskera. É dicir, a lingua galega é utilizada, pode ser utilizada, por máis persoas habitantes de Galicia que o catalán polos cataláns, e moito máis —case o dobre— que os do País Vasco poden usar o euskera.

Ten razón, ten razón señora Rodil, cando di vostede que esta é unha proposta de mínimos, porque se lles fixeramos caso a vostedes, con eses plans tan maravillosos que seica están a poñer nesas comunidades autónomas, os datos para o galego serían moito peores.

Miren —señora Rodil, señora Burgo, señora Chao—, ¿apoio económico ás multinacionais ou defensa, promoción e apoio ao audiovisual galego e en galego? (*Murmurios.*) Esas son as opcións. A nosa está clara: apoio ao audiovisual galego e, a poder ser, en galego. (*Aplausos.*)

Un audiovisual, o galego, que ten 2.500 emprego directos; por tanto, dinamiza a nosa economía pero, ao mesmo tempo, dinamiza a nosa lingua, a nosa cultura e o noso país. Un sector que ten como plató Galicia e como lingua, nunha boa parte dos casos, o galego. (*Murmurios.*) E é un magnífico instrumento que temos aquí, que xa o temos, e do que nos podemos dotar para avanzar no mercado no Plan xeral de normalización lingüística e tamén no que di a Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual. Esa é a nosa aposta, e non encher as arcas das multinacionais americanas. Se vostedes queren iso, alá vostedes, os resultados xa se viron e xa se ven alá onde están optando por estas políticas.

Da saúde do cinema galego creo que non lles teño que falar, vostedes mesmos xa o saben. Nas carteleiras de todo o mundo hai películas galegas, películas de versión orixinal en galego, esa é a nosa aposta e ese é o apoio da Xunta. E dende o Grupo Popular queremos que a Xunta apoie o noso sector e apoie o sector que fai cinema en galego.

De todas as axudas que a Xunta ten para o cinema, sempre se puntúan con máis puntuación —valla a redundancia— e se lles dá máis intensidade de axuda e máis cantidade total se as películas son en galego. E isto xa tivo os seus froitos en 2016, de 17 películas que foron subvencionadas, 9 en versión orixinal en galego; en 2017, de 12 películas subvencionadas, 5 en versión orixinal en galego. Iso a maiores de todas aquelas series, todos aqueles documentais e todos aqueles programas culturais que subvenciona a Xunta de Galicia. (*Murmurios.*)

Un sector, o cinema galego, que está presente en todos os festivais, que gana premios en todo o mundo e ao que nosoutros queremos seguir apoiando. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E da importancia que este cinema ten, non hai máis que ver o catálogo *Films from Galicia 2018*, que fixo Agadic, e no que se nos di que hai 43 novos traballos de cine e televisión que estamos exportando a todo o mundo. Un apoio ao que se xunta o que fai o Igape e que, en conxunto de todas as axudas que ten o cinema galego dende a Xunta de Galicia, fai que a nosa comunidade estea entre as primeiras que apoia este sector. Iso ademais do que fai a Televisión de Galicia —que aquí se falaba diso—, sete veces máis de investimento para a produción que para a compra de audiovisual de produción allea. Sete veces máis para a propia, ¿iso non é apoio ao galego? ¿Vostedes cren que iso non é apoio ao galego? Nós cremos que si.

Mire, o galego estúdase en corenta universidades de todo o mundo. O galego estúdase en colexios de Europa e colexios de América. O galego estúdase en todos os centros galegos. Eses son os nosos focos de irradiación, eses son os verdadeiros promotores do galego. E o cine ten que axudarnos, temos que utilizalo, ¡témolo aquí!, temos un sector pioneiro, témolo que axudar para que use a nosa lingua e a través da nosa lingua, en versión orixinal galega, chegue a todo o mundo. Chegue a eses falantes de fóra de Galicia que cada vez con maior interese se interesan polo galego, e sirva tamén para os de aquí. ¡Si señor, para os de aquí! Para os mozos e para os maiores.

Por certo, vostedes queren —e nós tamén— que os mozos utilicen cada vez máis o galego, que ademais de coñecelo o utilicen en todos os aspectos da súa vida. Ben, a Xunta traerá aquí proximamente o Plan para a mocidade do ano 2018-2022, esperamos contar co seu apoio. (*Murmurios.*) Xa que parece que non lles interesa o audiovisual, a ver se si lles interesan outras medidas que poidan axudar a que o galego sexa cada vez máis utilizado, máis empregado e, se cabe, aínda máis coñecido. (*Murmurios.*) A pesar de que xa dicimos —e insisto— ... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...que é o máis coñecido de todas as comunidades autónomas con lingua propia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

E grazas tamén ao Partido Socialista e ao Grupo de En Marea polo apoio.

Eu vou ler literalmente o que pon a iniciativa, porque eu creo que a señora Arias nin sequera leu a proposta, a parte resolutiva: «O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para garantir unha oferta ampla de subtítulos en lingua galega ao que poder acceder persoas a título individual, entidades ou salas de cinema.».

Punto 2: «Dirixirse ás principais canles e provedores, especialmente Netflix e Mosvistar+, para que incorporen entre a súa oferta a versión orixinal subtitulada en galego.» E esta señora sácase da manga que eu veño aquí a que se inchen as empresas privadas de diñeiro público. *(Aplausos.)*

Eu, de verdade... Decía a compañeira Noa Presas —e vouno reproducir porque ten toda a razón do mundo—: «é imposible facer nada con vostedes». ¡É imposible! Eu non sei se é un sectarismo que os cega até o punto de entrar nunha contradición incluso co seu propio partido —e agora explicarei por que— ou se están instalados nun mundo paralelo, nun mundo da piruleta e o unicornio, que é non querer ver a realidade.

A min acúsaseme de catastrofista, a min, ao Consello da Cultura, á Academia, ao sector do libro, ao sector audiovisual, que o levan recortando e recortando nos orzamentos dende que entraron pola porta no ano 2009. *(Aplausos.)* E nin sequera se pon vermella aquí arriba, señora Arias. *(Aplausos.)* ¿Sabe cantos fondos destina a Xunta de Galiza no ano 2018 á produción audiovisual en galego? 148.000 euros. ¿Saben canto destina a Xunta de Galiza a promocionar grupos estranxeiros que teñen moito apoio institucional alí nos seus países? 3 millóns de euros a dedo, e aínda estamos esperando *(Aplausos.)* a que se nos remita a documentación solicitada. *(Aplausos.)*

Vostedes están en contra do Plan xeral de normalización lingüística e de maneira reiterada, desde o ano 2009 —vímolo denunciando, tamén—, vostedes decidiron non poñerse de canto a el, darlle as costas directamente e ir en contra do que dispón. Eu vou ler o que pon o Plan xeral de normalización lingüística, porque parece que a señora Arias tampouco o leu.

Estamos na área 2, industrias culturais, medidas 3.2.1: «Promover a dobraxe ao galego polo menos de 10 filmes anuais dos que presenten maiores expectativas comerciais. Promover cinefóruns en galego nos centros educativos. Elaborar catálogos de contidos e produtos audiovisuais que poidan ser disponibilizados en lingua galega». ¿Que traemos nós? Unha medida de mínimos, de mínimos, minimísimos, para intentar abrir un espazo máis ou menos novo no que é a política lingüística de normalización do galego do Goberno da Xunta de Galiza.

E eu digo que vostedes, á parte do cutre, de verdade, que é a resposta que se nos acaba de dar aquí, non houbo nin un só argumento, ningunha soa razón —nin política, nin lingüística, nin de ningún tipo— para dicir por que o galego ten que seguir sendo a única lingua oficial no territorio do Estado español á que non se poida acceder en plataformas dixitais. *(Aplausos.)* ¡Nin un só argumento! *(Aplausos.)*

Pero é que ese sectarismo absoluto —porque isto todo é porque o trae o BNG, ou no seu momento o Partido Socialista— fainos entrar nunha contradición con vostedes mesmos. Voulle

ler ese plan xeral para normalizar o galego entre a mocidade, levamos esperando por el desde febreiro de 2016, está ben que nos diga que vai vir dentro dun mes a esta Cámara. E eu voulle poñer as medidas que pon isto —ten o carimbo da Xunta de Galiza, industrias culturais, produtos, non actividades—, pon: «Establecer os acordos precisos para dispoñer dunha oferta abonda e competitiva de produtos culturais e audiovisuais en galego traducidos. Prestar atención aos produtos de grande éxito internacional. Establecer acordos coas canles de televisión e de radio locais para incrementar o uso do galego nos programas destinados á mocidade.»

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ¡Papel mollado, absolutamente!

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ¡Papel mollado e puro sectarismo! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ¡É unha vergoña! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: É a súa obriga legal. *(Aplausos.)*

Xa vemos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Xa vemos por que camiño nos queren levar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*


O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Antes de suspender a sesión ata mañá ás dez da mañá, a Presidencia quérelles agradecer a todos os grupos a facilidade que prestaron para poder componden unha orde do día que nos permitira hoxe despedir o noso compañeiro.

Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás cinco e corenta e dous minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25